




azulejos ROJAS

PRESENTA:

MAPI STEEL®

El Todo Terreno



MAPI - STEEL: El gres acerado que, por su BELLEZA y DUREZA, le ofrece una amplia gama de posibilidades: parques y jardines, paseos, aceras, polideportivos, garages, rampas, duchas, aseos, industrias en general etc.

CERAMICA

MAPISA SA

REVESTIMIENTOS CERAMICOS Y GRES


CARBALLO
CAMINO NUEVO, 13
TELEFONO 70 18 06


LA CORUÑA
AVDA. DE NAVARRA, 5
TELEFONO 20 12 86

LA CORUÑA
POLIGONO MESOIRO
TELS. 29 40 94 - 28 88 54

FERROL
NUEVA DE CARANZA, S/N
TELEFONO 31 67 73

Edificando Galicia





DISTRIBUIDORES

LA CORUÑA y LUGO

talleres
Arteijo S.L.
maquinaria y servicios

AUSA PIQUERSA TECNOCAR DITER

Telf. (981) 60 09 19 - 4 líneas
Fax (981) 60 23 08

Polígono Ind. de Sabón
15142 ARTEIXO (La Coruña)



MINICARGADORA

AUSA

PARA GALICIA

ORENSE y PONTEVEDRA

BAYGAR, S.L.

Zona Vilaboa, s/n. - Apdo. 105

Telfs. (986) 50 31 61 - 50 31 67


Fax 50 23 94

36600 VILLAGARCIA DE AROSA

Filomena Dato, 11

Telfs. (988) 23 45 51 - 24 84 04

32005 ORENSE



MANIPULADOR TELESCOPICO

MINIEXCAVADORA



IMPERCOR-Q



ELASTINOR-Q. Revestimiento elástico impermeabilizante.



DESINOR-Q. Energico limpiador de fachadas.



DESMOL-Q-OIL.
Desencofrante instantáneo
soluble en gas-oil o agua.

ELASTINOR-F
impermeable y dec




norquim

Técnicas e




obre teja.



IMPERNOR-Q.
Impermeabilizante invisible
contra la lluvia y humedad.

Pintura elástica
decorativa de fachadas.



PLATINOR-Q. Concentrado líquido para mortero y hormigón
para obtener mayor plasticidad.



HIDRO-Q. Hidrófugo e impermeabilizante para hormigón
y mortero.



mia, s.a.

Vanguardia

au pied du mur

Un nuevo estilo en decoración

LA IDEA

Fabricación de ornamentos estructurales, en el campo de la tecnología de los plásticos reforzados.

LA TECNICA

Este procedimiento de reproducción puede aplicarse sobre una gran variedad de muros, así como sobre una amplia gama de elementos estructurales:




- **muros:**
ladrillos con guijarros redondeados, ladrillos, guijarros redondeados y opus spicatum, piedras secas, piedras y hormigón, pizarra, granito, empizarrados.
- **elementos estructurales:**
pilares, arcos, bóvedas, capiteles, cornisas, molduras, bancadas y dinteles.

LA INNOVACION

- Un producto ligero que sólo pesa 8 Kg/m² y que tiene la solidez de los estratificados.
 - Un producto enteramente impermeable y totalmente ininflamable.
 - Un producto con una alta resistencia a los choques térmicos e inalterable a los rayos U.V.
 - Un producto al que no afecta la erosión de los elementos.
 - Un producto reparable, gracias a un sistema de registro de colores y al archivo de las matrices.
 - Un producto con una perfecta ocultación de las juntas de montaje.
 - Un producto ideal para el completo aislamiento interior o exterior.
- Además este producto puede servir de encofrado de hormigón.

EL ESTILO

- Un material nuevo y un nuevo estilo en decoración.
- Un producto a la medida, adaptado por el fabricante a las condiciones específicas de cada cliente.
- Una perfecta ilusión mimética de viejos muros de piedra.



AU PIED DU MUR GALICIA, S. L

Rúa Mendel, n.º 8 Bajos - Tel. (981) 63 70 30 - Fax (981) 63 74 51 - 15172 PERILLO - Oleiros (La Coruña)



BEGANO, S. A.

Concesionario de *Coca-Cola*

AVDA. ALFONSO MOLINA, S/N • TLFS. (981) 28 23 77 - 28 25 77 • 15008 LA CORUÑA

OBRADOIRO¹
REVISTA DE ARQUITECTURA
17

EDITORIAL

Dedicarlle este número de OBRADOIRO à década dos sesenta, e máis concretamente a arquitectos que comezaron a exercer-la profesión por eses anos, implica un certo risco, se non queremos caer nun estudio simplemente histórico. Aporta-las teorías que aquí atoparon ó reincorporarse a Galicia e que posiblemente se resumían nas discutibles aportacións de Manuel Gómez Román; divulga-las obras máis interesantes daqueles arquitectos que, formados na etapa da República, traballaron por Galicia adiante, como foi o caso de Pedro Alonso, en Vigo, a quen se homenaxea con ocasión do seu pasamento; descubri-la paixase arquitectónica que por aqueles anos se estaba a inventar, sobre todo na ardua construción de grandes e pequenos equipamentos e encoros, cáseque todos eles con proxectos de arquitectos residentes en Madrid (Miguel Fisac, Fernando Moreno Barberá, Juan Castañón de Mena, J. López Zanón, A. de la Sota, etc.) entre outros; e finalmente, relembra-las aportacións teóricas e realizadas dos arquitectos do Movemento Moderno, a través dos CIAM e TEAM X, coa súa influencia nalgunha das obras de José Corrales; todo este material, pretende esbozar un fondo sobre do que trataremos de perfila-las dúas figuras pioneiras da arquitectura moderna na Galicia da postguerra.

O contido non será soamente de información cronolóxica, senón e sobre todo, de aproximación ó estudio da obra de dous importantes arquitectos galegos, A. Fernández-Albalat (t. 1956) e X. Bar Bóo (t. 1957), xubilados recentemente da docencia na Escola Superior de Arquitectura de Galicia, pero non, afortunadamente, da súa actividade de arquitectos.

Albalat e Bar van se-la chave da modernización da arquitectura na Galicia da postguerra, sumida nas décadas dos corenta e cincuenta nunha profunda crise, en absoluto allea ó estado de postración dunha sociedade esgazada polo drama da guerra civil.

Albalat e Bar aportarán ó panorama arquitectónico galego, con sensibilidades ben diferentes, a utilización de NOVAS TECNOLOXÍAS (estructuras metálicas, mallas espaciais, muros cortina, elementos prefabricados,...) sen renunciar ó uso dos materiais tradicionais, empregados dunha nova maneira. O seu labor profesional enmarcarase no desenvolvemento de NOVOS PROGRAMAS (grandes equipamentos: hospitais, igrexas, facultades, edificios industriais) para unha sociedade que se estaba urbanizando a marchas forzadas. Nas súas obras aparecerán por primeira vez en Galicia NOVOS CÓDIGOS FORMAIS con claras referencias ás vangardas do seu tempo (Neutra, Corbu, Mies, Wright, Aalto, Stirling,...).

Pero ademais destas consideracións, a obra de Albalat e Bar, xunto coa de A. de la Sota, R. Vázquez Molezún, J. López Zanón, etc., aportan unha NOVA CONCEPCIÓN DA ARQUITECTURA, unha nova maneira de «Ve-la Arquitectura» en Galicia, na que o **espacio** asome o protagonismo da creación arquitectónica.

A transparencia, a intensa relación entre os espazos interior e exterior, a adaptación ó lugar, a continuidade dos espazos,... superará a lectura epidérmica na que estaba encadeada a arquitectura galega de postguerra.


Pero, alén diso, nunhas obras tan dilatadas, tan ricas e suxerentes, delinéanse, en ámbolos dous casos, uns «territorios» arquitectónicos especialmente queridos para eles, onde o deseño sobrepasa o simple requirimento funcional e presupostario que a sociedade esixe, onde o creador se refuxia «creando», **un auténtico xardín secreto**, no que o arquitecto deseña o que el desexa para as súas obras, a súa cidade, ou o seu país. Onde se fai proxecto a utopía.

Este verdadeiro «xardín secreto» é no caso de A. Albalat as diferentes «utopías» que fixo sen cesar, para a CIDADE DAS RÍAS, AS BRAÑAS DE SADA, BASTIAGUEIRO, A CIDADE DA CORUÑA, CONSERVATORIO, etc., e das que tratamos de amosar algunha concreta realización, conectada coa idea xeral, a xeito de melodía extraída da complexa sinfonía.

No caso de X. Bar Bóo, coidamos que o seu «xardín secreto» xira arredor da súa eterna preocupación por acadar-la perfecta impermeabilización da «casa», e que o foi conseguindo en sucesivas propostas, amodiño, cun continuado traballo coas «pastas» de granito en fachada, desenvolvido cun «obsesivo» traballo cos detalles constructivos e complementado cunha preocupación social chea de apreciacións críticas a un sistema que non o deixou «expresarse».

¡Que grandes aprendizaxes, e por suposto non simplemente estéticas, podemos extraer deses dous paradigmas «xardíns secretos», e que dúas importantes «testemuñas» nos deixan, para beneficio dunha profesión e dun país!

En cumprimento dos artigos 21 e 24 da Lei de Prensa e Imprenta, o Consello de Redacción de OBRADOIRO pon en coñecemento dos lectores os seguintes datos:

**Director:**

Xosé Manuel Rey Pichel
Decano do C.O.A.G.

Consello de Redacción:

Xosé Luis Martínez Suárez
Xan Casabella López
Plácido Lizancos Mora
Xan Manuel Doce Porto

Redacción gráfica:

Xurxo S. Lobato/Voz Noticias

Grafismo:

Xan Casabella López
Xan Manuel Doce Porto

Secretaría de Redacción:

Gloria Rodríguez Prada

Revisión Lingüística:

Plácido Lizancos Santos
María dos Anxos Martínez Suárez
Dolores Gómez Cés

Publicidade:

Viña & Saavedra
Teléfonos 981.29.76.24/21.31.66
A CORUÑA

Redacción:

Rúa de Xoana de Vega, 10-bis/10.º
15.003 A CORUÑA
Teléfono 981.22.87.94/29.54.59
Telefax 982.40.42.10

Propiedade:

Colexio de Arquitectos de Galicia
Casa da Conga
Praza da Quintana, s/n
15.704 SANTIAGO
Teléfono 981.58.01.00
Telefax 981.56.16.55/8

Fotocomposición e impresión:

VENUS, artes gráficas, s. a.
Polígono de Pocomaco. Parcela E-37
15190 A CORUÑA

I.S.S.N.: 0211-6065

Dep. Legal: C-1.219/83

Setembro, 1990

Os criterios expostos nos diversos artigos deste número son da exclusiva responsabilidade dos seus autores e non reflexan necesariamente os que poida te-la redacción da Revista. OBRADOIRO autoriza a reprodución total ou parcial dos seus textos e orixinais gráficos sempre e cando se cite a súa procedencia e se lle envíe un exemplar da publicación onde apareza a reprodución. O Consello de Redacción resérvase o dereito de publicación de calquera orixinal solicitado.

Precio do exemplar:

1.500 pts / 2.200 escudos (IVE incluído).

Portada: Xulgados da Coruña

Foto: Xurxo Lobato

ÍNDICE

OBRADOIRO 17

Revista de Arquitectura
Colexio de Arquitectos de Galicia

Editorial	2
Índice	3
Novas	4
Concursos	7
Reseña de arquitectura	13
O arquitecto Manuel Gómez Román Xaime Garrido Rodríguez	18
Lembranza do arquitecto Pedro Alonso († abril 1990) M. Curty	22
Fernando Moreno Barberá. • Escola de Mestría	25
• Escola de Maxisterio	27
Miguel Fisac • Igrexa de Santa Cruz	28
• Edificio para o Colexio Santa María do Mar	32
• C.S.I.C.	33
A Universidade Laboral da Coruña no contexto das UU.LL. Xan Casabella López	34
Universidade Laboral da Coruña José López Zanón. Luis Laorga Gutiérrez	36
Edificio da Subestación Encoro de Belesar Juan Castañón de Mena	48
A Vivenda do Movemento Moderno Manuel de la Iglesia	52
Andrés Fernández-Albalat Lois. Arquitecto • A Arquitectura de Fernández-Albalat Miguel González Garcés (†)	60
• Edificio Fábrica Coca Cola	66
• Edificio de Servicios da Caixa Galicia	72
• Ampliación do Edificio de Servicios da Caixa Galicia.	78
Xosé Bar Bóo. Arquitecto	94
• Reflexións sobre a construción con pedra natural Xosé Bar Bóo	95
• Edificio de Xulgados na Coruña	104
• Cadeira X.A.C.	119
• Diferentes deseños de móbéis	120
Premios COAG de Arquitectura 1989 • Accésit: Ordeación do entorno da igrexa de Meira Santiago Catalán Tobía	122
• 1.º Premio: Casas para a familia Domínguez Iago Seara Morales. Alfredo Freixedo Alemparte.	123
Central Telefónica de Riotinto (ampliación) José Gigante	126
Capela fúnebre. Cemiterio de San Clemente João Álvaro Rocha	130
Hotel en Sanxenxo César Jiménez. Antonio Dávila. Luis Meijide	136
Panorama da Arquitectura asturiana José Ramón Alonso Pereiro	140
A Praza da Estación de Vigo Felipe Peña Pereda	146
Apuntamentos varios en verbo das orixes históricas da Francmasonería especulativa ou moderna Alberto Valín	148
Traducción castelá	150



ENTREGA DA MEDALLA CASTELAO Ó ARQUITECTO A. DE LA SOTA

O arquitecto Alejandro de la Sota, recibíu o pasado 29 de Xuño de 1990, a proposta do Consello de Cultura Galega, a «Medalla Castelao». O premio recolleuno o seu fillo Daniel de la Sota de mans de Manuel Fraga Iribarne, quen di-xo que «é un dos grandes da nosa Galicia no século XX» e un « pilar básico da arquitectura galega e universal ».


Paralelamente realizáronse en Santiago dúas grandes exposicións sobre a obra deste arquitecto pontevedrés, acompañadas dun libro de Edicións Pronaos (no que colaborou o Consello de Cultura Galega) e dun catálogo sobre debuxos e acuarelas, editado conxuntamente pola Consellería de Cultura, Consello de Cultura Galega e COAG. Unha interesante conferencia de William Curtri sobre a obra de De la Sota, pero centrada fundamentalmente no Goberno Civil de Tarragona e Colexio Maravillas, pecharon os actos de Santiago.

No primeiro trimestre do curso as exposicións estarán na Escola de Arquitectura da Coruña, onde se celebrarán unhas xornadas dedicadas a A. de la Sota.

Unha das exposicións irá posteriormente ó Museo de Arte Contemporáneo de Nova Iorque, da man de Kenneth Krampton.



PLANTA GENERAL CON LAS CURVAS DE NIVEL DEL TERRENO ACTUAL.



XORNADAS PARA DEBATE: O BARRIO DA MAGDALENA. FERROL INTERVENCIÓN EN CASCOS HISTÓRICOS

Con data de 13, 14, 15 de xuño celebráronse en Ferrol, organizadas polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Subdelegación de Ferrol, unhas xornadas para debate sobre o tema: «O Barrio da Magdalena - A intervención en cascos históricos».

Simultaneáronse as análises pomenorizadas sobre o barrio da Ilustración ferrolá, con outras experiencias nacionais moi desenvolvidas tanto a nivel de planeamento especial como de intervención arquitectónica. E quedou como moi patentizada a necesidade e urxencia de tratamentos efectivos históricos galegos, a prol dun patrimonio urbanístico e arquitectónico en progresivo deterioro.

Trabállase neste momento, dado o interese suscitado polas xornadas, na súa publicación e distribución do material ideográfico das mesmas.

Apertura

D. José Manuel Rey Pichel

Ponente

D. Alfredo Vigo Trasancos

Título da ponencia

«Orígenes y singularidad de un barrio histórico ferrolano: La Magdalena y La Ilustración»

Ponentes

D. José Manuel Vera

D. Fernando Domínguez Moliner

Título da ponencia

«La rehabilitación del casco antiguo de Cádiz: Cádiz izando velas»

Mesa redonda

D. Alfredo Vigo Trasancos

D. José Manuel Vera

D. Fernando Domínguez Moliner

D. Javier Porta

Ponente

D. Francisco Pol

Título da ponencia

«El proyecto de la rehabilitación urbana en ciudades medias: Las experiencias de Gijón y Oviedo»

Mesa redonda

D. Salvador Tarragó Cid

D. Francisco Pol

D. Miguel Maristany Morado

Ponente

D. Bernardo Ynzenga Acha

Título da ponencia

«Los cascos históricos: una perspectiva actual»

Ponente

D. Manuel de Solà-Morales

Título da ponencia

«Tres experiencias de intervención en un casco histórico»

Mesa redonda


D. Bernardo Ynzenga Acha


D. Francisco Pol

D. José López Zanón

F. José González-Cebrián Tello

Clausura





Proxecto
de
Mantiñán
Soler.

O STAND DO COAG EN «FECIGA-90»

Miguel Silva Suárez
Comisario do COAG en «Feciga-90»

Por primeira vez o COAG decidiu participar na Feira da Construción e o Interiorismo de Galicia, que vai xa pola súa cuarta edición. Engádesse así o Colexio de Arquitectos a un feixe de Colexios Profesionais que dende a creación oficial no ano 1984 de único certame monográfico galego no eido da edificación, viñan xa amosando a súa presenza de xeito permanente cada dous anos, cara un público tanto de carácter xeral, como ó máis especificamente interesado no tema.


A implantación dun novo expositor de tipo institucional —cuns medios e obxectivos ben diferentes ós das empresas comerciais— vén de coincidir cunha evidente consolidación e, pódese dicir que xa tamén madurez, da antedita Feira, logo dunha incerta andaina das tres edicións anteriores ó longo de seis anos, que, ó cabo levaron a unha actualidade de importante participación, variedade na concurrencia, calidade e interese, e tamén a conseguinte e lóxica repercusión nos medios profesionais do noso país, dende logo coas inevitables chatas de organización que sempre se poden pór a un evento desta clase.

Así pois, o espazo que lle correspondeu ó Colexio de Arquitectos —de vinte metros cadrado— tiña que representar unha dobre función: xunto a tradicional de exposición e venda das propias publicacións, hoxe en día xa bastante numerosas, función, por outra banda común deica certo punto coa actividade de «cultura-comercio» específica doutros stands das varias empresas editoriais que concorreron á Mostra, tiña tamén que expresar un claro contido simbólico, que debería de se manifestar a través da «imaxe» ou «mensaxe» a comunicar e transmitir ós visitantes.

Penso eu que o proxecto de Mantiñán Soler respondeu axeitadamente ós requerementos que se están a expresar. Dentro dos usuais condicionantes do encargo arquitectónico, prantexouse o novo stand —un dos poucos concretamente proxectados para a Feira, xa que a meirande parte deles foron estruturas alleas alugadas por unha empresa comercial madrileña—, de xeito que o espazo do mesmo e a moblaxe especialmente deseñada, contribuíran coordinadamente a resolver ambas as dúas necesidades: a mera de funcionalidade expositora das publicacións colexiais, e a de representación e comunicación —de nada menos!— o facer profesional dos arquitectos galegos.

O resultado da integración da grande diversidade dos materiais empregados na construción e amoblamento —a madeira de piñeiro do país na estrutura e tarima, taboleiros de aglomerado chapados en faia, madeira maciza no «expositor-escad»; os metais: aceiro laminado en perfís pintados suliñando as xuntas verticais entre os taboleiros e nos rodapés inferiores; chapas de cobre no parámetro do fondo do stand, o aceiro resistente á corrosión no chanzo de acceso á tarima; a pedra de grán rosa porriño nas patas da táboa e o vidro sobre as catro pedras, e, para rematar, as teas do teito a xeito de difusoras tensadas das luminarias que rematan o espazo por enriba—, foi sen dúbida un resultado de unha moi boa armonización das variadas texturas, cores e calidades que se uniron nun conxunto con predominio das superficies crara e lisas, sutilmente contrastadas cos tons máis escuros dos elementos metálicos, xa pintados de gris naval, xa con tratamento oxidante que lle confire o seu particular aspecto ó cobre e ó aceiro «Cortén».






En resumo, na miña opinión, unha obra ben concebida e axeitadamente rematada, limpa e expresiva dun xeito actual de quefacer arquitectónico, que non esqueceu os materiais tradicionais e empregounos como contrapunto dos de feitura industrial, acadando así ó remate un espazo rico de contido e cheo de suxerencias que levou as xustas gabanzas dos visitantes a Feira.



Juan Baustista Pérez Valcárel
Arquitecto director


Manuel J. Freire Tellado
Arquitecto proxectisa


Emilio Martín Gutiérrez
Arquitecto colaborador



- 1. EXPOSICIONES
- 2. BAR-COMEDOR
- 3. ESTANQUE
- 4. ASESOS
- 5. COCINAS
- 6. ALMACEN
- 7. RESIDUOS
- 8. CUADROS DE DISTRIBUCION
- 9. PANELES DE CONTROL
- 10. CENTRO DE TRANSFORMACION
- 11. GRUPO ELECTROGENO
- 12. MAQUINARIA

- 1. Alzado Sur
- 2. Alzado Norte
- 3. Planta O
- 4. Sección





CONCURSO DE IDEAS PAVILLÓN GALEGO DA EXPO'92 DE SEVILLA XUNIO 89

1.º Premio: «EX AEQUO»

Lema: «OLLADAL»


Autor: Mario Francesco di Felice Vázquez
Estudiante de Arquitectura


MEMORIA

Se percorrese o espacio dunha ou outra maneira ceais alguén se preguntase a horizontalidade, e despois pensaría que se todo fose movemento habería tamén pequenos movementos e mais algo incerto da luz... Luz coa que ando a pensar no símbolo; cando se fai complexo non pode ser moi lúcido, porque todo e nada tócanse doadamente; e porque o símbolo quere sempre amosar todo-los seus pequenos trasuntos.



PLANTA BAIXO PLANOS

1. Auga
2. Rampa
3. Aseo
4. Dirección, organización
5. Xuntanzas
6. Peche lixeiro e aberto (lamas)






CORTE A




CORTE B

PLANTA PLANOS INCLINADOS

- 1. Acceso
- 2. Planos inclinados (subestructura metálica)
- 3. Rampas (chapa)
- 4. Proyección - conferencias
- 5. Auga





1.º Premio: «EX AEQUO»

Lema: «ATLÁNTICA»


Autor: Xosé Manuel Casabella López

INTRODUCCIÓN

A proposta que se presenta baixo o lema ATLÁNTICA pretende dar unha imaxe da Galicia actual para mellor representar-la nosa situación nos diversos campos da Arte e da Cultura do noso tempo que poida identificarnos co momento tan esperanzador no que nos atopamos, non sómente no eido económico e político senón tamén no científico, industrial e tecnolóxico.


Así pois o Pavillón que se propón está en liña co desenvolvemento que a nosa cultura acadou recentemente, situándose nun lugar destacado xunto a outros da Península, renunciando expresamente a calquera imaxe mimética e esforzándose en conquistar novas formas surxidas dende o presente pero vinculadas, dalgunha maneira, co pasado arquitectónico tan esplendoroso de épocas pretéritas.



Non se nos escapa que o éxito no Pavillón Galego non dependerá, exclusivamente, do propio edificio que se constrúa, senón que quedará pendente a selección do material e forma de espoñelo, que deberá cuidarse extremadamente desde o primeiro momento e para o que se deberá contar con expertos nos diferentes campos das diferentes producións.



PLANTA SOTO


1. Saa de exposicións
2. Saa principal
3. Aseos
4. Ascensor





PLANTA BAIXA

- 1. Súa de exposicións
- 2. Oco sobre a súa
- 3. Aseos
- 4. Ascensor
- 5. Vestíbulo
- 6. Entrada principal
- 7. Entrada
- 8. Almacén
- 9. Auditorio ó aire libre






CONCURSOS


ACCÉSIT

Lema: «ORAVAL»

Autor: José M. Asorey Brandariz
Estudiante de Arquitectura




ALZADO 1/400



PLANTA 2ª/3ª 1/400

PLANTAS 2-3





LEMA ORAVAL

ALZADO 1/400

ACCÉSIT



Lema: LONGA NOITE DE PEDRA

Autor: Francisco Iglesias Miño




LONXITUDINAL

ALZADO FRONTAL




PLANTA PRIMEIRA



PLANTA BAIXA


ESTACIÓN DEPURADORA ¹³

Localidade: Miño. A Coruña
Arquitecto: Arturo Franco Taboada





Plantéase neste proxecto unha colaboración disciplinar entre un Consulting de Enxeñería especializada neste tipo de instalación e un Estudio de Arquitectura.

Como responsable da parte arquitectónica da Estación, atraeme desde o principio a posibilidade de humaniza-la proverbial asepsia da síntexe enxeñeiril, intentando descubrir, se é posible, unha certa capacidade poética e traducila quizais simbolicamente á expresión arquitectónica.



PLANTA DO ALMACEN DE FILTROS



PLANTA DE OFICINAS E SERVICIOS

VIVENDA UNIFAMILIAR

Arquitecto: Fernando Blanco


Data: 1990



Localización: Moldes. Boborás - Ourense

Fotografía: Fernando Blanco


Típico encargo da arquitectura rural: presuposto mínimo e maneira de vivir autosuficiente das clientes, nai e filla.

Dous muros paralelos de perpiaño compoñen a estrutura maila cara. Cuberta a dúas augas que determinan o espacio interior único arriba que contén a sala, os dormitorios, o baño e o ingreso oficial a modo de ponte debido o desnivel da leira de millo respecto do camiño. Abaixo a adega, a cociña e o porche (ampliación posible). Á beira, a casa da vaca, do porco, das galiñas, fecha o conxunto facendo de peana visual.






PLANTA BAIXA




PLANTA ALTA




RESEÑA DE ARQUITECTURA

CENTRO DE SAÚDE


Arquitecto: José Javier Suances Pereiro
Arquitecto colaborador: Manule Vecoña Pérez
Data: 1988
Localización: Ares - A Coruña




CORTE A-B



PLANTA BAIXA



PLANTA ALTA




OFICINA DE INFORMACIÓN E TURISMO


Arquitecto: Juan Carlos Cabanelas Rodríguez

Data: 1989-1990


Localización: A Gudiña - Ourense



1. Planta baixa




2. Planta attillo




3

3. Corte B-B
4. Corte A-A
5. Alzado



4



5



O ARQUITECTO MANUEL GÓMEZ ROMÁN

Xaime Garrido Rodríguez

18 O arquitecto vigués Manuel Gómez Román, con setenta e cinco anos de idade, tiña previsto a lectura do seu discurso de ingreso como numerario na «Real Academia Galega» en substitución de Gonzalo Brañas Fernández, o 30 de decembro de 1951, no salón Magno do Casino de Vigo (edificio Teatro García Barbón). Sería contestado en nome da Academia polo seu gran amigo Ramón Otero Pedraio. Cando todo estaba disposto para proceder á disertación que levaba por título «Arte e Arquitectura en Galicia», por orde gubernativa e sen mediar explicacións foi suspendido o acto de recepción.

O discurso, que se reproduce aquí por primeira vez, así como algunhas das súas obras debuxadas, débemoslo ó seu bo amigo D. Francisco Fernández del Riego, que hai pouco nos obsequiou cunha magnífica conferencia sobre a vida e obra deste prolífero arquitecto, que coas súas obras colaborou no embelecemento da súa cidade natal. A maior parte deles situáanse no Plan Especial de Protección de Edificios, Conxuntos e Elementos para Conserva a Vigo», como conservables integrais.

Os compañeiros que o coñeceron en vida, xulgaban así ós poucos do día da súa morte (11-11-1964):

«Significou a illada pervivencia dunha desaparecida valoración de artistas constructores, por ter sido home que viviu xunguido ás tradicións que, dentro da arte e da arquitectura, conformaron durante séculos a Historia de Galicia» (Agustín Pérez Bellas).

«Foi ante todo, técnico-artista por temperamento e sensibilidade. Namorado de Galicia, estudiou con agarimo a súa arquitectura típica e tradicional que foi a súa fonte de inspiración constante, da que non se afastou nunca na súa longa e brillante carreira» (Arturo Fraga Framil).

«O seu labor cheo de acertos serviu para acadar obras que perdurarán, co selo característico da rexión que os soubo imprimir, cuidando cun agarimo exquisito de artista, tanto a composición de fachadas como os detalles inigualables na palabra en pedra» (Antonio Román Conde).

Gómez Román viviu varios anos en Madrid e na Arxentina, o que influiría sen dúbida algunha, que á volta a Galicia estivese máis namorado dela ca nunca, disposto a coñecerla mellor e a difundir os seus valores. Dinos Fernández del Riego, que ó crearse o partido galleguista, foi o seu primeiro secretario xeral interviñendo en numerosos actos de exaltación e difusión galeguista; foi o seu primeiro secretario xeral, interviñendo en numerosos actos de exaltación e difusión dos ideais galleguistas».



Retrato do arquitecto Manuel Gómez Román.

Proxecto dunha Escola de Arquitectura e Academia de Belas Artes para Compostela.

Abraido pola monumentalidade arquitectónica e escultórica da vella Compostela e polas innumerables e magníficas mostras da arquitectura pacega rural, tenta traspasar e adaptar ó seu tempo os conceptos máis significativos de aquela arquitectura —románico e barroco— que acadou cotas de esplendor. Procura facer revivir ese enaltecedor pasado para lle dar continuidade, co ánimo de levanta-lo orgullo galego do seu endémico abatemento.

Non se limitou a copiar ou a introducir simplemente elementos arquitectónicos doutras épocas, senón que procurou no pasado as súas reigames, para a creación dunha arquitectura que, desprovista de recursos importados, fose netamente galega. E para isto parte do barroco, non como estilo —segundo lemos no seu discurso— senón como unha fase de superación, de expresión e evolucións. Aquí ten Galicia un paralelismo co Norte de Portugal, onde tamén o barroco, moi orientalizado por influencias coloniais da India, tamén adquire un inusitado desenvolvemento a través de construcións relixiosas e civís de carácter agrícola.


Lonxe quedan as influencias da «Art Nouveau» ou da «Sezión», que Gómez Román soubo introducir e adaptar mellor ca ningún outro á arquitectura modernista viguesa, na súa primeira etapa profesional; obras que, por falta de titulación académica, foron firmadas por outros arquitectos.

O movemento racionalista, que se estende en Vigo —con pouca aceptación— nas décadas do 30 e o 40, principalmente polos arquitectos Xenaro de la Fuente Alvarez e Francisco Castro Represas, chega xa tarde para un home cando xa ronda os sesenta anos, e moi comprometido cunha faceta estilística que non abandonará ata a súa morte.

Pola contra, e Gómez Román que inflúe coa súa arquitectura —chamemoslle rexionalista— nestes dous compañeiros vangardistas e noutros. Ás veces resúltanos difícil distinguir a autoría dunha obra que poida ser atribuíble a Xenaro de la Fuente ou a Gómez Román.

Fai humilde, esixente e sincero consigo mesmo desenvolvendo a súa obra coa sensibilidade e modestia do artista que sabe ler e aprecia-la arquitectura vernácula histórica. A súa arte edificatoria foi moi ben acolida polas clases sociais da época, non só polas burguesas senón tamén polas intelectuais.

Ademais de arquitecto foi un excelente debuxante e acuarelista aparte de escultor e constructor, facetas que exerceu na súa mocidade.



DISCURSO DE ENTRADA NA REAL ACADEMIA GALEGA

Manuel Gómez Román

Unha xenerosa determinación desta Academia tráeme hoxe a ocupar, un pouco cohibido e inquedo, este sitio que en vida enalteceu a destacada figura de don Gonzalo Brañas Fernández.

E esta inquedanza nace da consideración de que a miña labourea, deica agora, considerada cunha autocrítica xusta, nona estimo merecente de tal honra. Creio, pois, que se trata dun creto que concededes ós meus degaros e entusiasmos polas cousas da nosa terra, que guían as miñas actividades na Arquitectura nun propósito de conservar as tradicións galegas nas etapas da vida actual cun sentido de continuidade. Pero que iso é indispensable para que perdure a enxebreza que inspirou ós nosos antergos nas súas concepcións, e que serviu para que a nosa Arquitectura tivera un destacado e singular valor no panorama xeral desta arte, así como nas súas solucións. Porque o mesmo cando creaba formas propias, que cando recollía influencias alleas, ás que lles infundía emoción creadora, o espírito peculiar do país brillou moitas veces con esplendores gloriosos.

Tal aconteceu coa alborada lumiosa do Románico, dissipando as tebras das invasións bárbaras que ocuparan o Occidente. Daquela a nosa voz ouviuse nidiamente, dentro do perfecto acorde no que tódolos pobos europeos fixeron a súa ofrenda ó ideal cristián.

Na basílica compostelana compéndianse as manifestacións vivas da arte daquel tempo. E pola súa traza, pola súa resolución dos problemas constructivos, e pola súa expresión iconográfica, quedou chantado no solar galego un dos máis destacados fitos que guiaron o andar da Humanidade.

Constitúe un honor para Galicia o de que na obra sen par do Mestre Mateo cumiara o estilo románico, chegando á súa máis alta perfección; ó propio tempo que imprimía galeguidade ás novas formas do oxival.

A influencia do xenio de Mateo foi tan forte e profunda, que perdurou nos séculos seguintes, vencellándose para sempre ó noso sentir. Porque aínda agora estamos a sentila os que dedicámo-los nosos afáns á Arquitectura, guiando os nosos pasos abaneantes na procura da beleza.


Esa influencia seguiu latexante na dolorosa etapa histórica que trocou a nosa cooperación na vida de España en forzada subordinación. Causa esta, sen dúbida, de que os esplendores do Renacemento tiveran na nosa terra cativos reflexos. Certo é que por entón erguéronse monumentos fastuosos, pero acúsase neles a inspiración allea, sen participación de maneiras autóctonas; feito que xustifica o noso sentimento polas obras que houbo necesidade de destruír para lles proporcionar solar ás novas.



Debuxo feito por Maside. 1936.

Estudio de unha casa rural.

Acuarela.



Mais o espírito da galeguidade remaneceu forte e vibradoiro no Barroco. Estilo que en Galicia, máis que estilo dunha época, hai que o considerar como fase de superación, de exuberante evolución das etapas precedentes. E iso ata tal punto que chegou a constituir a nosa xenuina maneira de expresión.

O poeta-arquitecto Domingo de Andrade labrou con pedras douradas o poema inxente da Torre do Reló, que erige a súa silueta lanzal rañando o ceo compostelano. Ela deu, quizais, norma e inspiración para a obra que o seu herdeiro na nosa estima, o Mestre Casas Novoa, nos deixou como tesouro precioso no maravilloso tríptico da fachada do Obradoiro. Nel, o estilo barroco amosa a súa máis alta expresión, rematando o conxunto, frondoso e brillante, co que a devoción daqueles tempos quixo garda-lo relicario da xoia medieval. A emoción creadora deses dous mestres impresionou tan fondamente a sensibilidade das xentes, que cabe dicir que a súa obra veu se-la forma expresiva do pensamento artístico na nosa terra.

Ese estilo resplandece aínda nas vilas e cidades galegas con calidades de perfecta manifestación, ou con cambios de certa inxenuidade, pero sempre nunha liña de acorde continuista. Co barroco completouse a formación da cidade compostelana, Museo de Arquitectura de recente estimanza para cantos nesta orde cifran os seus afáns. A súa alta calidade e as súas posibilidades de ensino condúncin-nos a un feito incontestable: O de que se non fundar nel unha Escola de Arquitectura, cómpre basearse no pleno coñecemento das súas obras para poder exercer-la profesión arquitectónica no noso país.

Hai que se laiar de que o estilo barroco, que tan ben reflexaba o sentir galego, non se conservara na súa pureza, e caera en demasías que provocaron a reacción dos neoclásico formulario e frío. Unha reacción esta que en troque de nos ofrecer unha guía para o porvir, sumiunos nunha desconformación da que aínda no se saíu. Eso fixo que nos tempos en que alborearon uns destellos de Renacemento no espírito da Terra ata chegar á gloriosa Rosalía, non se conseguiu que os seus cantos tivesen eco nas creacións da Arquitectura.

Certamente, tal decadencia reflexouse non só aquí, senón que tivo extensión universal. Para superala, intentáronse no século pasado determinadas innovacións. Pero non pasaron de simples intentos, e os seus reflexos nas vilas e cidades galegas non son merecentes de louvanza.

Para saír das vacilacións e ensaios estériles fronte á nova vida imposta polas profundas transformacións que sufriu o mundo no presente século, compría procurar novas formas que atendesen ás novas necesidades. Xurdiu entón un movemento anovador que queimou o **mito** das formas consagradas, cuidando que el era a causa do mal que padecíamos. Este movemento anovador chegou ata nós, e manifestouse aquí en forma magoante. Pero tivo a virtude de despertar unha crítica saudable nas súas manifestacións, pónonos en camiño de establecer unha aportación xenuina; aportación dirixida a que a universalidade de expresión pretendida, tivera os matices da natural diversidade que tal universalidade conforma.

Desde o punto de vista galego estamos obrigados a facer ese aporte, para que a nosa Arquitectura se compaxine coas actividades do pensamento que no país se están a realizar; ou sexa, establecendo unha nobre emulación coas que noutros pobos se veñen desenvolvendo. Posibilidades para esta tarefa témolas grandes, pois contamos con tradición que nos marca o camiño a seguir.

Dispomos de medios baseados no amor ó traballo, que aquí, en troque debese considerar unha condenación, é unha condición natural da nosa vida. Temos, ademais, solar axeitado e belido para ergue-las nosas concepcións arquitectónicas. Pola súa parte, o noso vivir pode adornarse das normas de modernidade, aínda que pareza ancorado no pasado. Porque o acento tradicionalista non quere dicir estancamento, senón que, pola contra, supón partir do que foi, para chegar con signo propio ó actual.

Contamos en Galicia con xacementos de materiais constructivos de gran riqueza. Contamos con traballadores nos que se conxugan pericia e laboriosidade, singularmente canteiros, dos que está por facer a debida gabanza. Contamos con elementos de abondo para nos enfrentar coas dificultades da empresa constructora, e vencelas. Esas dificultades acúsanse, principalmente, nos seguintes aspectos:

O económico, unha quinta dimensión que sempre xongou no mundo da Arquitectura. En tempos pretéritos marcando soamente o grado de suntuosidade. Agora, cambiando de signo, móstrase preponderante nas restricións que se imponen no carácter da obra constructiva, xa que a sinxeleza ten hoxe xusta apreciación encomiástica.

O da perversión do gusto coa que se aprecia a arte polo pobo. Neste aspecto compre unha reeducación, para que o artista se sinta asistido pola estimanza cualitativa das súas concepcións. Porque, desgraciadamente, véñse notando que son moitos os que mostran a súa condición de inferioridade, deixándose impresionar polo estrondo das dismension e extravagancias.

Coas devanditas reflexións quérese xustificar a pretensión de que as nosas institucións culturais interveñan activamente nos organismos rectores, que veñen actuando na Arquitectura Nacional, para lle da-las nosos matices a ese labor arquitectónico. Para que esa aportación sexa ben valorada, habería que face-lo seguinte: Completa-las interesantes estudos que das características da nosa vida se fixeron, con outros que, á vista das modalidades que a actualidade trouxo, discriminaran as que encaixan naturalmente nas nosas maneiras; pois un van e noxento mimetismo pretende mesturarse con elas, e cómpre saírlle ó paso con resoante protesta.



Estudio de un Pazo para a Real Academia Galega (1952).

Estudio de casa para Castelao.

Neste estudio terían que colaborar tódalas entidades e persoas que dirixen as actividades do pensamento na nosa terra. Sería ben que tivera resonancias divulgatorias, para despertar nas xentes a sensibilidade que hoxe parece desorientada ou morta. Del sairían, sen dúbida, as normas para poder realiza-la nosa aportación, con signo propio e peculiar, á Arquitectura moderna.


Atópanse en camiño de viabilización os propósitos dunha Deputación para levar ás vilas e aldeas da súa demarcación, novas construcións e reformas para os seus servizos públicos. Se repercuten no resto do país, como é de desexar, propiciarían a necesidade de preparar un plan xeral que as ordenara na súa cualidade a na súa cuantía. Para que na súa cualidade teña axeitada expresión de modernidade, deberá basearse na nosa xenuina maneira de facer. E para aprecia-la súa cuantía terá que resolve-lo arduo problema de asentar á xente do xeito máis conveniente, no noso chan; pois hoxe propéndese a acrecenta-las cidades, sin tino e perigosamente —unhas poucas cidades— en evidente perxuro do agro e da economía xeral. Hoxe parecen claras as razóns que esixen reparti-los focos de actividade, non en zonas de concentración cidadá, senón nos diversos lugares que se prestan a unha maior eficacia.

Este criterio, que xa está respaldado por determinacións tomadas en diversos países que van á cabeza do progreso, teñen máis xustificación no noso en tódolos sentidos: No estético, porque a topografía galega, como a da Grecia Nai, caliífcase non por grandes extensións, senón pola variedade de lugares de dimensións limitadas; lugares que, polas súas condicións de clima e paisaxe, ofrecen unha preciosa ubicación para a vida das xentes. Na orde económica e social, porque as nosas industrias —expoñente actual da riqueza— teñen o seu asentamento lóxico, non en focos concentrados, senón localizadas nos diferentes lugares do interior e da beira do mar, nos que se atopa a súa base natural.

Se tal acontecera estaríamos en camiño de poder facer que Galicia poidera aparecer na concreción dunha España moderna, con destacada e singular prestancia. Porque, a carón dun programa ben definido a cumprir, que chegara ó fondo do noso sentimento, tódolos seus fillos aportarían, con emoción credora, o seu tributo á Terra Nai. Dese xeito poderíase facer dela un país no que todos, nun ambiente de paz e xustiza, lográsemos traballar, cantar e louvar a Deus.



A. Gómez Román: Arquitectura.



Retrato de M. Gómez Román.

Referencia a M. Gómez Román nas palabras que A. de la Sota dixo co gallo da recepción do premio PINAT 88.

Contábanme do grande arquitecto galego don Manuel Gómez Román (inventor da Arquitectura galega actual) que ó remata-la súa carreira en Madrid, alí quedou a traballar cun compañeiro seu de promoción moi relacionado e de seguida tiveron, como sempre ocorre, gran cantidade de encargos. O ben relacionado coidaba das súas boas relacións. Don Manuel, o bo arquitecto, coidaba dos seus proxectos e das obras. Un bo día nunha visita do bo arquitecto a unha delas víu como estaban construíndo un muro de ladrillo cun espesor estraño, escaso. Preguntou don Manuel o porqué daquel espesor. O encargado da obra contestoulle con naturalidade que deixara o espacio necesario para o chapado de pedra. Don Manuel non dixo máis nada, foise á súa casa, fixo a equipaxe e foise a Vigo, de onde era, deixando unha nota ó seu compañeiro na que dicía: «Voume a onde non se chapa, ós muros de pedra, pedra».

Alejandro de la Sota

Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela.



LEMBRANZA DO ARQUITECTO PEDRO ALONSO PEREZ (+ abril 90)

M. Curty

1. O MARCO HISTÓRICO E SOCIAL

Conflúen na persoa de D. Pedro Alonso Pérez, numerosas circunstancias que fan enormemente atractivo un acercamento, livián e desdebuxado que poida resultala súa afortunadamente densa e extensa actividade.

A súa pertenza a unha xeración de profesionais que emerxen á sociedade nun momento especialmente enervado na historia nacional, nun contexto de cambios profundos a nivel europeo e mundial, serodiamente reflexados no noso país, convérteno en charnela de dúas formas moi distintas a afronta-la actividade arquitectónica que tratarei de reflectir claramente nestas liñas e que son cronoloxicamente coincidentes co de antes e o de despois das convulsións europeas que se estenden desde 1936 ata 1945.

Para fixar no tempo a súa actividade e evitando desde logo no posible converter este traballo nun puro catálogo, limitareime e reseñar que naceu Pedro Alonso en Madrid no ano 1908, rematando os seus estudos de bacharelato en 1923, e ingresando na Escola de Arquitectura en 1926.

É precisamente deste período estudiantil do que conserva Pedro Alonso unha memorización que sorprende, e que ó longo das charlas con el mantidas nestes últimos meses aflorou de forma constante dando a impresión de que esta fase de formación permanece inalterable, superposta incluso a vivencias e situacións cronoloxicamente moi posteriores.

O período 1926-1932 é fundamental por tanto no desenvolvemento posterior da obra do arquitecto, e para o seu exacto coñecemento cómpre facer fincapé no programa de estudio vixente naquel momento na Escola de Arquitectura.

Unha idea aproximada da intencionalidade formativa de aquel plan dánola o feito de que as asignaturas básicas do «ingreso» previo á entrada na Escola propiamente dita eran os famosos tres debuxos: Escultura, Ornato e Lavado, todos eles coincidentes en analizar e interpretar basicamente con carbonco e lavado temas escultóricos ou arquitectónicos tomados do clasicismo greco-romano.

Xa dentro da Escola cunha cadea de asignaturas nos diversos cursos, vertebraba este tipo de ensino academicista: Modelado (a partir de láminas), Debuxo de Conxuntos (introducción ó proxecto con base esencial en Vignola), Proxecto de Detalles (palios, panteóns...) e sobre todo a denominada Copia de elementos ornamentais, a súa mellor definición dánola o nome popular con que os estudantes denominabana: «Debuxo de anacos».

Palealmente eran xa importantes as asignaturas que poderíamos calificar como «técnicas» e que non demasiado anos antes se miraban con vexación: Cálculo diferencial, Xeometría descriptiva, Electrotecnia, etc.


Asimilando esta dobre vertente, Pedro Alonso, recoñece a excesiva carga de «ornamento» e valora por outra banda unha posibilidade pouco tida en conta e que naqueles anos comezaba a abrirse paso non sen dificultade: o traballo en equipo.

Esta será unha constante na súa vida profesional que xamais abandonará e que marca naqueles momentos unha nova forma de ve-la profesión que inicia o afastamento dun personalismo autocrático aínda detectable hoxe en día.


Durante o seu período estudiantil Pedro Alonso desenvolve un labor formando un equipo cae continuo con tres compañeiros: Guillermo Cabrerizo, de Soria, Félix Ugalde, de Madrid, e o vigués Francisco Castro.

A posibilidade de executar dentro da Escola este tipo de traballo non deixa de sorprenden en momentos aínda personalistas, e, desde logo, supón unha forma de oportunismo que xermolará anos máis tarde en grupos de profesionais que se asociarían eventual ou permanentemente e que supoñerían un cambio notable na forma de afronta-la profesión.

Planta do Cinema Radio.



Corte lonxitudinal




Edificio de Vivendas García Albo. P/ José Antonio, esquina Gran Vía, Vigo, 1942.





Alzado do Cinema Radio.

Reforma do Cinema Radio. 1943.
R/ María Berdiales esquina Magallanes.

Outro elemento moi importante que cita Pedro Alonso nos seus anos de formación é a forma de contactos coa asignatura de Urbanismo. Naqueles momentos os estudos desta materia encontrábanse en estado incipiente, e foi gracias a incansable actividade do valenciano César Cort que reverteu nos arquitectos a formación urbanística e de planeamentos no derradeiro curso da carreira.

Esta disciplina recén incorporada oficialmente ós estudos de arquitectura (aínda que asumida durante séculos) improntará moi notablemente a obra profesional de Pedro Alonso na que sempre queda patente un ánimo de integración no entorno, incluso en traballos profesionais de mínima tanxencialidade estritamente urbanística.

Como previamente reseñei obtén o título D. Pedro Alonso en 1932, data politicamente clave e que coincide cunha grave carencia de traballo profesional.

É a través da bolsa de Traballo do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid que consegue o que será o seu primeiro encargo, e que pola súa curiosa peculiaridade detallarei: o daquela presidente das Cortes D. Santiago Alba, contacta co decano do C.O.A.M. con fin de executa-la medición, tasación e peritación dun edificio colindante ás Cortes na Carreira de San Xerónimo, propiedade dun nobre francés, coa fin de acondicionar tal construción ó conxunto lexislativo.

Son Pedro Alonso e dous compañeiros máis, un deles Enrique Martí Perla, morto na Guerra Civil os que executan minuciosamente o traballo que finalmente non se levaría a cabo.

Os seus primeiros proxectos son realizados coa colaboración do xa devandito Félix Ugalde en Colmenar Viejo, e compatibiliza estes primeiros encargos co seu labor como profesor de debuxo no patronato Pedro Muguruza.

Tralo lapso de incomunicación total que supón a Guerra Civil (coa súa intervención no comité de reconstrución de Madrid), rememora Pedro Alonso a emoción que supuxo para el recibi-la primeira noticia dun colega despois da contenda.

O seu antigo compañeiro de estudos, Francisco Castro Repesas, contacta con el desde Vigo onde xa iniciou o seu quefacer profesional e propónlle que se traslade á súa cidade co fin de traballar conxuntamente.

A unión profesional que xorde desta carta, é probablemente o eslabón capital na vida profesional de Pedro Alonso. A súa perseverante e case exclusiva forma de traballar en equipo chegará xa ata o día de hoxe radicado basicamente en Vigo dentro dun conxunto de profesionais ós que corresponden proxectos definitivos á fisonomía urbana da nosa cidade. Nos anos 49 e 50 o impacto que en Pedro Alonso produciron as fachadas pétreas labradas viguesas, hoxe desgraciadamente dezmadadas, foi realmente enorme. As posibilidades que aquela estereotomía brindaba a un profesional formado no estudio de elementos de mármore clásico eran absolutas.

Con este panorama a colaboración xurdida entre Pedro Alonso e Francisco Castro, realmente fructífera sobre todo nos seus comezos, nótrese de dúas correntes principais. Por unha banda as ensinanzas recibidas en Madrid, basicamente academicistas, pero non exentas de aires renovadores que nales momentos se vían plasmados nas actuacións de Bergamín na colonia O Viso. E por outra banda a tradición constructiva viguesa que Castro asimilou con dosificación ó longo da súa vida e que para Pedro Alonso supuxo un verdadeiro impacto o que máis adiante volverei a referirme cando analice os numerosos croquis e despieces que na obra aportaba o arquitecto, autenticamente absorbido polo valor e as posibilidades dos granitos utilizados na zona.

Neste sentido considero asimesmo reseñable que unha influencia similar poida detectarse nun significativo edificio vigués: o teatro-cine Fraga, obra de Gutiérrez de Soto, quen coa súa facilidade case malabarística para manexar diversas linguaxes asimilou a tradición constructiva local fundíndoa con experiencias previas acumuladas no mundo das salas recreativas madrileño.

A colaboración xa definitiva entre Castro e Alonso unicamente se ve sobreposta pola actividade paralela deste último como delegado en Galicia do Instituto Nacional da Venda ata 1964, con períodos de residencia na Coruña.

A obra, que abrangue máis de catro décadas do tándem Castro-Alonso, pola súa extensión e diversidade escapa dos límites dun simple traballo, polo que me limitarei a citar aqueles fitos que destacan dunha obra tan ampla, e que son puntos de referencia familiares na vida viguesa dos últimos anos.

CLUB NÁUTICO.—Con vencellos de parentesco próximo con obras «navais» moi características do momento, como o Club Náutico de San Sebastián de Labayen e Aizpúrrua, ou a Piscina A Illa de Gutiérrez Soto.

Este edificio, desgraciadamente maltratado por posteriores reformas e adicións que ocultan a súa liña orixinal agás a súa fachada marítima, foi rematado cara 1945.

CINEMA-RADIO.—Tristemente desaparecido hai poucos meses, contemporáneo do edificio anteriore emparentado cos edificios de igual función que Gutiérrez Soto monopoliza na década anterior en Madrid.

Esta sala foi ademais precursora doutras que Alonso e Castro deseñaron en Vigo nos anos posteriores e que parecen sistematicamente condenados á desaparición.

GRUPO «ÁLVAREZ» DE 90 VIVENDAS PARA O I.N.V.—Moi notable pola súa adecuación urbanística. Hoxe lamentablemente transformado na súa aparencia orixinal tra-las obras de substitución da primitiva estrutura de madeira por formigón armado. Executado en 1942-43.



EDIFICIO «PORTO».—Posiblemente o máis logrado do numeroso repertorio de construcións en cantería que amalgaman influencias foráneas múltiples coa tradición construtiva pétreo da área viguesa.

EDIFICIO «ALBO-LA RÁPIDA».



Club Náutico. 1944
Porto de Vigo.

Edificios de Vivendas.
Bouzas - Vigo. 1945.



Arquitecto: F. Moreno Barberá

Data: 1959

Localidade: Monte de Conxo
Santiago de Compostela


OBXECTO DO PROXECTO

Construcción de un Centro de Formación Profesional e Industrial nos seus graos de aprendizaxe e mestría.

Número de alumnos: Proxecto para 1.000 alumnos.

Especialidades: Metal, electricidade, madeira, construción, química, automobilística, fundición, artes gráficas, delineación.

Custo unitario: 3.100 ptas./m²



Programa:

1. Zona representativa.
2. Zona de ensinanza teórica: 8 aulas.
3. Laboratorios: Laboratorio para oficialía, laboratorio para mestría.
4. Salas de debuxo: Dúas salas de 60 prazas
5. Ensinanza práctica: Laboratorios, seminarios, obradoiros.

CARACTERÍSTICAS CONSTRUCTIVAS

Cada unha das unidades funcionais antes citadas presentan características propias.


4.1. Aulas e Laboratorios.

Implican estruturas con pórticos en toda su anchura e con superficies grandes de ventás que permitan que a iluminación sexa uniforme e elevada, mesmo na parte das aulas máis afastadas das ventás.

Para permiti-la elasticidade da súa explotación, cumpría construír unha fachada exterior modular, con tódolos elementos de iluminación, calefacción, tomas de forza, etc., en cada un do módulos. Ó non existiren daquela os muros cortina industrializados, foi necesario inventar un dispositivo de elementos portantes verticais ós que se acoplaron as ventás de perfís de ferro laminado, xa que tampouco existían os perfís de aluminio.

4.2. Nave de taller.

Construíuse en forma similar ás edificacións industriais nas que terá que desenvolverse a vida profesional dos alumnos despois da época de aprendizaxe. É simplemente unha nave industrial, con toda elasticidade que corresponde a unha edificación modular, coa máxima iluminación e o máis uniforme posible e cos servizos técnicos necesarios para permitir situar calquera dependencia en calquera lugar da nave.



Planta de acceso.

Corte dos obradoiros.







Foto: P. Lizancos




ESCOLA DE MAXISTERIO


OBRADOIRO

arquitecto: F. Moreno Barberá

data: 1968


Localidade: Santiago de Compostela





IGREXA DE SANTA CRUZ

Arquitecto: Manuel Fisac
Localidade: Santa Cruz - Oleiros. A Coruña
Fotografías antigas proporcionadas polo arquitecto



O programa, non completo aínda, da igrexa de Santa Cruz, abrangue un complexo parroquial con tódolos seus servizos.

Nunha primeira etapa fixéronse a igrexa, gardería infantil e dispensario médico.

O solar é unha chaira con fermosas vistas á Baía de A Coruña e situáronse nel coma peza esencial o templo, remarcado con unha alta torre-campanil. A gardería infantil e o dispensario médico están totalmente independentes pero formando un só conxunto arquitectónico que forma contrapunto volumétrico coa igrexa.

A construción está totalmente realizada en formigón armado executado «in situ» agás o teito, tamén de formigón armado pero prefabricado en pezas realizadas a pé de obra. Tanto o exterior coma o interior da igrexa e demais espazos habitables mantense na súa propia calidade e a textura do seu encofrado de madeira que foi realizado con gran esmero por don Xulio Mañanas González, albanel local.

A igrexa ten forma de abano, en planta, algo desfigurada polas superficies curvas convexas, polo interior, para acadar efectos dispersivos do son.

O presbiterio queda claramente compartimentado nun núcleo formado polo ambón e a sede para a liturxia da Palabra; e outro polo altar, para a liturxia do Sacramento.




Unha ampla plataforma no antepresbiterio está concebida para poderense administrar nela os sacramentos de vivos.




Directamente vencellada co presbiterio sitúase a capela do Santísimo Sacramento que ten tamén acceso directo pola nave.

Un gran crucifixo en bronce obra do escultor Pablo Serrano, así como unha imaxe da Virxe obra de Xosé Luis Sánchez presiden o presbiterio.

Un amplo adro, o recinto para os sacramentos de mortos: bautismo e confesión, así como a sacristía; sitúanse na parte posterior do templo.

Todo o conxunto está concebido plásticamente como sucesión de recintos enxendrados por muros curvos verticais concatenándose nunha fluida disposición dinámica.







EDIFICIO PARA O COLEXIO SANTA MARIA DO MAR


Arquitecto: Miguel Fisac

Localidade. As Xubias. A Coruña

Detalle e colocación dos elementos pre-fabricados da cuberta.



Planta baixa do C.S.I.C.



A UNIVERSIDADE LABORAL DA CORUÑA NO CONTEXTO DAS UU.LL. DE ESPAÑA

Fotografías: Revista UNI

Xan Casabella López

34 ¡Os..., se parece unha obra de Noguerol!

exclamou, sorprendido, aquel alumnos de 5.º da ETSAC, cando foi visita-lo seu amigo que vivía na Universidade Laboral de A Coruña.


Efectivamente, se non fose por un lamentable estado de conservación, parecería unha obra recién construída, con esa formalización hoxe tan de moda por parte dalgúns arquitectos. Axiña se levanta a cuestión, ¿era esa arquitectura tan avanzada para o seu tempo, ou será que hoxe, tan faltos de ideas novas, se ten nostalgia «formal» do que se facía hai 25 ou 30 anos?

Sexa como for, este complexo arquitectónico, sorprende pola súa frescura conceptual, o seu rigor compositivo e o avanzado das súas propostas funcionais. Pero, sen embargo, sorprende pola súa deficiente conservación, que se mantén gracias a grandes gastos de mantemento e reposición, se o comparamos co que se gasta por igual motivo na Universidade Laboral de Xixón, construído uns anos antes (1955-56). Levántase aquí outro problema que é o de canto debe durar un edificio para equipamento.


J. López Zanón é da opinión de que os edificios escolares, en particular, debían ser baratos de construción (esta Universidade eo porque apenas custou no seu momento unhas 1.750 ptas./m²) e ao cabo de 20 ou 30, anos, demócelos para facer equipamentos novos (no seu canto). Quizais esta opinión, que levou á práctica na construción de cantos edificios escolares realizou naquela época, estea moi influenciada polo arquitecto americano Kump, especialista en edificios deste tipo en Norteamérica e que tiña colaborado con Zanón e Laorga nas vivendas da base americana de Torrejón; L. Moya, tiña, supoño eu, e a vulgar polo funcionamento da Universidade de Xixón, un concepto deste tipo de edificios completamente oposto e máis acorde coa académica opinión de monumento en canto referencia intemporal na cidade; A. de la Sota, opinaba, cando se propuxo a necesidade de restauración do Polideportivo de Pontevedra, que en calquera edificio moderno, cómpre distinguir entre a parte estrutural e a de pechamento; a primeira deberá ser estable e duradeira, mentres que a segunda poderá ser de materiais máis perecedeiros e deberáse repór sempre e cando sexa necesario, sen que iso supoña grandes gastos e desde logo sen modificar substancialmente a imaxe orixinaria, como demostrou na recente restauración do Goberno Civil de Tarragona.

Entretanto na historia da Universidade Laboral da Coruña, a primeira de tipo marítimo das realizadas até aquel momento, hai que dicir que xorde dun Concurso convocado ó efecto en 1960, desenrola á súa vez dunha lei de maio de 1959, e que se remite a outra de 1956, na que se decide crear as UU.LL. seguindo exemplos semellantes do estranxeiro, particularmente a Universidade do Traballo de Charleroi (Bélxica). A paternidade débese enteiramente ao Ministerio de Traballo do que era titular Girón de Velasco.

A idea base da concepción das UU.LL., é que son centros docentes dirixidos a perfeccionar ós alumnos no plano técnico profesional, e dirixidas fundamentalmente ós fillos dos traballadores. Case tódolos edificios se construíron mediante proxectos seleccionados en concursos.




Plano de emplazamento da Universidade Laboral da Coruña. En branco pode verse a primeira fase, e con trama a segunda. Repárese na situación da estrada de acceso.




Córdoba.



Xixón.






Ampliación (3.ª fase) Universidade Laboral Crucero Baleares (A Coruña). Piscina e ximnasio. Miguel Silva Suárez. 1973.



Huesca.



Ourense.



Valencia.



Cáceres.



Tarragona




O equipo, formado en 1955, por López Zanón e Laorga, gañou varios destes concursos, sendo posteriormente construídos, a de Cáceres (1967), Huesca, etc. (ver fotos).

O proxecto da Coruña, realízase en 1961 comenzándose as obras nese mesmo ano. A primeira fase do complexo remátase en 1963, sendo inaugurada polos «jefes veraneantes» en 1964 (ver foto aérea). En 1967, foi ampliado con máis pavillóns e talleres con proxecto dos mesmos arquitectos. Finalmente en 1973, construíronse a piscina, polideportivo e club de alumnos polo arquitecto coruñés Miguel Silva.

A obra da Coruña, realizábase simultaneamente os autores con outras de programas semellantes, pero situadas en xeografía ben distintas. ¡E diferentes resultados acadaron en cada caso! Evidentemente buscaron referencias locais en cada Universidade; na de A Coruña, a construción de mampostería era ben coñecida por López Zanón, pois el é natural de Ferrol, e coñece ben a utilización que deste material se fai nas construcións populares, das perfectas mamposterías da zona de Nadela, preto de Lugo. As razóns da utilización destes materiais «rexionais», tan lonxe das preocupacións estéticas dos arquitectos do «régime» como Moya, quizais haxa que buscalas no impulso e divulgación que por eses anos tivo a obra de Alvar Aalto (fora chamado por eses anos a dar conferencias en Barcelona e Madrid), e no caso de Zanón e Laorga na influencia Wrightiana que puideran ter a través do arquitecto americano Kump. Pero, como era tamén moi propio deses anos, os arquitectos non renunciaron à utilización da máis moderna tecnoloxía ó seu alcance, con arriscadas estruturas de traves metálicas, soberbios beirados de formigón armado, amplas superficies de mallas espaciais, ou modernas cubertas de cobre. Cómpre suliñar aquí, que non hai ningún seguidismo da arquitectura popular, antes ó contrario, aprovéitase desta samente aquilo que pode ser aínda actual e corríxese coa nova tecnoloxía aquilo que era mellorable como os beirados, por exemplo, de tan pouca tradición en Galicia, pero de tan bo resultado nas terras de chuvia.

A planta do complexo realízase seguindo unha retícula, o que lle permitirá absorber doadamente as diferentes fases de ampliación. A retícula irá enchéndose por pavillóns illados volumetricamente, pero conectados por porches cubertos. Deste xeito, cada pavillón é conformado de acordo a resolver optimamente as prestacións de iluminación, ventilación, illamento, circulación, funcionamento, etc., para o que están destinados. A maioría dos pavillóns están destinados para aulas, pero tamén existen outros para servizos, ximnasio, rectorado, capela, obradoiros e residencias.

Estas UU.LL. de J. López Zanón e L. Laorga, así como outras de J. Cano Lasso e outros, fanme pensar nas contradictorias actitudes que puideron existir nos últimos anos da ditadura de Franco, e poñen de manifesto a carencia de criterios unitarios para as obras promovidas desde o Réxime. A carón de obras institucionais apoiadas nun estático, reaccionario, glorioso e imperial, concepto da existencia (UU.LL. de Xixón, Sevilla, Córdoba, Alcalá), vemos outras como as de Valencia, Huesca, A Coruña, Ourense, etc., que as poderíamos considerar como o xerme dunha nova maneira de entende-la vida, máis dinámica, menos grandiloquente e mais humana, preferindo antes a renovación constante que o estatismo intemporal. Esas diferenciacións son aínda lamentablemente palpables dentro desta sociedade «democrática» quizais porque corresponden máis a natureza humana que ó réxime político imperante; por iso coidamos que é pertinente a súa reivindicación como actitude, ante a creación arquitectónica.



UNIVERSIDADE LABORAL DA CORUÑA. CRUCERO BALEARES


Arquitectos: José López Zanón


Luis Laorga Gutiérrez

Data: 1961-63 - 1967-73

Localidade: O Burgo - Culleredo. A Coruña

Vista aérea da primeira fase da construción da Universidade Laboral da Coruña.





PLANTA DO CONXUNTO

1. Zona residencial
2. Zona servicios
3. Zona docente
4. Obradoiros
5. Colexio MP, piscina, ximnasio
6. Campos de fútbol
7. Pistas de aerodelismo
8. Pistas polideportivas
9. Pistas de atletismo
10. Pistas de tenis
11. Colexio EGB Vilaboa
12. Autoestrada do Atlántico
13. Campo de fútbol

MEMORIA 1960

Esta Universidade Laboral, primeira de tipo marítimo, ten por obxecto o ensino de profesións e técnicas relacionadas coa actividade pesqueira e mariñeira.


O elemento estudiantil, cifrado en mil alumnos, compoñeríase nun principio, de 800 externos e 300 internos para equilibrarse por metades nunha segunda fase.

Artelláronse as funcións fundamentais de ensinanza, traballo, e residencia coas de rectorado, administración e servizo de comidas para 1.000 plazas.


O conxunto concebiuse en desenvolvemento horizontal, con predominio de planta baixa, con cubertas de grandes dimensións xugando cos volumes e caídas de faldóns tdo plegado á topografía, ficando emprazados os pavillóns por galerías cubertas, despegadas do chan o que lle dá aillamento e lixeireza.

Destacan en altura os dormitorios de estudantes en pavillóns de tres plantas, situados na parte máis alta do terreo.


Diferentes plantas de pavillóns de colexios.




Sección e vista dos pavillóns de aulas.



CONCURSO



Planta xeral da 1.ª fase. 1963.



Vista do edificio do Rectorado.
Foto: Luis Laoga.

ANTECEDENTES

No B.O. do Estado de data 19 de abril de 1960, convocouse un concurso de anteprojectos para a construción do edificio epigrafiado.

O presente proxecto desenvolve e completa sen introducir variacións esenciais, o anteprojecto que foi premiado. Por iso nesta memoria non se vai razoar de novo a disposición orgánica e funcional dos distintos elementos que o compoñen, así como as ideas xerais sobre ambientación, tratamentos, etc., xa desenvolvidos na Memoria precedente e que mereceu a aprobación do xurado calificador.

Tentamos máis ben de dar unha explicación de tipo constructivo que aclare o contido dos planos.

Tívose moi en conta as condicións climatolóxicas da rexión, tanto na composición xeral, coma na elección de materiais e solucións constructivas. A humidade e forte réxime de choivas, así coma o baixo nivel de iluminación, e a ausencia de temperaturas extremas son os datos máis importantes para considerar.

Para defende-lo edificio da humidade tomáronse as seguintes precaucións: erguer e separar do terreo os pisos de planta baixa onde isto foi posible; interpoñer un aillamento eficaz entre cimentación e muros; drena-la parte inferior das soleiras; cuida-las cubertas protexéndoas con impermeabilizante da maior garantía; construír grandes beirados; poñe-la carpinteiría exterior en perfil de aluminio; construír os muros de pedra ou chapa-los de material impermeable. Non utilízalo xeso en interiores; substituíndoo por morteiro de cal, ó xeito da rexión.

A falta de luz, en xeral, obriga a dispor grandes superficies acristaladas en locais de traballo e estancia. A temperatura moderada de ordinaria fai posible a devandita solución moi aberta sen ter que tomar precaucións.

MOVIMENTO DE TERRAS

A zona do terreo sobre a que se ubica o edificio é lixeiramente cóncava, ficando cruzada pola vaguada aproximadamente no seu centro. Para evitar ó máximo o movemento do terreo, adaptáronse as edificacións a el, en canto foi posible, deixando a zona central na cota 14 e escalonando a construción a dereita e esquerda por bloques completos.

Como criterio preferimos a excavacións ó recheo tendo presente que a capa cultivada é moi profunda e solta, e en todo caso cómpre retirala baixo as soleiras e sitios de paso, aparte de que a proximidade ó firme resulta menor e polo tanto de alicerces máis económica.

Unicamente na zona de acceso, fronte ó edificio, hai un importante recheo, necesario para enrasar coa estrada projectada, coa que coas súas curvas de nivel (previstas) enlazaranse as do noso proxecto.

FÁBRICAS

Os muros resistentes serán segundo os casos de mamposteiría, sillería, ladrillo ou bloques de formigón. Os de recheo executaranse con ladrillo oco ou pezas de formigón lixeiro.

Os muros de mamposteiría executaranse con pizarra de Lugo, en pezas de máis de sete cms. de altura, sentadas con morteiro bastardo de cal e cemento, sen ripios nin pezas pequenas de recheo. Irán atados nos seus cabezais e a nivel de cada piso con zunchos de formigón armado. O seu ancho será de 50 cms. Quedarán segundo os casos con unha ou dúas caras vistas.


Os muros de mamposteiría executaranse con pizarra de gulares, de labra fina, colocadas a oso, con dúas caras vistas e 35 cms. de tizón. A súa execución será especialmente esmerada.

O resto dos muros, que sexan de carga ou de recheo, poden ser de ladrillo ou de bloques de cemento, quedando en calquera caso recubertos, e se son exteriores, forrados de pedra granítica en chapas de 3 cms. nas fachadas de colexios e residencia de Religiosas; de cerámica do país no rectorado, e enfoscado nos demais casos. Se son interiores irán rematados con revoco de cal en xeral, ou chapados de azulexo en cociñas e servizos, ou forrados de madeira en zonas do Salón de Actos e Capela.



Fachada de Pavillón Colexio.

Vista interior dos comedores.
Foto Luis Laorga.



ESTRUCTURA

Pola grande variedade de volumes e formas que constitúen o edificio, resolviuse a estrutura de cada unha delas, da forma máis axeitada tendo como consecuencia distintas solucións en cada caso.

Aulas de clase: Placa de formigón construída por bloques Hipercesa, ocas e armada en dúas direccións apoiada sobre os muros transversais que constitúen as separacións entre as distintas clases. Os pisos separados do terreo apoiáanse sobre os anteriormente indicados muros de separación e dous muretes intermedios para constituír luces de 3 metros.

Ximnasio: A cuberta da sala apoiase sobre pórticos metálicos formados por perfís normais dobre T do 50, e forxados de 5 metros construídos con pezas Hipercesa. As dependencias de luces moito menores agrúpanse en torno á grande nave e cóbrense con forxados Hipercesa, armados en dúas direccións e apoiados nos muros de cerramento e elementos metálicos interpostos na carpintería, e constituídos por soportes de perfís de ángulo soldados formando caixón.

Comedores e obradoiros: Directamente apoiados sobre o solo con un elemento intermedio de drenaxe formado por un caixón recheo de pedra en rama, que evite a saída da humidade. As súas cubertas pregadas de grandes luces resolven como traves de gavota apoiadas en soportes metálicos de dous angulares soldados, e deixando entre cada dúas gavotas lucernarias para acadar un reparto uniforme de luz. As restantes cubertas da zona de servizos están constituídas por placas Hipercesa, apoiadas en soportes de formigón de 25 x 25 a distancia de 5 e 8 metros respectivamente.

Edificio de Rectorado: Tamén apoiado sobre o solo na mesma forma que o anterior sobre cámara de drenaxe, e con cubertas lixeiras de Durisol, sobre cerchas metálicas arredor de 20 metros de luz sobre muros e soportes metálicos por dous angulares do 15, formando caixón.

Capela: Illada do solo por cámara de drenaxe presenta na súa cuberta unha estrutura estérea composta por barras macizas e ocas de aceiro unindo os vértices de un módulo piramidal cuadrangular. Esta estrutura vai apoiada sobre os muros de cerramento e os soportes metálicos de 15 x 15 que separan a nave principal da lateral.

Colexios: Estructura simple de formigón armado constituído por placas de bloques ocas modelo Hipercesa, armadas en dúas direccións e apoiadas nos muros de cerramento e en soportes de formigón de 30 x 30. A cuberta realizarase co mesmo tratamento e presenta a particularidade de verquer augas cara a trabe central que coa súa forma de U constituíase en canalón rematando en dúas ménsulas a modo de gárgulas.

ACCESOS

Prevense tres accesos fundamentais. O principal, desde a nova estrada á praza fronte ós vestibulos de entrada de alumnos e de público; os outros dous desde a estrada de Vilaboa á Haciadama, para o servizo de cociñas e obradoiros.

O primeiro en forma de raqueta, cunha anchura media de paso de 7 mts. e un percorrido de 170 mts., ten na súa parte central un ensanchamento de 14 mts. por 42 mts. destinado a aparcamento.


Construirase con bordillo de granito sobre soleira de formigón e encorchado de pedra, macadán e rego asfáltico profundo e capa de rodadura. Polo seu borde interior construírase unha acera de lousas de granito; e entre o aparcamento e a edificación, igualmente enlousarase coa mesma pedra.




Os outros camiños de penetración serán de tres metros de ancho, cun ensanchamento nos seus extremos para facilitala manobra de volta dos camións.

Costruiranse con bordillo de granito, encachado de pedra, macadán e rego asfáltico. A ambos os dous lados destas penetracións faranse foxos para a evacuación das augas pluviais.






Planta xeral da 2.ª fase. 1967.






Vista do conjunto.
Foto: Luis Laorga.






SECCION OP




ALZADO SUR

Pavillón de aulas. Vista, cortes e alzado.





SECCION QR



ALZADO ESTE


*Interior da capela.
Foto: Luis Laorga.*









SECCION AB


Capela e praza de acceso.




SECCION CD




Interior do Rectorado.
Foto. Luis Laorga.






Praza de acceso e Rectorado.




SECCION AB




SECCION CD



Vivenda do Rector.





SOBRE OS EDIFICIOS DA CENTRAL DE BELESAR

Plácido Lizancos Mora

48

Poucas construcións das que actualmente copan as páxinas das publicacións de arquitectura —incluso ata a sociedade— poderán resistir incolumes o paso do tempo e dos cambios culturais a el asociados.


Incluso moitos daqueles edificios deseñados por autores que tentaron fuxir de modas e costumes arquitectónicos na busca da tan anxeiada verdade arquitectónica aparecerán nun prazo máis ou menos breve ante os nosos ollos como anacrónicas mostras dun facer futil e pasaxeiro.

No canto diso, os edificios —ata hoxe inéditos— que Juan Castañón proxectou para servizo e manobra do aproveitamento hidroeléctrico de Belesar cando estaba a remata-la década dos cincuenta parecen hoxe ante nos coa mesma forza estética e a mesma carga ideolóxica que o seu autor lles impregnou hai máis de trinta anos.

Mais éste non é o único valor que encontramos nos edificios de Belesar. Eles resultan sorprendentes por moitos motivos. O primeiro deles é a súa linguaxe vangardista —aloxada dos preceptivos cánones da Arquitectura Oficial— empregada para resolver os edificios que habían de acoller as funcións rectoras do máis grande e faraónico dos encoros construídos polo Réxime deica aquel momento. Lembremos que o de Belesar foi no seu momento o meirande encoro europeo. Este carácter «simbólico» valeulle o asolagamento da vila medieval de Portomarín. A importancia da obra mesmo xustificou a presenza do Xeneralísimo nun solemnísimos acto de inauguración.

A linguaxe vangardista empregada por Castañón —un home de profundas conviccións conservadoras, que mesmo chegou a ser Ministro do Exército na década dos sesenta— evidenciada nas grandes fachadas de aceiro e cristal, no uso de cubertas planas, na utilización arquitectónica do formigón visto, etc., contrasta abertamente coas arquitecturas de semántica rexionalista empregadas por outros profesionais —fieles á estética oficial— na construción simultánea, 30 quilómetros augas arriba, do novo Portomarín.


A situación dos edificios no cume da xigantesca presa de 120 m. de alto que a súa vez pecha un canón de fortes ladeiras labradas por infinidade de socalcos nun increíble



exemplo de esforzo colectivo e de adaptación humana ó territorio, xunto coas necesidades meramente técnicas de ubicación de cada un dos edificios nuns puntos determinados supuxéronlle sen dúbida a Castañón un complicado exercicio arquitectónico.



A súa resposta é correctísima. A transparencia do edificio de turbinas —emprazado imperativamente case que no centro xeométrico da presa fai que a súa presenza quede desdebuxada no vizoso fondo vexetal.

O edificio de oficinas e talleres da Central, de grande volume, ofrece ó val as súas fachadas totalmente acristaladas mentres que cara á montaña amosa elementos de fábrica. Deste xeito o edificio actúa como espello que reflexa as augas e a natureza circundante. A integración das dúas edificacións na esgrevia paisaxe resulta cando menos, exemplar.









EDIFICIO DA SUBESTACIÓN ENCORO DE BELESAR




Arquitecto: Juan Castañón de Mena
 Data 1959-60
 Localidade: Belesar. Lugo
 Fotografía: P. Lizancos



*Planta e corte.
 Edificio da Subestación.*







Fotografía: M. de la Iglesia
Manuel de la Iglesia. Arquitecto

O Movemento Moderno, froito das transformacións económicas e sociais orixinadas nos séculos XIX e XX tivo as súas orixes inmersas no pensamento e na acción da ciencia moderna. Deste marco científico xorde a premisa dun novo tipo de cidade, totalmente contraposta a tradicional: a cidade neoconservadora.

Esta cidade nace a partir dos reximes autoritarios establecidos na segunda metade do século XIX, xurdidos despois das loitas revolucionarias. Empregando os novos instrumentos técnicos elaborados na primeira metade do século, onde os espazos privados e os espazos públicos tenden a facerse homoxéneos, a individualidade dos edificios illados é superada pola uniformidade dos elementos repetitivos, e a variedade dos ambientes públicos tradicionais fundense nunha secuencia de espazos baleiros ligados ós volumes dos edificios mediante relacións constantes.

Nace así a «rue corridor», canle de tránsito franqueado fundamentalmente pola actividade comercial. A preeminencia da «rue corridor» crea unha cortina sobre os demais edificios da cidade, entre eles a residencia. Xorde así a necesidade dun segundo «standard»: o barrio residencial, como elemento complementario dentro mecanismo social e económico da nova cidade neoconservadora.

O Movemento Moderno parte da contestación a este planteamento opoñéndose a preeminencia da función terciaria (comercial) a que están subordinadas as outras funcións urbanas.

En cambio considérase interesante o modelo de barrio residencial extensivo en canto que é a primeira tentativa de formar un tecido de edificios dominado pola residencia, obxectivo prioritario na investigación arquitectónica.

Así contraponse unha definición de elementos mínimos funcionais, criticase a conformación da cidade tradicional —o núcleo intenso e os seus barrios periféricos— e rexéitase non só a noción de «parcela» senón tamén a noción de «edificio».

No sector da vivenda, o elemento de partida xa non coincide coa imaxe tradicional —o bloque construído á beira da rúa, o chalet illado, ou unha variación de ambo-los dous— senón que coincide coa vivenda individual, proxectable por si mesma, independentemente dos xeitos de agrupamento. Nace así o concepto de «tipo de edificio», unha operación de disgregación dos nexos morfolóxicos tradicionais peculiares a investigación arquitectónica da década que se estende entre 1920 e 1930.

As características dos tipos de edificio para a residencia son definidos no 2.º CIAM, Frankfurt, 1929 e de maneira especial na poñencia de W. Gropius: «Premisas sociolóxicas para as vivendas mínimas de poboacións urbanas industriais».

Estas características pódense resumir en tres puntos:

1. Superficie e cubicación mínimas.
2. Observancia de determinados estándares hixiénicos (iluminación, asoleo e ventilación).
3. Unha habitación para cada individuo.

Os estudos realizados polos arquitectos plantean unha análise sistemática de vivenda individual. Partindo da redefinición de cada elemento funcional, chegará a formulación teórica dun módulo agregativo orixinal: a comuna residencial que integra vivendas e servizos colectivos.

Unha das formulacións máis precisas está contida nos cinco puntos de Le Corbusier:

1. los pilotis
2. a terraza-xardín
3. a planta libre
4. la fenêtre en longueur
5. a fachada libre.

Esta estándares liberan a secular asociación entre a forma dos vanos e a dos muros de carga, entre a utilización do solo e a das plantas do edificio, entre as estruturas portantes e as de cerramento, e fan afrontar de forma xeral novos modelos de agrupamentos das células habitables.

Fig. 1. Diagrama que acompañaba a poñencia de Gropius de 1930, «¿Casas unifamiliares, edificios medios, ou bloques altos?». As condicións referentes ao aire, ao sol, á vista, e á distancia melloran o aumento da altura en c e d. En a e b estas condicións son constantes, pero canto máis altos son os edificios menor e o terreo necesario para a mesma cantidade de espazo habitable.





Fig. 2. Walter Gropius. Perspectiva de anchas zonas entre bloques de dez pisos.

Fig. 3. W. Van Tijen, J. A. Brinkman, L. C. Van der Vlugt. Bloque residencial Bergpolder. Rotterdam, 1934.



A nova investigación rexeita a antiga orde social e política no referente ao control privado dos solos urbanos, a súa rixidez de estándares urbanísticos e de edificabilidade fan que se exclúan da cidade tódolos elementos que non se lle adaptan e todo trazado de dimensión non compatible coas parcelas que se tenden a manter o máis reducidas posibles —con excepción dos parques públicos como contrapartida hixiénica e visual a tendencia a aglomeración compacta—. Así pois, os arquitectos modernos reclaman un control público dos solos urbanos, a través da declaración da La Sarraz de 1928 redactada despois da primeira reunión do CIAM.

A investigación sobre a agrupación de vivendas céntrase no problema de densidade. Criticase o módulo tradicional dos barrios extensivos os cales se ben permiten ofrecer a cada persoa unha casa individual e illada, xeran un alto coste de servizos primarios e secundarios e queda truncada a inmediata relación entre casa e casa e entre casa e servizos.

Contra esta situación propónse un esquema máis denso, con vivendas agrupadas en edificios verticais, espaciados entre si con relación á súa altura. Deste planteamento teórico xorden dúas fórmulas:

1. A casa laminar (slab house) de 10-11 andares proposta por Gropius no terceiro CIAM, Bruselas, 1930 (figs. 1 e 2).
2. Os bloques continuos «à récents» ideados por Le Corbusier no 1923.

A casa laminar non se puido levar a cabo en Alemaña pola resistencia a introdución do ascensor nun complexo popular. Foi experimentada por primeira vez en Holanda no 1934 nas vivendas Bergpolder de J. A. Brinkman (fig. 3).



Fig. 4. Alvar Aalto. Bloque residencial Neve Vahr. Bremen, 1959.




Fig. 5. H. Hertzberger. Casa de Reposo para Ancianos en Amsterdam, 1972.

A innovación da casa laminar mídese principalmente por tres características:

a) O espazo urbano, en contra do que era tradicional, caracterízase pola abundancia de espazos libres sobre os volumes construídos.

b) Redúcese o espazo da vida doméstica, unicamente dedicado o desenvolvemento de actividades individuais e privadas, factor pouco popular entre moitos usuarios.

c) Finalmente, a creación dunha serie de servizos colectivos nas proximidades do edificio, imposibles de aloxar nas reducidas dimensións das vivendas, factor que pode facer aceptable unha reorganización drástica nos costumes dalgúns usuarios.

En xeral, os edificios laminares encontraron resistencia entre aqueles colectivos cunha forma de vida que as tres características citadas ameazaban con alterar. En cambio, tipo éxito cando se tratou de intervencións dirixidas a categorías especiais de usuarios.

Casas proxectadas de común acordo entre proxectista e usuario, como o proxecto de A. Aalto para a Neve Vahr de Bremen, de 1959 (fig. 4), ou casas de repouso como unha para vellos inválidos de H. Hertzberger en Amsterdam no 1972 (fig. 5).

No se que se refire os bloques continuos, Le Corbusier adapta o «rédent» a situacións mois diferenciadas. Este tipo resulta unha antítese absoluta respecto a cidade tradicional: pode ser insertada nun grande espazo libre «îlot insalubre n.º 6 de París»; superposta sobre a cidade como unha superestrutura que engloba rúas e autoestradas (Argel, Río e Montevideo). Os servizos son sempre articulacións anexas, desligadas das articulacións residenciais (fig. 6).

A casa laminar e o «rédent» marcan o horizonte teórico das investigacións levadas a cabo entre as dúas guerras mundiais, mais só inflúen marxinalmente en obras concretas. En xeral os arquitectos tenden a aceptar a limitacións derivadas da tipoloxía tradicional sen renunciar totalmente os planteamentos teóricos citados. A partir da casa individual aillada xorden as propostas das células transformables e prefabricadas facendo fincapé nos procesos constructivos e tecnolóxicos (fig. 7).

Fig. 6. Propostas de Le Corbusier para a urbanización de Río, Montevideo, e Sao Paulo, 1929.



os rédents para a loma de Fort l'Empereur en Argel, de Le Corbusier (1931)

Como contrapunto a urbanización espallada polo territorio xorden os bloques de casas individuais en fileira de 1, 2 ou 3 pisos que máis tarde se transformarán nunha construción en liña de media altura como susituto de casa laminar (figs. 8 e 9).

Así pois, as investigacións deste período de tempo (do 1924 a 1933) sobre os tipos de edificacións residenciais van do particular o xeral. Tipifícase a prefabricación de cada elemento constructivo, e non a casa enteira. Defínense todas aquelas funcións susceptibles de seren representadas mediante a agrupación de elementos mínimos repetibles que comportan a repetición dun módulo elemental.

Analízase a individualización do módulo repetible e considérase o proceso de agrupación como algo indefinido, susceptible de ser interrompido en calquera punto. En cambio, os edificios de servizos (locais comerciais, salas de espectáculos, locais para reunións) son tratados salientando a súa singularidade e potenciando as súas características de recoñecemento individual.

Na práctica isto traducíuse nunha clasificación de funcións puras en zonas separadas, nunha construción independente de liña de fachada, nunha tipificación de vivendas e dos estándares hixiénicos.

Estes criterios tradúcense nunha serie de enunciados xerais publicados no 1941 por Le Corbusier baixo o título «A Carta de Atenas». O aspecto máis reseñable do documento é a renuncia ós acostumados tópicos sobre a cidade e un novo énfase sobre a vida dos cidadáns. Neste documento distínguense catro funcións: 1, residencia; 2, tempo libre; 3, traballo; 4, circulación; e para cada función compáranse as esixencias deducidas da investigación tipolóxica realizada ata o momento.

Nos primeiros anos da segunda postguerra Le Corbusier elabora no bulevar Michelet de Marsella a «Unite d'habitation de grader conforme». Esta iniciativa define dun novo xeito a relación entre residencia e servizos definindo un novo tipo de unidade funcional dentro da organización do barrio.

As investigacións precedentes que levaron a defini-los mínimos elementos para cada función, eliminaron o modelo de agregación tradicional, pero o novo razoamento tipolóxico permanece limitado pola escala dos elementos mínimos e a súa agregación esquematizada como un proceso indefinido. O mínimo elemento funcional resultaba a súa vez dunha asociación de partes; unha vivenda estaba formada por diferentes habitacións e o seu valor organizativo ficaba definido polo acto de «habitar».

Así pois, a investigación tipolóxica de función residencial pode considerarse como unha función única, definida a un só nivel —o da vivenda individual— que arrinca de cada unha partes e que remata no tipo de edificio, ou ben como unha meta intermedia dunha investigación máis ampla, definible a moitos niveis sucesivos, receptiva a toda unha gama de agrupacións posteriores obtida asociando os servizos de todo grado a un mínimo proporcional de vivendas e a súa agregación máis complexa sería eventualmente a cidade (fig. 10).

Desta maneira queda establecida a prioridade da función residencial respecto a unha gama de servizos subordinados á mesma entre os que se inclúen outras funcións cidadáns —tempo libre, circulación e incluso equipamentos productivos.

As conclusións inmediatas destes planteamentos puxeron en dúbida a distinción tradicional entre arquitectura e urbanismo e a desincorporación de diversas agregacións dos edificios para crear unha zonificación do territorio mediante a composición arquitectónica poderíanse defini-los niveis de agregación superiores a planificación territorial que de feito implicaba a definición preliminar de tódolos niveis inferiores.




Fig. 7. Esquemas e montaxe da célula de unha sola habitación. M. Ginzburg, 1929.




Fig. 8. J. J. P. Ovd. Casas en fileira, na Weissenhof de Stugart, 1927.



Fig. 9. Alvar Aalto. Vivenda en fileira en Surila, 1935.

Fig. 10. *árbore é follas e follas é árbore
casa é cidade e cidade é casa
unha árbore é unha árbore máis tamén é unha grande follas
unha follas é unha follas máis tamén é unha pequena árbore
una cidade non é unha cidade a menos que tamén sexa unha grande casa
unha casa é unha casa só se é tamén unha pequena cidade.*
—Aldo Van Eick, St. Louis, 1962—



Fig. 11. Le Corbusier. Immeuble-Villas, 1923.




Fig. 12. A. Oll y N. Sobolev. Vivenda dúplex servidas por rúa interior, 1927.




Fig. 13. M. Ginzburg. Unha comuna de vivendas.

Tódalas propostas de agregacións normalizadas e repetibles dende as Unites de Le Corbusier ata as de Bakema e Van den Broek romperon o compromiso que permitirá incorporar os resultados da investigación levada a cabo entre as dúas guerras e os plans urbanísticos tradicionais.

A revolta contra o «racionalismo» e os movementos por unha arquitectura «empírica» ou «orgánica» fan inactuais gran parte dos planteamentos de entre guerras. As planimetrías complicadas e irregulares de moitos barrios son o deselance de novas esixencias que rexeitan unha composición de conxunto indefinida e individualizan algúns niveis típicos da agregación entre residencia e servizos, particularmente o nivel mínimo que serve como elemento repetible nas combinacións superiores; así a composición arquitectónica unitaria é o resultado da integración da residencia e os servizos primarios.

Le Corbusier adapta os seus esquemas iniciais («rédent» e «patre de poule») para fins residenciais: o inmóble-villas (1923). Un bloque máis complexo no que están combinados un número de vivendas e servizos e nos que a altura está xustificada en base a esta asociación e non só nunha referencia o parámetro abstracto da densidade (fig. 11).

Paralelamente a Le Corbusier, os arquitectos soviéticos levaron a cabo a súa propia investigación na que o novo tipo de vivenda era o tema central; os resultados, en moitos casos, foron precursores das propias propostas de Le Corbusier como as solucións para células habitables a dous niveis, e a rúa peatonal elevada (figs. 12 e 13).

Poucas foron as realizacións levadas a cabo, pero entre elas cabe destaca-lo edificio Narkomfin en Moscú, dos arquitectos Ginzburg e Milinis (fig. 14). Estes edificios propoñen a agregación dunha serie de células mínimas en torno a servizos comúns; «comunas de habitación», con células de 27 a 30 m² que, as vantaxes da vivenda unifamiliar, unen as de xestión común de certos servizos (fig. 15).

Simultaneamente, Le Corbusier pon a punto a «unite d'habitation de hauteur conforme» despois de recibilo en cargo de construír unha unidade experimental en Marsella. Reúne nun só bloque tódalas vivendas, cos servizos comerciais a media altura. Nas cercanías atópanse o club xuvenil, a escola, a piscina, gardería e o asilo. A terraza-xardín serve para os baños o sol e os exercicios físicos. A unite sperimentale tería que ter sido para Marsella o comezo dunha gran ordenación urbanística con 16 unidades verticais e un número de casas unifamiliares en fileira. Pero o edificio construído quedou como un prototipo illado. Outras unidades foron construídas en diversos puntos da xeografía francesa. As unites quedaron así inmersas nun tecido urbano diverso. A maior forza reside na súa arquitectura, converténdose a vivenda por primeira vez nun elemento dominante na paisaxe urbana tal como se postulara na Carta de Atenas. Sen embargo como alternativa quedaron limitadas a unha simple fase de experimentación e dende o punto de vista funcional non chegaron a ilustrar a plenitude do seu modelo teórico (fig. 16).

A cidade tradicional estaba composta de casas e edificios e o seu dinamismo estaba asegurado pola recíproca adecuación entre ambas as dúas construcións. Estudando a organización de novos asentamentos de grande extensión en plans urbanísticos complexos establececese como elemento base a unidade primaria, conxunto de vivendas e servizos considerada como o mínimo conxunto de vivendas e servizos considerada como o mínimo conxunto proyectable na cidade. A unidade primaria, ou o seu múltiplo, convertíriase así nun novo elemento constitutivo da cidade moderna, caracterizándose pola súa coherencia interior e a súa adecuación exterior.

Os tipos de edificios xerados a través desta hipótese en canto as súas posibilidades de agregación e desenvolvemento son, por unha parte, o bloque individual asentado nunha determinada parcela cunha organización doméstica autosuficiente, e por outra, a estrutura de alta densidade, separada do chan, unida o exterior mediante escaleiras, galerías, rúas interiores, na que un maior número de servizos

poden ser ofrecidos de forma colectiva (figs. 3 e 17). Esta unidade de habitación homoxénea alta colectiviza os servizos arredor dun gran número de vivendas integradas nunha estrutura de moitas plantas. Nestes proxectos, o dato dimensional determina o grado de autosuficiencia da poboación asentada na unidade e as relacións de escala entre o individual e o colectivo. As novas investigacións individualizan novas agregacións e estruturas levándose a cabo unha completa integración das vivendas entre si, destas cos servizos e de cada unidade co entorno urbano.

Neste senso cabe destacar a labor dos arquitectos A. e P. Smithson a partir de 1952. A súa investigación céntrase na definición do espazo peonal no interior dos edificios, deseñando para que en cada planta e en cada vivenda se poidan acoller todas aquelas funcións que normalmente se desenvolven nos espazos urbanos exteriores: encontros casuais, intercambios entre veciños, xogos infantís. No seu esquema denominado Golden Lane City, establécese unha clara modulación no cambio de escala da vivenda a cidade a través das rúas peonais interiores e outras variantes funcionais (fig. 18).

Paralelamente a esta investigación estudiouse a unidade de habitación homoxénea baixa, e dicir, a asociación de casas baixas de alta densidade. Este modelo pretendía manter-lo carácter autónomo da vivenda determinando un límite de agregación conveniente, chegando así a diversidades de edificación incluso non inferiores a dos centros urbanos. As



Fig. 14. M. Ginzburg y I. Milinis. Edificio de viviendas Narkomfin. Moscú, 1928.

propostas xeralmente elaborábanse sobre algún tema ou elemento central no esquema como os proxectos de L. Hilberseimer de 1930 sobre o tema da casa con patio; a proposta de 1.500 vivendas para o Perú no 1969 de Ch. Alexander cuio proxecto integraba vivendas e servizos, autoconstrución, materiais autóctonos, climatoloxía, xeitos de habitar, etc. Pero a realización máis significativa corresponde ao complexo de Halen, preto de Berna, de Atelier 5, no ano 1959. A ley de agregación nas 74 vivendas resulta impecable e non se ve diminuída pola compacidade do grupo pese a súa grande densidade (fig. 19).

Finalmente, a unidade mixta aparece como unha síntese dos dous procesos mencionados. Utiliza algunhas tipoloxías tradicionais (casas en fileira, casas en alíña) xunto a tipoloxías máis actualizadas (bloques con rúa interior). Cada tipoloxía define diferentes ambientes dentro do organismo estrutural no que se ubican as funcións de vida asociada. A coherencia do novo método define, dentro dunha escala paisaxística, os diferentes niveis de agregación e a proxección arquitectónica dos elementos individuais.

A serie de proxectos de Bakema e Van den Broek nos que o problema da repetibilidade é afrontado de maneira deliberada, sintetizan coa súa persuasiva imaxe arquitectónica todo o conxunto de razoamentos teóricos que lle precederon (figs. 20 e 21).




Fig. 15. M. Bartch y V. Vladimirov. Proxecto da casa común. 1929.




Fig. 18. A. y P. Smithson. Golden Lane City. 1952.




Fig. 16. Le Corbusier. Unite d'Habitation. Marsella, 1945.

Fig. 17. Michiel Brinkman. Spangen Quarter. Rotterdam, 1919.





Fig. 20. Bakema y Van den Broek. Complexo residencial Wandelbos. Tilburg, 1966.




Fig. 19. Atelier 5. Siedlung Halen. Berna, 1959.

Fig. 21. Bakema y Van den Broek. Plan Pampus. 1965.








Vista xeral da Coruña.
Unidade vecinal número 3 de Elviña
no primeiro plano.



Maqueta e planta xeral do conxunto.



ALZADO SUR



ALZADO NORTE

Nesta mesma aliña —e a modo de síntese— cómpre destaca-la a unidade veciñal número 3, de 400 vivendas no polígono de Elviña, na Coruña, obra de Xosé Antonio Corrales no ano 1965 (fig. 22). As vivendas distribúense en tres tipos de edificios: a) 3 longos bloques liñais, paralelos e illados con orientación mediodía e acceso norte, que varían entre 6, 7, 8 e 9 plantas; b) 11 vivendas en fileira, con dúas plantas cada unha e patio exterior privado; c) 3 bloques de vivendas en torres de 5 plantas cada unha.

Unha rúa peatonal aberta, situada na altura da quinta planta da fachada sur, percorre os tres longos bloques paralelos, unidos entre si por varias pontes; a rúa peatonal serve de paseo cuberto, de acceso as vivendas superiores, e de servizo para os locais comerciais neste nivel.

A circulación peonal por acera sobre o terreo segue a fachada norte dos bloques onde se encontran os portais de entrada e crea unha rede camiños lóxicos que conectan os accesos das vivendas cunha praza pavimentada ó redor da cal sitúanse a gardería infantil, o garaxe, locais de reunión, cafetería, supermercado e o centro parroquial.

Debido a acusada pendente este-oeste do terreo, o acceso dende o exterior ata a rúa elevada realízase directamente na parte máis alta do terreo, ou mediante tres núcleos de ascensores distribuídos polo complexo. A disposición en liña das vivendas permite acceder cada dúas unidades por un núcleo de escaleiras.


Os bloques son máis anchos nas plantas inferiores e máis estreitos nas superiores, mentres que as vivendas teñen un mínimo de anchura e un máximo de profundidade integrándose máis vivendas en menos fachada. Os diferentes tipos de vivenda oscilan entre 77 e 146 m² e están construídas con un módulo único de 0.90 m. con un pequeno patio interior (ou na fachada) no se integra o núcleo de servizo de cada vivenda.

O conxunto é portador daquela animación e flexibilidade de tan desexado pola arquitectura vangardista: posibilidade de elección entre diferentes tipos de vivenda; o uso da galería peonal como alternativa de espazo público máis próximo e controlable; desenvolvemento de células unifamiliares cunha densidade respectable; centralización de zonas compactas de instalacións (cocinas, baños) que deixaba libre os ambientes de estancia e descanso no resto da vivenda; a integración do binomio vivenda-servizos como núcleo autosuficiente dentro do contexto urbano.

A investigación sobre as unidades de habitación —por causa do carácter dominante asignado a vivenda polo Movimiento Moderno— ten un valor metodolóxico e unha tendencia, na arquitectura da segunda postguerra, cada unha cidade moderna onde as funcións están relacionadas mediante nexos constantes e na que unidade de habitación e o principal elemento constitutivo dentro dun organismo agregacional unitario co grado de liberdade para o desenvolvemento e modificación da cidade.




Fachada sur do bloque 3 con rúa peatonal no 5.º nivel.



Zona de servizos colectivos entre os bloques 1 e 2. Edificio do mercado.


Algunhas plantas e seccións típicas.



Bloques de vivendas torre.



Vivendas individuais en hilera.




Fachada sur do bloque 2 e fachada norte do bloque 3 con ponte de unión da rúa peonal e núcleo de ascensores.

Praza central pavimentada con garaxe subterráneo, soportais, edificio do mercado, rúa peonal elevada e ponte de unión entre bloques 1 e 2.



BIBLIOGRAFIA

L. Benévolo, La proyección de la ciudad moderna, Editorial Gustavo Gili, S. A. Barcelona, 1978.
 C. Aymonino, La vivienda racional, Editorial Gustavo Gili, S. A., Barcelona, 1976.
 S. O. Chan, Moisej Ginzburg, Franco Angeli Editore, Milano, Italia, 1983.
 A. y P. Smithson: the Shift, Architectural Monographs 7, Academy Editions, London, 1982.
 Van den Broek / Bakema, Editorial Gustavo Gili, S. A., Barcelona, 1978.
 R. Sherwood, Vivienda: prototipos del Movimiento Moderno, Editorial Gustavo Gili, S. A., Barcelona, 1983.
 Polígono de Elviña, Revista Hogar y Arquitectura, n.º 59, julio-agosto 1965, pág. 9.
 Corrales y Molezún, Xarait Ediciones, Madrid, 1983.



DATOS PERSOAIS

- | | | |
|---|--|---|
| 1956. Remata a Carreira na E.T.S.A. Madrid. | 1968. Bosch. | 1977. Banco de Vizcaya. A Coruña. |
| 1958. Chalet Araújo. | 1969. Edificio de Vivendas Porta Real. | 1978. Facultades de Matemáticas e Bioloxía. |
| 1960. Coca-Cola. | 1971. Banco de Bilbao. Pontevedra. | 1979. Centro de Cálculo (I). |
| 1961. Banco de Bilbao. A Coruña. | Rehabilitación Casa Rosalía. Padrón. | 1980. Escola de Idiomas. |
| 1964. SEAT. | 1972. Benquerencia. | 1982. Centro de Cálculo (II). |
| 1966. Sargadelos. | 1973. Hortanova. | 1987. Polideportivo. Santiago. |
| Hípica. | Biblioteca Xesuitas. A Coruña. | Piscina. Santiago. |
| 1967. Vivendas Pescadores. Sada. | 1974. Casa Jessen. Oleiros. | 1989. Pasatempo de Betanzos. |
| | Banco Pastor. Santiago. | 1990. Estadio. Santiago. |
| | 1976. Vivenda Montecelo. | |

A sociedade ten, a miúdo, unha imaxe do arquitecto desenfocada, decepcionante (¿real?). As relacións entre ambos son en moitos casos anómalas e pouco claras. Situación extraña, xa que o traballo do arquitecto, a súa posibilidade de facer Arquitectura, é por encargo desta sociedade —particulares ou institucións— que non confían moito nel. Porque, todo hai que dicilo, soen ter unha ignorancia consabida e frívola sobre que é e para qué serve tal arquitecto.

Cuestiónase ó arquitecto e á docencia desde a Universidade, os Departamentos e a «cultura». En xeral, son dous mundos que se ignoran: «Aprender para ensinar» e «aprender para facer».

O ensino e a mesma Arquitectura están hoxe sometidas ó impacto dos factores de crise, nun clima de contradicións ideolóxicas que leva a confusión ós obxectivos, por carencia ou por exceso. Pola contra, a proliferación de técnicas e de «productos», de marcado signo consumista, contribúe a complicar opcións. Hai exceso de comunicación e falta de reflexión. Aínda non se fixo a análise crítica en profundidade que, sen chegar a reduccionismos falsos, clarifique conceptos, poida que pola vía intelixente da elementalidade.



*Debuxo do Xardín de San Carlos.
A Coruña, 1951.*

A ARQUITECTURA DE FERNÁNDEZ-ALBALAT

Fotografía: A. Fernández-Albalat

Miguel González Garcés (+)


60

Na páxina 94 dos «Cuadernos de la Romana» de Gonzalo Torrente Ballester, dos que a primeira edición consta que é do ano 1975, di, nunha das notas publicadas a modo de diario: «Hace tiempo que no he recorrido La Coruña con calma. Mis últimos viajes aquí han sido de paso. Me sorprende su pujanza y me alegra que no se haya cometido el disparate urbanístico de Vigo, pues, aunque esto no sea un elogio sin restricciones a la nueva Coruña (hay errores, ¿dónde no?), en general parece como si se quisieran evitar ciertos desastres. Acaso me equivoque. Desde la ventana de mi hotel veo un edificio en construcción, una de cuyas fachadas inicia justamente el famoso frente de cristales de La Marina. No repite las viejas balconadas, que serían hoy carísimas, pero, sustituyendo madera por aluminio, se logra un efecto semejante. Muchos de estos balcones están destinados a desaparecer en los años inmediatos, o por su vez o por otras causas. Si la sustitución se lleva a cabo con buen tino podría conservarse algo que constituye la fisonomía tradicional de La Coruña y la base de su belleza».

Clara e definidamente refírese Torrente Ballester ó edificio da rúa de Santiago número 1, proxectada por Andrés Fernández-Albalat, en colaboración en parte con Reboredo e non só aproba a súa concepción senón que mantén a esperanza na solución para conserva-la fisonomía tradicional da Coruña, base da súa beleza.

Hai anos agradece o esforzo de arquitectos e particulares por mante-lo aspecto encristalado —defensa da choiva, aproveitamento da luz, logro estético en si mesmo e sentido precursor de novas arquitecturas— da Coruña, baseada nas galerías. Que, paradoxicamente están sometidas a gravame ou imposto municipal, en lugar de faceren as autoridades municipais as exencións necesarias a aqueles que procurasen conserva-la belísima consecución estética, tan xenuína, das galerías. Pero este punto, sinalado por alguén tan marxinado da Coruña que nin sabe chamar galerías ás galerías, unicamente impresionado polo acerto estético, creo que é unha das bases das que hai que partir para o coñecemento da obra de Fernández-Albalat. E que non se diga que o aluminio ou a galería de Albalat non é a tradicional coruñesa. Unha das virtudes da edificación coruñesa é a posible variedade no matiz respecto ó planteamento común. Non hai maior diferenza estilística entre unha galería de Fernández-Albalat e outra calquera da Mariña que a que existía entre a Casa Batanero, proxectada por Ciórraga, e a Casa Rey, do arquitecto Galán. O modernismo desta última contrasta co estilo de Ciórraga, que sendo anterior parece colocarse máis na liña do muro-cortina ou da arquitectura racionalista.

Pero neste aspecto estamos na liña de conservar, coas modificacións esixidas polo correr dos tempos e a novidade dos materiais e a carestía dalgúns antigos, algo xa conseguido anteriormente. Non se trata duns edificios exentos senón de partes dun conxunto. A creación, aínda que exista, ten que subordinarse á necesidade estética e ás condicións sociais e climatolóxicas dunha cidade. A galería é un formidable acerto coruñés. A arquitectura coruñesa ten que seguir, no posible, na liña tradicional estética e práctica desta consecución. Non podemos romper e crebar este conxunto harmónico. Desgraciadamente, a pesar do optimismo de Torrente, na Coruña fixéronse moitos disparates por ignorancia de arquitectos, por intereses creados ou por carecer dun plan non coactivo na expresión —o que sería absurdo— pero sí dunha ordenación mínima de espazos urbanos e alturas que non danasen o xogo das proporcións, as luces, o cristal e o mar, conxunto coruñés do que non se pode prescindir nin esquecer. E sen que lle falte á cidade branca e azul o toque verde da súa vexetación. O que preocupa —afortunadamente— a Fernández-Albalat nas súas creacións —como veremos— e tanto temos que lle agradecer. Porque A Coruña —repetino reiteradamente— non é só unha cidade na paisaxe senón que ela mesma é paisaxe. É esta sensación que témonos artistas e poetas coruñeses creo que nos conforma en moitos sentidos. Polo menos na captación sensible dunha serie de aspectos que, como veremos, determinan que a arquitectura de Fernández-Albalat sexa como é e non outra. Albalat é un arquitecto



*Chalet Araujo.
Oleiros. A Coruña.*

to galego. E quere selo. E dentro disto, un arquitecto coruñés. Ou, polo menos, un arquitecto galego de costa mariña, de visión de natureza e mar.

No comezo da súa obra está a influencia de Richard Neutra, quen xa coñecera en 1911 a obra de Wright. Pero no chamado «Estilo internacional» (Lew Health House de Los Angeles) a construción intégrase no medio, usa os desniveis, utiliza estruturas en diversas cotas..., xoga con placas e balcóns... Máis tarde é Wright quen fai a Casa Kaufmann e incorpóraa á paisaxe. Pero en 1946 Neutra fai a tamen Casa Kaufmann ou «Casa do Deserto» en Palm Spring, na que integra a paisaxe dentro da vivenda. Hai que lembrar a terraza cuberta e a acomodación ó medio. En 1948, a Tremaine House, de Santa Bárbara. En 1952, a Moore House, en Ojai. En canto á consideración do medio, o paisaxismo, a despreocupación pola fachada ou exterior e o coidado do ámbito interior —no que se opoñía en certo modo ó Racionalismo ou á chamada Arte Moderna— o camiño está iniciado. As estruturas e a concepción variarán. Pero hai xa a posibilidade dun camiño aberto.




En certo modo Albalat déixaa polo funcionalismo. Quizais os encargos pesaron sobre el. A determinación de ter que adaptarse a un ambiente, como no caso das galerías, ou a unha construción xa unificada, aceptada, que imperiosamente marca a obrigada continuidade ou o funcionalismo dos edificios da Coca-Cola ou Seat.

Pero se a poesía está no poema, a arquitectura está na obra, non no proxecto. E o camiño de liberdade de execución deullo Díaz Pardo. En Sargadelos e no Castro de Oseido, onde parte dunha trama triangular, compoñendo hexágonos, e o espazo prodúcese en recorrido, mais con repousos de contemplación. En Sargadelos o espazo anélase en si mesmo —acomodándose ó medio— conformando un espazo interior circular. Harmonízase o lineal, periférico e funcional, co circular interior que acolle un proceso de fabricación, o que crea unha tensión espacial sucesiva e sen solución de continuidade.

E hai dúas consecucións que máis que culminación son camiño para futuros planteamentos e logros: Banco de Bilbao na Coruña; Benquerencia, na costa da provincia de Lugo.

No Banco de Bilbao da Coruña, no seu edificio central, a pretensión é o logro dun espazo interior e secuencial de planos e luces. Trátase dun espazo alongado —é un solar de moito máis fondo, proporcionalmente, que anchura— con lixeira creba no seu eixe lonxitudinal e espazos menores limitados, con personalidade propia nos que hai máis zonificación, insinuada, que fragmentación, nos que a luz vai adquirindo sutilísima gradación de intensidades. O conxunto está concebido como síntese ideal de perspectivas que se apoian ás veces en leves cambios de altura no solo, e no grafismo de elementos complementarios como xardinería ou mamparas. Xogos de color matizados —non neutros— co fin de crear un ambiente calmo. Preocupación polas masas e os volumes —que vai ser unha constante nas futuras construcións— e —tamén outra constante— coidado nos detalles, como nos apliques de Sargadelos, deseñados por Isaac Díaz Pardo, o gran pintor e ceramista. Nas macetas, pulimentado aceiro. Os materiais e cores temáticas son a branca, a madeira de nogueira clara e apoiaturas lineais de aceiro prateado. En harmonía co gris maior que anuncia a paisaxe dos máis belos días de Montecelo.

E o verde. Que é color, pero sobre todo, vida, natureza, presenza galega en espazo cerrado e comprimido polas edificacións laterais, alleas. Créase un gran espazo na zona central —preludio do que vai se-la fermosa consecución do Centro de Servicios de Pocomãco, na Caixa de Aforros— que se vai elevando en ascensión aberta, e outros espazos secuenciais nos que por medio de planos e luz se logra un dinamismo lento, rítmico.



SEAT. A Coruña.
Vista posterior.

Unhas pilastras de aceiro —gris opulento—. Grandes superficies brancas. Mármore veteado con impresión vexetal. Madeiras tamén veteadas —de nogueira— con impresión marmórea. Manchas amarelas. Desde o alto, a cadencia de plantas verdes, descendentes, suavizan luces e espazos. Teito ritmado, que suliña direccións de espazo con efectos de tradicional perspectiva e cobre un horizonte de verdes colgantes. O inorgánico, o xeométrico, co seu contrapunto. E un pequeno xardín e unha fonte.

En Benquerencia, pola contra, o problema é a acomodación dun edificio a un espazo aberto, en plena natureza case hostil, desolada en canto vexetación pola area dunha fermosa praia combatida polas ondas e os ventos do Cantábrico. Neste aspecto bravo de Galicia non cabe —como vai ocorrer en Montecelo— soamente a interpretación persoal de Alvar Aalto. Hai outro camiño, que en certo modo tampouco serve: Wright. Trátase dun conxunto escolar que é ó propio tempo residencia. Pero ademais, inevitablemente, á acomodación á paisaxe que se volve ás veces ameazante, tamén había que solventalo perigo dunha gregarización do edificio pola índole da finalidade residencial. Hai aquí un canto expresivo —e necesario— á tradición pétre na forma actual rochosa, combatente do vento e o mar, nas masas, non altas, de formigón. Trátase en planos crebados. O que se pretende é que, trala defensa, se poidan crear unha serie de espazos entrelazados, secuenciais, independentes, dispostos ó longo dun eixe acristalado no que se aproveite —constante tamén de Albalat— a luz cenital. Os espazos non soamente adquiren a súa independencia-dependente respecto ó uso gregario mediante os compartimentos estancos ou as distintas dependencias hiperbolizadas na súa función como a lareira ou a capela, senón que na incorporación do edificio á paisaxe e a diferenciación entre o construído e o natural do conxunto, planteáese o edificio no seu interior —ó modo de Alvar Aalto, pero con solucións galegas— no coidado, minucioso, do detalle. Na moblaaxe, nos pequenos adherentes e agregados elementos funcionais que xa —e moito máis no futuro— van servir de adorno. A moblaaxe vai ser en Albalat un elemento complementario do constructivo. Escollida nalgúns casos por el. Deseñada por el mesmo sempre que é posible. Benquerencia é o resultado dunha incorporación á paisaxe. Cun sentido último de aproveita-la paisaxe na súa brutal fermosura libre, pero tamén de defenderse dela en canto á agresividade dos elementos naturais.

Tanto no conxunto de Benquerencia, de 1972, como en Montecelo, de 1976, aínda que se vexan as radicais diferencias motivadas pola distinta paisaxe e finalidade, e nas Facultades, de 1978, como na Escola de Idiomas da Coruña, hai unha acomodación ó medio. O que non quere dicir servilismo respecto del. O medio, en cada caso, modifícase, ás veces, pero xeralmente é o edificio o que se acomoda, con suavidade máxima, sen forza-la aparencia de incorporación á paisaxe, pero coa preocupación, que se pode chamar musical —tan propia do melómano que é Albalat— de que harmonice coa paisaxe. Contando con elementos que non sexan da paisaxe e aínda que lle sirvan de contrapunto.



Sargadelos.
Vista aérea.




1

A sombra benefactora de Alvar Aalto nunha paisaxe en certo modo semellante. Pero tamén diferente. Sendo, Alvar Aalto, sen ser Alvar Aalto. Galicia non é Finlandia. Albalat non é, nin pretende ser, Alvar Aalto. Aparencia de sinxeleza e naturalidade. O adorno ten que ser tan naturalmente necesario que non pareza ornamentación. E mesmo pode te-la sinxeleza, oportunidade e gracia do pequeno defecto embelezador. «¡No lo toques ya más / que así es la rosa!», presupón, aínda que ás veces non se queira ou poida comprender, que o poema hai que tocalo ata que sexa a rosa. O poema e toda a obra de arte ata que teña a beleza da rosa. Pero non a xeométrica rosa dos ventos. Non é a simetría o que vai xera-la beleza. Non se trata de construír ó modo de Palladio, por moi fermosos que nos parezan os seus templos ou a Vila Capra, denominada, como todos sabemos, «La Rotonda». A acentuación da simetría, ou a acentuación do artificio, ou a mestría arrevesada do virtuosismo, parecen competir —vanamente, Gaudí— coa natureza. O que se trata é de conserva-la aristocracia da contención.

Prescínlese do concepto fáustico da fachada. Tampouco, en xeral, un potente foco central. Se existe, é en función da luz. E aínda así, disimulada. En Galicia fainos falta —ás veces esquecese ou esqueceuse— gran cantidade de luz cenital.

Tampouco se pode, xa, insistir no interese dunha escalinata, unha portada, pero tampouco nun testeiro determinado. Nin sequera do bloque como tal. O que importa primordialmente é o espazo. Pero a arquitectura xa non pode pretender cerrar un espazo —conter Florencia baixo a cúpula do Duomo sería o soño de Brunelleschi—, aínda que ese espazo se abraza pola perspectiva, senón xera-la posibilidade dunha serie de espazos secuenciais, en relación co tempo e o ambiente. Por iso hai —e moi especialmente en Benquerencia, nas Facultades de Matemáticas e Bioloxía de Santiago de Compostela, e na casa unifamiliar de Montecelo, en Bergondo— cando se está a facer paisaxe, unha aparencia construída adaptada á variedade do terreo —nunca no posible nun só plano a construción e diso xa había exemplo precioso en Albalat no Motel «El Hórreo» en Corcubión, onde unha solución de volumes fragmentados escalonados, modulada pola repetición de equivalencia; e a obra era xa de 1964— ou a tonalidade diversa de luz. Que xoga, varía, vive, voa e vibra na Coruña —unha maravilla espléndida a pureza da luz na Coruña— e en Galicia. Hai unha simultaneidade do medio actuando na obra e a obra modificándose ó ritmo do medio.

Tanto en Benquerencia como nas Facultades de Matemáticas e Bioloxía de Santiago de Compostela preténdese que os espazos non sexan enormes e moito menos gregarios, senón que se adapten ó módulo individual humano





2

3

—máis á respiración e a visión— e os aposentos teñan unha personalidade propia e ben definida. Por iso o adorno debe ser simple e, de ser posible, engadido. Unha escultura, un cadro —a exquisitez neste sentido vai ser Montecelo—, unhas plantas, que non teñen que permanecer fixas, constantes e inalterables, senón que seguen na súa presenza un ritmo vital que vai creando na súa incorporación ó arredor do recinto a personalidade do espazo.

O conxunto non está visto como tal. A visión ten que ser deslizante na paisaxe. Por unha parte —por medio de plantas, moitas veces colgantes, de vexetación, coa espontaneidade, fresca e verdade do adorno vivo, e polo tanto dinámico— incorpórase o espazo edificado ó conxunto. Por outra hai unha secuencia de planos nas distintas alturas, intensificados na sucesión dos puntos de visión. Mesmo polas cubertas de cristal nas que viven e actúan a choiva e a luz. Non se trata de balcóns, nin terrazas, nin aínda —e sería o máis próximo, coruñés e práctico en Galicia— de galerías. É un espazo que se desliza —insisto— de plano a plano. Un espazo encristalado e con elementos vexetais comunícase con outro de distinta altura. Vanse sucedendo, esvarando ata adentrarse no cercano —paradoxicamente en Galicia é así— horizonte.





A visión próxima-lonxana pode se-la dun outeiro ou dunha serie deles —tralo mar, vense, necesariamente na metade da Coruña—, a ría, a praia e aínda o mar. ¿O mar como cercano horizonte? Non hai nin a máis posible dúbida se se trata dunha ría, do mar dunha ría. Pero aínda é máis forte a afirmación. Se nos referimos ó mar aberto —ó mar de Benquerencia, por exemplo, e ó de certas perspectivas e non de ría, de Montecelo— tamén o horizonte pode estar próximo. E non só pola néboa ou a choiva que fonden ou achegan límites. Os planos, os puntos de vista, ó descender, fano máis cercano. Ó abri-los grandes ventanais na parte baixa do edificio achégase o horizonte. E créase o milagre luminoso e temporal e espacial de horizonte todo o aberto que queiramos, pero próximo, vivinte, aleteante, íntimo, humano.

1. Conxunto Escolar. Residencia en San Cosme de Barreiros. Benquerencia. Lugo.
2. Planta do conxunto.

Conxunción de tradición popular —incorporación á paisaxe— o acontecer no ámbito espacio-tempo, luz, pedra, madeira, conxugadas con materiais novos e novas técnicas.

Hai que partir de que se dixo que a arquitectura é unha arte da intelixencia. A un arquitecto galego non lle pode chegar. Ten que ser, tamén, arte da sensación, da sensibilidade.

Montecelo. A casa. Unha casa. Unha casa ten que ter lume, aire e auga. E luz. E, se se pode conseguir, árbores. Non é un espacio pechado, senón un espacio de comunicación. A imaxinación aumenta os valores da realidade. Pero a realidade contribúe a aumenta-la imaxinación. A realidade axuda á imaxinación. A casa é unha ventá, non só un modo de recollerse, de illarse. Si, é o lugar no que se soña e traballa en paz. Pero tamén unha posibilidade de horizonte. Un gran berce. Tamén un barco. O problema quizais sexa enraizar unha casa nun medio. E facer que florezca o aire na casa.


Non se trata de adentrarse na paisaxe, senón de incorporarse á paisaxe. Non meterse na cascata, como fixo Wright na Casa Kaufmann, aínda que sexa magnífico terse metido nela. Non é pretender vivi-lo estrondo musical da cascata, aínda que os materiais e a forma fosen a única escultura que a decorasen e Albalat sabe o perigo dunha decoración afofante e misticadora. A casa de Albalat en Montecelo está feita para escoita-la ría lonxana, Bach, o melro e, sobre todo, o silencio.

Montecelo está situado nun castro. É un castro. Domina a visión da ría de Betanzos —incrivelmente fermosa—, os montes, as cerdeiras en flor en abril, os eucaliptos sempre, as luces cambiantes e o horizonte de mar. Non se pode coñecer a Albalat sen coñecer Galicia. E A Coruña. E Montecelo. Benquerencia, na costa cantábrica é, xa o dixen, unha incorporación defensiva. Montecelo é unha incorporación aberta, dominante e plácida. Incorpora-la paisaxe no edificio. Non só contemplalo, senón vivilo, senti-lo seu latexar.

Quizais a máis bela consecución, ata o momento, de Andrés Fernández-Albalat sexa, nos seus dous tempos de Centro de Cálculo e Centro de Servicos, os edificios no complexo de Pocomaco na Coruña, da Caixa de Aforros de Galicia, que proxectou nos anos 1979 e 1983.

Agora, a lonxana inspiración atopámola en Stirling. Sen abandonar de todo os outros queridos e asimilados precedentes.

3. 4. 5. Facultades de Matemáticas e Biolóxicas. Campus Universitario de Santiago de Compostela. A Coruña. Vista aérea do conxunto. Corte polo vestíbulo. Interior do vestíbulo.



5

O home ó situarse nunha casa, nun espacio, integra percepcións continuas. E non soamente percepcións, senón obxectos. Sempre en sucesión, en discontinuidade continuada. Refírome ó home que habita unha casa actual, de Albalat, por exemplo. Non se trata de plasma-lo estatismo —maravillosamente falso— grego, ou o máis falso —inerte— exipcio, senón o fluír da cascata ou a propia cascata que é o mesmo ser e cada instante distinto nas súas augas e as súas luces e na súa respiración rítmica, pero discontinua. O espacio é agora algo sentido como fluínte, alterado, sen que os ángulos recorten ou limiten. Son unha fiestra aberta ó tempo, ó novo acontecer. Isto é moi propio do galego. Variable nos ventos, nas luces, cuns crepúsculos moi lentos. O sol cae nun cuarto de hora en Atenas. O Partenón ou os Propileos ou o Templo da Victoria ou o Erecteo hai que velos ou á luz ou á sombra. Un templo románico hai que velo —en Galicia— na sucesión das luces. Nas catedrais góticas, só-boos Monet. Que non era galego. Pero que puido ser xaponés. Movilidade fluínte do existir, da luz. Que non se transmite —¡qué admirable goce sabelo agora!— en liña recta.

Podería falarse, creo, dunha liña —aunque os antecedentes de Palladio están claros, e tamén por iso— Palladio-Mies van der Rohe, que é a hipérbole de pretensión de inmovilidade, de pureza esencial con aspiración eterna —¡e Herrera!—, e doutra Palladio-Katsura-Wright-Alvar Aalto-Siren-Pietilla-Albalat. Malia as enormes diferencias que se poidan sinalar en cada un deles.

6. Montecelo. Vivenda do arquitecto.

6



A consideración do medio adquire nestes edificios un aspecto totalmente diferente. A paisaxe non existe, ou é moi fea, na parte quizais menos agradable e de menor contacto coa natureza da Coruña, e as edificacións circundantes fluctúan entre o horrible, o horroroso e o espantoso. Uns almacéns sen gracia nin xeito, nin tan sequera gratamente pintados, que nos procuran a sensación de algo fracasado e vello desde o seu nacemento. E, de súpeto, contrastando co medio, a concepción actual dun novo modo de sentir e ve-la arquitectura. A subordinación ó funcional dos servicios é relativa. E mesmo felizmente aproveitada. Nun lugar de aparencia inhóspita e arredores adversos, do que tivo que fuxir por medio da anulación e non a superación, xurdiron estes edificios-oasis.

O local, o material, o proceso constructivo como lingua dunha expresividade na que a beleza non se perde na función, a intencionalidade de non esquecer nunca o home e a luz e a vexetación; a clara plasmación do propósito de non renunciar ó pasado tradicional galego sen esquecer-la necesaria actualización do emprego dos materiais máis modernos, futuros, xa que se procurou perfeccionar-la técnica ata o máximo, van desde a consideración poética do espacio ata o coidado deseño e a moblaxe.

A miña gratitude a Stirling no que máis ou menos deixou unha pegada da súa presenza. As bibliotecas estaban nos faiados ou nos recunchos apartados. Conseguiuse nalgunha ocasión que tivesen, case, unha igualdade de importancia con outros edificios. Ou os magníficos logros de Alvar Aalto no Centro Wolfsburg, en Seinäjoki, en Rovaniemi. E, sobre todo, a biblioteca de Viipuri —lamentablemente destruída— cunha nova organización do espacio e das circulacións. Coa súa sala de conferencias na que o teito ondulado —recordado dalgún modo por Albalat na Escola de Idiomas da Coruña— non só buscaba a consecución óptima dunha acústica, senón tamén un novo concepto das formas. Pero unha Facultade de Historia, un organismo enteiro educativo, realizado en función dunha Biblioteca é unha aportación que nunca agradeceremos bastante os que tivemos que loitar ó longo de anos e anos cos ofrecementos máis inverosímiles de locais con destino a Bibliotecas. Por iso a Facultade de Historia da Universidade de Cambridge, coas súas 300 prazas para lectura e a súa armadura metálica dominante e superficies acristaladas son unha gozosa consecución. E non só para Albalat motivo de fruición e ensino.


No Centro de Cálculo da Caixa de Aforros, todo o edificio está en función da gran planta dos ordenadores. Esta é un espacio amplo e libre na que é primordial a protección máxima e o illamento. O racionalismo imponse. As grandes cubertas de cristal, que van caracteriza-lo edificio, substitúense pola protagonista protección, opaca e maciza.

No resto do edificio puido Albalat xogar coa máxima liberdade tanto no exterior como no interior.

Partiuse do racionalismo con respecto e admiración polo formigón, quizais un dos protagonistas máis que oculto, subxacente. Pero o racionalismo facía unhas construcións tan abstractas como asépticas, propias de hospitais ou sanatorios. E cando se abandona este concepto é, paradoxicamente, no Sanatorio de Paimio, de 1929, de Alvar Aalto.

Do sanatorio ou hospital pasouse, quizais, por Stirling, á construción dunha biblioteca aberta e iluminada como centro orgánico do edificio. En Albalat hai tamén a necesidade de expresar e aproveitar e utiliza-lo funcionalismo orgánico. E así pásase á creación dun mundo paisaxístico. Non é unha paisaxe exterior na que se acomode o edificio con interdependencia e disfrute dun medio dado, senón a paisaxe creada no propio interior, como refuxio e posibilidade de axudar á vida.

Co manexo dos novos materiais —poliester— logrouse a consecución de grandes planos amarelos, sen combarse. E na entrada deste Centro de Cálculo, planos sucesivos e elementos de metal co seu xogo de liñas. E o goce do cromático e a luz. Ventanais a nivel do chan. Aparencia de grandes volumes e superficies acristaladas en diversos planos de altura. Hai un auténtico virtuosismo no manexo dos planos, e da luz cenital, obsesión de Albalat.



2





Volumes que harmonizan co clave, alixeirados coa cor e os materiais de nova técnica. Emprégase a amarela cálida e a verde. E introdúcese, en canto é posible, a vexetación. E o entramado metálico e o acristalamento dominan na parte estética contribuíndo decisivamente ó obxecto da función do edificio.

No Edificio de Servicios da Caixa de Aforros, tamén situado en Pocomaco e relacionado co Centro de Cálculo pola proximidade e pola intención de facer de todo isto un conxunto harmónico en volumes e color, o planteamento do edificio é, sen embargo, distinto. Aquí vai se-la creación dun gran espacio interior, paisaxístico, amplo xardín, cunha finalidade ambiental, o que se impoña.

A entrada é máis ampla que no Centro de Cálculo e os planos alternanse nas distintas alturas con distribución libre. Ás grandes cubertas translúcidas engádense os grandes planos de cristal laterais, tersos, seguindo unha tradición galega, coruñesa, de inmediatez da superficie acristalada a caras exteriores, con obxecto de aproveita-la luz. É un gran —e fermoso— volume de cristal. A posible —ou imposible— monotonía rómpese co amarelo mecanicista de dúas escaleiras ó exterior. O céspede verde acompaña o enorme e reflexante cristal. A impresión, o efecto, é bellísimo.

Parece que todo edificio obedece a unha intención ou un programa ou unha proclamación de propósito ou sentido de vida: «O traballo non é triste». E ten que procurarse que o acompañe a ledicia, a luz e a color e a música e a vexetación máxima e o verde repousante. Créase un espacio interior que é un amplo xardín. Unha gran nave, ou tres naves interdependentes, abovedadas en planta alta. A central, con luz cenital totalmente acristalada, dunha gran lonxitude. Plantas, luz e perspectiva. Perspectiva interior de xardín continuado. Sería un pracer para os xaponeses. Pero eles quizais o rompesen en planos discontinuos. Eliminarían a perspectiva. Aquí baséase o logro, feliz, na continuidade perspectiva alegrándoa, distraéndoa, con vexetais e color.

Estase actuando nunhas plantas de pisos intercomunicados, pola gran abertura central, na que o nexo é a enredadeira vexetal, que permite a lectura, adiviñación, case total do espacio interior. E a intercomunicación —tamén por medio do xardín— das naves da mesma altura en canto plano do piso. Ousadamente, non se tivo medo ó conxunto como tal e non se creou unha independencia secuencial, como no Banco de Bilbao, por exemplo. Superado xa o fermoso e importante logro, no Centro hai maior mestría na utilización dos materiais. Tamén uso da luz e os espacios.

Os tres espacios superiores están abovedados. O do centro —cristal no cristal— unha liña azul de aireación. Os elementos necesarios sustentadores, conformadores, transfórmanse en novos matices estéticos. No exterior hai uns elementos que parten de Stirling e que son en Albalat unha mestura de lembranzas mariñas e musicais. Xogan co seu complementario, o xa citado amarelo.

Na nave central o azul xoga tamén co amarelo. Pero estase nun espacio que, cheo de vexetación, de espléndido xardín, domina o verde. Por iso aparecen as lámpadas co seu vermello suave que tamén complementariamente harmonizan e contrapuntean á vez a impresión dos verdes. Constrúese tamén coa color. En pintura xa se sabía. O curioso e novo e gozoso é que a color constrúa en Arquitectura. Con sentido harmónico. Se hai berro non hai construción. A da color non ten que ser unha música calada, pero sí unha música insinuada.

Os ventanais laterais, amplos, temen a visión media, fea, e páranse e comprácese e reviven na forza vital e repousadora do verde do céspede que florece —milagrosamente— ó pé da ventá, pero na súa mesma altura, nun piso elevado. É un halo verde e vivo ó ventanal altivo.

E, insisto, se hai unha aireación indispensable para que permita a vida humana plena e cómoda —no verán a luz cenital podería ser causa de calor excesiva en espacio cerrado—, e a necesaria para o esplendor dos vexetais, tanto de follas como de flores, que se volva, mediante o tubo azul, en elemento máis de plenitude, de fermosura.

1.4. Escola de Idiomas da Coruña. Vista do interior do Salón de Actos.

2. Interior da Casa Museo Rosalía de Castro. Iria Flavia. A Coruña.


3.5. Conservatorio de Música da Coruña.


Grandes planos de poliéster amarelo. Grandes planos acristalados. Sucesivos. Plenos. Formigón. Desprazamento do protagonismo dos pilotis, pero utilizándoo cando —planos de entrada— se considera necesario. As tres grandes bóvedas. A gran bóveda acristalada. O xardín de cristal e plantas vexetais interdependente nos diversos pisos e creador dunha perspectiva. Dunha perspectiva harmónica e plena que determina que este edificio, e concretamente este xardín interior, sexa non soamente o cume da realización arquitectónica de Albalat senón a máis fermosa consecución estética no que respecta á arquitectura polo menos dos últimos cincuenta anos na Coruña.

4



5





«A Arquitectura, na súa forma máis simple, ten as súas raíces no práctico, pero a través de sucesivas valoracións pode chegar ata o terreo da arte pura», afirma Mies.

Para Goethe «A Arquitectura é unha música petrificada».



A Arquitectura debe entenderse como «o proceso transformador do medio físico do home».


A Arquitectura é «construír un novo lugar».

EDIFICIO FÁBRICA COCA COLA

Fotografía: A. Fernández-Albalat
Arquitecto: A. Fernández-Albalat Lois
Arquitecto colaborador: Antonio Tenreiro
Data: 1960
Localidade: A Coruña

OBRADOIRO








No feito creativo actúan procesos conscientes e inconscientes. O oficio de proxectar, a arte de proxectar.

«Creo que a arte se aprende, pero non se ensina» dirá Manuel de Falla con algo máis que un aparente xogo de palabras.

Áreas do obxectivo e penumbras non explicables fácilmente. Deducción e intuición.

Incidencia dos materiais na configuración dun espazo e na súa percepción. Con toda a trama e urdime de oficios, estrutura, instalacións. Mutuos condicionamentos. Opcións, ás veces, repetimos, desde o comezo do proceso.

.....




Armoniza-los condicionantes, de todo tipo, que limitan co imaxinativo que empuxa. E a esta aparente e tensa contradicción aplicarlle unha dialéctica selectiva, para que a invención resulte xustificada, con máis rigor, pola acción limitadora.

.....

O espacio, protagonista do feito arquitectónico.
 Espacio real e espacio virtual. Sensacións. Orientación e posición. Percepción do espacio.
 Tipos de espacio. Binomio espacio-tempo.
 Espacio existencial.

.....


Técnicas instrumentais que posibilitan e condicionan a construción do obxecto arquitectónico. É cando o arquitecto se converte nun «constructor ilustrado».



Sloane



Fotografías: A. Fernández-Albalat



Significados. Semántica arquitectónica, co seu entendemento cultural e trasposición histórica. Expresión, simbolismos, función, construción. Interpretación dun tempo e un lugar.

Modelos culturais; distancias e distintas realidade.

Un suceso arquitectónico do pasado, é algo máis que a súa catalogación estilística, o guarismo dunha data e algunha banalidade tópica sobre a súa beleza.

EDIFICIO DE SERVICIOS DA CAIXA GALICIA

Arquitecto: A. Fernández-Albalat Lois

Data: 1979

Localidade: Polígono Pocomaco
A Coruña

Que toda ideación se produza no honesto campo do realizable. Non como limitación senón como rigor.





Un importante pensamento que non se acerta a expresar, ou non existe ou é moi precario. Unha Arquitectura que non se pode construír, non pasa dos Congresos ou parecidos pasatempos; tereo de salón. Dá moito que falar e que publicar. En fin, tema doutro momento.

«Ser artistas é facer» (B. Croce).

Enxeño e creatividade na tecnoloxía.





—O lugar, ó que burocráticamente deixamos en «empazamento», pode ser tan definidor como o programa, ás veces máis, porque posibilita ou limita solucións. Sucede que esta incidencia é máis sutil, menos literal e máis fonda.








Fotografías: A. Fernández-Albalat





A xeometría das formas naturais e da visión.
 A xeometría e as análises xeométricas da arte e a Arquitectura.


A linguaxe, ademais e expresar, motiva á vez o discurso. Coidado coa palabrería. A xeometría non é a Arquitectura.

Da xeometría e a forma de construír, e de como a primeira pode oculta-la segunda.

A xeometría, instrumento para proxectar. Xeometría do «deseño arquitectónico» no seu dobre significado de «invención-proxectación» e de «operación gráfica» para a construción-comunicación da invención.

Modulacións, cadencias, musicalidade.

Trazados, as súas vantaxes e o seu mal uso —«son un medio, non unha receita»—. Conflicto entre o trazo plano e o sentido espacial e a cuarta dimensión, o tempo, por exceso de «estatificación».





AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DE SERVICIOS DA CAIXA DE GALICIA

Arquitecto: A. Fernández-Albalat Lois

Data: 1982

Localidade: Polígono Pocomaco
A Coruña

OBRADOIRO

79




Foto: A. Fernández-Albalat




Sobre o método científico (formalidade) e os valores humanos (informalidade). A lóxica e a inspiración. A razón e a senrazón.

Síntese de elementos sabidos e elaborados.


De feito, a creatividade estivo en todo o proceso proxectual, e seguirá iluminando tecnoloxías ata o final.

Transformación do dato en beleza.


Foto: A. Fernández-Albalat




PLANTA BAIXA




PLANTA PISO



CORTE TRANSVERSAL





Chegar á invención do real a través de convencións artificiais. Procedemento; artes; medios: como unha simple metáfora dunha actitude enteiramente cerebral.

A percepción, como sensación contextualizada. Percíbese desde unha situación ideolóxica e cultural.








Foto: A. Fernández-Albalat





«Autorretrato» Durero

— *“La calidad” bien entendida
empieza por uno mismo*

Así pensamos en Caixa Galicia. Por eso día tras día nos preocupamos
de perfeccionar la calidad de todos los servicios que prestamos
a nuestros clientes.

Para responder satisfactoriamente a todas sus demandas,
incluso a las más exigentes.



CALIDAD DE SERVICIO

**INGENIERIA
ELECTRICA**

E


INSTALACIONES



Aeropuerto. Santiago



Hospital Materno Infantil. Santiago




Edificio Nuevos Juzgados. A Coruña




Alcampo II. Vigo

ELESUR



EDIFICIO DE SERVICIOS DA CAIXA GALICIA




Lledo iluminación, s.a.

R/ MONASTERIO DE CA




EDIFICIO DE XULGADOS DA CORUÑA



INCORPORAMOS AS ULTIMAS TECNICAS INFORMATICAS

Orona ha instalado los ascensores del Edificio Nuevos Juzgados



Subiendo



En ORONA estamos escalando posiciones día a día. Abiertos a un nuevo panorama internacional sin fronteras. Con una sólida estructura productiva y de organización para llegar cada vez más arriba en los sectores de Aparatos Elevadores y de Estructuras Espaciales. Trabajando al más alto nivel para superar todos los retos. Incrementando el prestigio de ORONA a través de grandes obras y proyectos. Con la mirada puesta en el futuro.



Ascensores
Escaleras Mecánicas
Estructuras Espaciales

Orona S. Coop. Ltda.
20120 - HERNANI
Tel. (943) 55.44.58

A MEDIDA

Un estilo propio de trabajo con el que hemos construido carreteras, edificios, puentes, presas... Obras hechas con calidad. Con la experiencia de más de 25 años. Construimos para la gente. En toda Europa. A su medida.



LAIN



mantiñan

**CARPINTERIA METALICA - ACERO
INOX. - LATON
METACRILATO - PASAMANOS - BARRAS
CAFETERIAS - TIRADORES, ETC.**



Colabora en la construcción de los Juzgados de La Coruña

LAS JUBIAS, 11 (Carretera Vieja) • TELEFONO (981) 29 48 68 • FAX 10 20 42 • 15006 LA CORUÑA



FRANCISCO PARADA, S. L. Materiales de Construcción

Fernando Macías, 15-17
Teléfonos (981) 25 32 50 - 25 02 84
Telefax 25 03 45
15004 LA CORUÑA

almacén:
Polígono de La Grela - Carretera de El Bosque
(Parte trasera de Parque de Bomberos)
Teléfonos (981) 10 40 06 - 10 48 18
Telefax 10 48 17 - LA CORUÑA

Rolltore Galicia

PUERTAS BENS, S. L.



PUERTAS SECCIONALES - BASCULANTES
CORREDERAS - ACRISTALADAS, ETC.
EQUIPOS PARA AUTOMATIZACION DE
TODO TIPO DE PUERTAS - ELEMENTOS
COMPLEMENTARIOS - INSTALACION DE
MANDOS A DISTANCIA



**ESTA EMPRESA COLABORO EN LA OBRA DE
LOS JUZGADOS DE LA CORUÑA**

Fábrica:

Galileo Galilei, parcelas 4 y 5
Polígono de La Grela (Zona La Ermita)
Teléfonos (981) 10 24 09 - 10 25 53 - Telefax (981) 10 18 64
15008 LA CORUÑA


Exposición:

Ronda de Nelle, 85, bajo
Teléfono (981) 27 65 72
15005 LA CORUÑA



UNION CRISTALERA, S.A.

COLABORO
EN LA OBRA
DE LOS JUZGADOS
DE LA CORUÑA



VIGO

AVDA. MADRID, 108
TELEF. 413066*
FAX 986/413055
APARTADO 267

LA CORUÑA

CARRET. DE LA MOURA
LA GRELA
TELEFONO 284200*
FAX 981/284391
APARTADO 214

ORENSE

POLIGONO INDUSTRIAL
EL 21 LA CASILLA
TELEFONO 211467
FAX 988/212170
APARTADO 112

LUGO

POLIGONO INDUSTRIAL
EL CEAO
TELEFONO 213552/3
FAX 982/225762
APARTADO 112

SANTIAGO


CARRETERA A
LA CORUÑA, KM. 4
TELEF. 582254 - 581936
FAX 981/574464
APARTADO 66

EL FERROL

CARRETERA DE CASTILLA
203 - 205
TELEF. 312376 - 311059
FAX 981/324710

PONTEVEDRA

PLAZA DE
BARCELOS, 13
TELEFONO 851159
FAX 986/844500



Nacido en: Vigo

Data de nacemento: 25 de setembro de 1922
Estudios de Arquitectura na correspondente Escola Superior de Madrid, obtendo o título profesional no ano 1957.

Doctor Arquitecto no ano 1960.

1957: Edificio R/ Marqués de Valladares, 35, Vigo.

1958: Vivenda Subvencionada Coruxo, Vigo.

1962: Casa Ferro. Pontearreas.

1963: Casa Vázquez. S. Miguel de Oia, Vigo.

1963: Edificio en Praza de Compostela. Vigo.

1965: Sanatorio Neuropsiquiátrico «El Pinar», Meixueiro, Vigo.

1966: Praza de Abastos, Gondomar (Pastas).

1966: Conxunto de 5 bloques laminares de vivendas para o Patronato de Casas Militares, Pontevedra (Pastas).

1967: Policlínico CIES, Avda. de Madrid, Vigo (Pastas).

1968: Igrexa parroquial Nosa Sra. das Neves, Teis, Vigo.

1969: Edificio de vivendas subvencionadas da Cooperativa da construción «San José Obrero» Polígono de Coia, Vigo. (Pastas).

1971: Casa Blázquez Pallares, Praia de Patos, Nigrán.

1972: Casa Horyaans, Illa de Toralla, Vigo.

1972: Edificio en esqira R/ García Olloqui - R/ Luis Taboada, Vigo.

1973: Casa Mújica, Praia de Tarais, S. Miguel de Oia, Vigo.

1973: Subdelegación C.O.A.G. Vigo, R/ Marqués de Valladares, 35, Vigo.

1975: Vivenda A. Bar, R/ Marqués de Valladares, 35, Vigo.

1976: Casa Buceta, Praia Cabañas, Cabañas.

1976: Casa J. A. López Veiga, Camiño de San Paio, Vigo.

1977: Casa C. Orbán Reverter, Illa de Toralla, Vigo.

1977: Restauración e reforma de Pazo, As Barreriras, Salvaterra.

1977: Edificio comercio-oficinas, Vías de la Hispanidad, Vigo.

1977: Casa Ana Míguez, Peinador, Vigo.

1979: Casa Samuel Janeiro, R/ Marqués de Alcedo, Vigo.

1979: Casa Miguel Vila, Amela, Cabral, Vigo.

1984: Proxecto de 143 vivendas, Polígono Esteiro, Ferrol. Promovidas polo I.P.P.V.

Invitado a facer unha exposición sobre a miña propia obra en xeral, preferiría restrinxir as miñas reflexións ós edificios onde o uso da pedra natural adquire unha función destacada. Este mirar atrás ten —polo menos para min— o interese de amosar como unha serie de feitos, xurdidos paulatinamente dun proceso lóxico, vanse concatenando entre si ata xera-lo produto actual.

Ademais considero que a importancia dos materiais é primordial na forma dun edificio xunto co seu destino (institución chamalle Kahn) e o seu contexto (físico e social).

Por outra banda, o emprego de «pastas» suscitou desde un principio apreciacións moi dispares, algunhas das cales —aínda estimando en moito tódalas opinións alleas— si go sen entender plenamente e, sobre outras, manteño as miñas discrepancias. Por todo iso, creo oportuno tratar nesta ocasión este tema realmente importante para a interpretación da miña obra.

Ademais calquera que a coñeza comprenderá inmediatamente que este apartado constitúe a maior e quizais máis significativa do meu traballo. Sen embargo, tampouco tratarei de me estender noutras consideracións —agás algún que outro escape— que non sexan as que poidan dar razón da utilización da pedra.

Comezando por algunhas xeneralidades direi que as potencialidades de uso de calquera dos materiais que habitualmente se empregan na edificación son ilimitadas por non dicir infinitas. A tarefa de ir desentrañando esas potencialidades depende do noso esforzo e intelixencia e tamén do noso inconsciente, da nosa intuición.


A pedra non só serve para facer muros apiando mampostos ou perpiños e sillares, despois de tela regularizado. Tamén pode servir para constituir pavimentos, teitos planos, bóvedas, cúpulas, etc., e tamén fincandoa directamente na terra, constituir cercas. Desta maneira se empregou desde a antigüidade.

Co desenvolvemento industrial a perforación, o corte e, en xeral, todo tipo de manipulación de pedra, é posible. Aínda que todo, aínda non, no noso país. Agora ben, o custo de produción é factor determinante na limitación desas posibles manipulacións e, no seu uso, tamén o son as súas características formais. Por iso, os espesores das pedras ademais de seren fixados polos fins que han de satisfacer, tamén o serán polas posibilidades industriais e pola economía. Asimesmo deberemos recordar que a pedra é un recurso natural limitado.

Todos estes factores non sempre acordes entre si: a pedra de menor espesor para unha mesma calidade, non é sempre a máis económica. Deste xeito, tamén, a subdivisión de espesores por simple acuñamento —das pedras que o admitan— é sempre moito máis económico que o aserrado industrial, independentemente da beleza das superficies obtidas que é incomparablemente maior polo primeiro procedemento aínda que, aquí, a súa elección estará rexida polo seu concreto destino.

Por último —sen pretender esgotar nestas poucas liñas tódolos factores que interveñen na determinación formal do granito ou outras pedras na construción— quero concluir este preámbulo manifestando que as inercias mentais (costumes) **irracionais** que poidan se atribuír ó uso dos materiais non me preocupan en absoluto (se son irracionais, repito). O paso da historia sempre os barreou facendo así posible a evolución cultural do ser humano.

Comezo utilizando a pedra nas miñas primeiras obras (1958) —situadas no rural ou zonas suburbais— nas partes baixas para evita-los danos que o ascenso das humidades propias do terreo produciría nos muros se fosen de fábrica de ladrillo revocado. Tamén pola súa maior solidez, non só aparencias senón real, e por establecer un agradable xogo de contrastes de textura e color. Son perpiños de granito ben meteorizado, de gran groso e cores claras. Están normalizados en alturas (43 cm. e 53 cm.; máis tarde serán de 40 cm. e 50 cm.) e espesores (16 cm., 25 cm., 28 cm. e 35 cm.). Os máis empregados en muros de carga en edificacións ata 2 ou 3 pisos son de 21 cm. Este material era daquela o máis utilizado nas vivendas do rural, se ben en forma monótona, non contrastada con outros materiais.



Homenaxe as «PASTAS» sito a carón das vivendas para Militares de Pontevedra.

Na cidade, aplico a pedra como revestemento en lousas pulidas ou apomozadas de 3 cm. de espesor. As propias calidades do material e as súas coloridas (bermeallas, verdes, etc.), son as causas que me levan ó seu uso. A súa anclaxe ás fábricas é o que tradicionalmente se vén facendo, aínda hoxe. É unha solución moi precaria, realizada con ganchos de aramio galvanizado e trasdoseado, de 2 a 3 cm., de mosteiro de cemento. Os desprendementos non son raros. Por iso nos lenzos grandes dos corpos volados utilizo angulares galvanizados contorneándoo inferiormente. Actualmente, os espesores reducíronse a 2 ou a 2½ cm., e como as pedras son porosas e o trasdoseado forma coqueiras, as humidades dispérsanse por toda a superficie producindo desagradables manchas que rmatan sendo permanentes. Estas cualidades desfavorables afastáronme desta concreta aplicación das lousas de pedra, xa, desde as primeiras experiencias.

A primeira vez que aplico o granito en «pastas» na construción é na Casa Ferro de Pontearreas, en 1962. Quería obter muros mías «vibrantes» á luz, de máis rica textura e con predominio de horizontais.

Co gallo da publicación de varias das miñas obras, entre elas, a que agora me ocupa, na revista «Arquitectura», Setembro 1968, escribín, explicando o emprego de «pastas», o seguinte:



Casa Ferro en Pontearreas. 1962.

«...Profusamente, por toda a bisbarra, véñse estas laxes cercando fincas rurais. A causa desta difusión é a súa baratura, derivada da doada extracción, pouco peso en relación con superficie que cobre, elemental posta en obra por simple chantado no terreo e perdurabilidade (practicamente illimitada) e libre e entretementos.

»Deste humilde e único destino xáctome de ter rescatado as «pastas» para as utilizar na construción de edificios como elemento portante e de cerramento. Animáronme a isto dúas cualidades non valoradas en tan rústico uso: a súa beleza e a súa impermeabilidade. Ambas, moi superiores ás dos restantes granitos da zona utilizados na construción. A espontánea obtención das «pastas» por simple acuñaemento, non vela a brillante colorida dos seus compoñentes nin debilita a súa esgrevia textura granulosa. O engado do produto natural non danado pola ferramenta exerce todo o seu poder.

No caso concreto da casa á que me estou a referir, «dixuxen as «pastas» deitadas formando muros duns 35 cms. de espesor, e producín e celei os vanos das zonas baixas eliminando alternativamente unha pasta. Nos vanos maiores estas espontáneas celosías están realizadas con pastas de cerca de 5 m. de lonxitude, sen ningún apoio intermedio».

A casa Ibáñez-Aldecoa realizada pouco máis tarde (1963), é mostra da procura de muros de granito con novos paramentos. Os exteriores son de mampostos, os interiores de perpiaños con «pastas» intercaladas. A miña experiencia na execución de muros de mampostería resultava insatisfactoria e cara. Os mamposteiros xa non existían e os posibles aprendices non aprendían das boas mamposterías que podían encontrar en lugares viciños, por máis que os levaba a velas. Por iso, ocorreuuseme facer máis que mamposterías, formigóns ciclópeos empregando encofrados. Deste xeito obtíñase muros máis impermeables e estables, o que me permitía recudi-los espesores.

O predominio superficial dos mampostos sobre o formigón podía ser acentuado cuidando de refundi-las chagas ó día seguinte do verquido. Esta última solución empregueina menos veces: adolecía quizais de certa inautenticidade.

Descubríndome e xustificando o emprego dos dous tipos de muro dicía no mesmo número de «ARQUITECTURA»:

«Tódolos muros conservan o seu aspecto ó penetraren nos recintos internos.

Os extremos, están realizados con encofrados. Trátase dun formigón ciclópeo no que se procurou carea-los mampostos a ambos paramentos e conseguir unha impermeabilidade satisfactoria. Os muros interiores están formados por perpiaños de granito, de dimensión máis ou menos normalizadas na provincia, e «pastas» intercaladas. Esta solución facilita o servizo do material na canteira ó non esixir perpiaños dunha altura única e, ademais, aumenta a plasticidade do muro».

«As fábricas dos muros internos son diferentes dos externos polas seguintes razóns: 1.ª, porque dada a natureza dos muros exteriores non é posible reduci-lo seu espesor (aprox. 35 cm.) sen afecta-la súa estabilidade e, con ese espesor, mermariase superfluamente a superficie útil, no caso de usalos interiormente; 2.ª, porque os muros interiores ademais de ter espesor (21 cms.), máis exeitado, son máis económicos cós exteriores; 3.ª, porque os devanditos muros interiores non son aptos para o exterior se se pretende manter a aparencia do material de ambos paramentos, xa que os perpiaños standard son de granitos algo descompostos e, polo tanto, porosos, e 4.ª, porque se estes muros se trasdosaran o seu precio e espesor serían maiores cós que se adoptaron».

O primeiro emprego de «pastas» de granito en edificación urbana fágoo en dous edificios dedicados a vivendas na Avda. do Alcázar de Toledo (actualmente R/ Xenaro de la Fuente), de Vigo (1962). No primeiro deles que non cheguei a rematar, resolvín utilizalas como derradeira estancia.

Como a versión que escribín para a revista «Arquitectura» en 1968, é ben ilustrativa da situación daquela, coido conveniente volver a dala:







Casa Ferro. Ponteareas. 1962.

Edificio de vivendas na Avda. Alcázar de Toledo. 1962. Vigo.



DETALLE A



«Esta improvisación foi debida a dilemas de propiedade. Como é historia que ten certa gracia desgraciada, española e actual, cóntoa.

»O edificio está situado practicamente no campo; a rúa, aínda no existe; o alcantarillado tampouco. O lugar é costado dun dos espontáneos desenvolvementos lineais de Vigo. Desde hai algúns anos medra máis anarxicamente que un cáncer. Sen embargo, iso non obsta para que o municipio ténao calificado, sarcásticamente: Zona Ordenada (¿?) e, ... ¡non hai máis mandangas! A «orde», é a característica da nosa Administración.

»Así pois, neste «ordenado» lugar habrá que levantar no menor tempo o maior edificio ó menor custo; logo... ¡xa se vería!

»O primeiro en verse era a arbitraria Ordenanza que dicía:

»As fachadas principais serán de pedra nas súas partes vistas desde o exterior. Admitíndose os chapados con anclaxes que ofrezan garantías de seguridade. Permitiranse soamente entrepaños enlucidos sempre que a súa superficie non sexa superior a un tercio da superficie total da fachada, deducida da zona correspondente á planta baixa, que necesariamente toda ela será de pedra».

«Pero a propiedade, persuasiva: —Tira para adiante; xa o «arranxaremos»—. Pero non se «arranxaba» e a obra corría risco de pararse. Foi daquela, cando se me ocorreu propoñer-la solución: «Utilicemos «pastas»—. Á conciencia da súa economía non se resistiu ningún «moto». Non hai mal que por ben non veña. Progreso antes que nada e problema.

«O problema planteouse cara o final da obra na que deixei de se-lo seu Director. Historia longa e desagradable... O duro franxeadado do edificio e o derradeiro voladizo deben ser cousas do meu sucesor».

A fixación de «pastas» á fábrica establecina introducindo nos forxados unha parella de varñas de ferro coincidentes coas xuntas e facendo nas «pastas» as correspondentes entalladuras.





No segundo edificio fixen tódalas previsións no proxecto e as anclaxes resultaron moito máis doadas e, por suposto, máis sólidas.



Os maiores inconvenientes en ambas utilizacións débéronse á irregular tosquedade dos bordes das «pastas» que obrigaba a elementais correccións e a provalas que mellor emparellasen.

Edificio de Viviendas Subvencionadas «San Xosé Obreiro», Polígono de Coia, Vigo (1969). Neste edificio gago unha aplicación perfeccionada das solucións dadas nas Casas dos Militares de Pontevedra, mediante pezas simples e lineais de beira e de esquina de formigón armado.

O impedimento ó paso de humidades é radical, como pode desprenderse da observación dos detalles constructivos.

As «pastas» nos paramentos de escaleiras están alternadas en dous planos axeitadamente distanciados, deixando aberturas de ventilación permanentes ó propio tempo que impiden o paso directo de augas pluviais, do sol e do vento e, sen embargo, proporciona boa iluminación.





Plaza de Abastos de Gondomar (1964-1965). As circunstancias que concorreron nesta edificación foron capitais para o futuro desenvolvemento que ía dar á construción con «pastas». Como penso de máis interese a exposición que fixen na revista «Arquitectura» en 1968, que a reinterpretación que agora poida facer, de seguido, volvo a transcribila:



«Esta edificación, que se atopa á beira do río Zamanes, é froito de dous proxectos. Iniciadas as obras segundo o primeiro foron tantas as dificultades que se encontraron para efectuar os alicerces —margas e auga e auga e margas— que tiven que desistir da estrutura proxectada: muros de formigón ciclópeo e cubertas de H.A.

»No segundo proxecto tentei de dar unha solución que resolvese satisfactoriamente os previsibles asentamentos diferenciais da cimentación.

»O problema, substancialmente, remitiase a conseguir elasticidade e aliviar cargas. Para iso decidín tranformar tanto o muro de formigón ciclópeo como a cuberta de H.A. en esqueleto e pel. Na cuberta non se ofrecían dificultades: placas de aluminio sobre entramados tubulares. O muro, xa era outra cousa, so pena, de que fixese algo semellante á cuberta. Non quería nin me admitirían onde cáseque todo se fai en pedra, uns muros de lata ou «desas chapas que se empregan para cubrir tinglados». O paisano ten fobia ó fibrocemento. Por outra banda, a súa conservación especialmente nas partes baixas sería lamentable. Descartada, por suposto, calquera fábrica de ladrillo ou bloque, a perontoriedade da placa que se me impoñía. E, cavilando nelas, xurdiron novamente as «pastas» formando un novo paramento».

«O esqueleto formaríano pórticos periféricos de H.A., duplicados (un sobre outro) pro se-la altura grande. As trabes terían resaltes corridos exteriores para recibir ás «pastas». E, estas, disporíanse nas dúas alturas en dous planos alternativos, de abaixo arriaba e de esquerda a dereita, de tal modo que se solapasen entre si uns 5 cm. Así «fendido» de antemán, xamais se fendería o muro. Caso de producírense asentamentos diferenciais, as «pastas» absorberíanas nas súas xuntas e no caso extremo e improbable de que algunha se rompese, con a mudar estabamos «o cabo da rúa». Neste cerramento que para mín foi como o «ovo de Colón», apliqueino con outro criterio en varios proxectos en obras que teño en curso. Ofrece múltiples vantaxes sobre o anterior, realizado nos edificios da Avda. do Alcázar de Toledo nos que dispuxen as pastas constituindo un paramento continuo».

«Un factor máis veu a enriquece-los paramentos e, este, constituírono as dificultades do suministro de «pastas» dunha única canteira. Este contratempo, suxeríume facer un emprego alternado de pastas de dúas diferentes: Unha e outra gris».



Bloques de Vivendas para Militares en Pontevedra, en 1965. É o primeiro emprego de «pastas» en dous paramentos, consecuencia do desenvolvemento co gallo da construción da Praza de Abastos de Gondomar. Na súa correspondente Memoria, dicía:



«O primeiro emprego de pastas en cerramentos de edificios realiceino hai uns sete anos nunha casa de nove pisos. Posteriormente empregueino noutro de maior volume mellorando o sistema de recibido en obra. Nos dous casos as pastas dispuxéronse constituindo un paramento continuo. Este emprego require certa exactitude dos anchos, algunha perfección nos contornos e un recibo de xuntas correcto. Por iso, o que proxectei para estas obras, faise en dous paramentos, co que a perfección dos bordes é innecesaria, a exactitude dos anchos é indiferente e o recibido de xuntas, sendo máis eficaz, no esixe cuidado algún. Por outra parte, a impresión estética do paramento é enriquecida pola intensificación do xogo de luces e sombras e o illamento acústico é mellorado pola alternancia dos anchos da cámara de aire.




«A economía deste material na construción provén, aparte da súa abundancia na provincia, da escasa man de obra que esixe en comparanza con calquera outro tipo de pedra, do seu pouco peso por metro cadrado de cerramento (atendendo ó seu reducido espesor) e o gran rendemento na súa colocación, derivado desta última cualidade e da súa gran superficie».

Policlínico CIES, Avda. de Madrid, Vigo, 1967. Este edificio de formas cilíndricas proxectei con muros de antepeito de formigón armado. As súas longas superficies curvas fixéronme temer fendeduras ou a necesidade de establecer xuntas de dilatación que por moitos motivos non desexaba. As dificultades derivadas da execución de encofrados con bordes de dobre curvatura tamén me impoñía. Por outra banda a deficiente posta en obra dos formigóns por máis que un insistise na súa corrección, tamén me inquedaba.

Así as cousas, novamente xurdiron no meu pensamento as «pastas» en dous paramentos como solución.

As condicións de borde para a recepción das «pastas» establecínas evitando solucións de continuidade.









A casa Vázquez en San Miguel de Oia-Vigo, é un pouco posterior á de Ibáñez-Aldecoa, pero de características moi similares.


«Tanto no aspecto estrutural e tratamento de materiais como no estético. As «pastas» compoñen novos paramentos. A casa expándese máis ó exterior e, pola contra, o elemento vexetal remata por invadi-lo interior. Espacialmente é máis rica cás precedentes».

Neste fragmento dunha presentación do edificio efectuada polas mesmas datas que as anteriores acotacións, ó dicir que as «pastas» compoñen novos paramentos, aludo ó cerramento da planta de entrada no nivel inferior, efectuando con parellas de «pastas» dispostas verticalmente intercaladas por superficies translúcidas («filón» plano). Esta solución de muros «luminosos» seguirei desenvolvéndoa máis tarde.








Fotografía. X. Bar.






Complejo en urbanización Beamonte, Vigo (1982-1985). Neste conxunto de edificios está composto por un chalet que xa existía pero que foi notablemente reformado tanto interior como exteriormente, un anexo de piscina, un pabellón barbacoa, unha zona de servizos con garaxe e perreira e, por último, a ordenación xeral da finca e o seu encerramento principal.

En todo o complexo utilizouse o granito en perpiaños alternados con pastas ou, simplemente pastas, no anexo de piscina, tradosadas con illante e fábrica de ladrillo e intercaladas por lúas espelladas, con dispositivos de ventilación nas súas zonas superior e inferior. É unha solución perfeccionada da aplicada nos muros «luminosos» casa Vázquez en San Miguel de Oia. Os banzos de entrada a este anexo son pastas sen contrapegadas, abuxardas na zona central de paso. Este tratamento das zonas de paso dáse tamén ó pavimento exterior da entrada principal.





Edificio de Xulgados na Coruña. Proxecto 1985. É a miña última aplicación de pastas nun edificio urbano. Na correspondente Memoria xustifico a súa utilización da seguinte maneira:

«O estilobato de rocha e verde estimula a elección de contrastes na configuración do edificio. Tamén a xustiza coa ambigüidade pena-redención...

»Pastas de granito con vivas cores na súa esgrevia superficie non danada pola ferramenta, de beiras perfectamente aristadas pola actual tecnoloxía, tersas superficies de cristal e aceiro inoxidable. Son materiais de probada resistencia ó paso do tempo».

«A elección de materiais para edificios públicos non pode se-la mesma que para os privados con intención especulativa, nos cales, se traspasan ó comprador os gastos de entretenemento que se orixinarán a causa de materiais máis baratos pero moi funxibles. O Estado ten que mante-lo seu propio patrimonio, que non é transferible e ha de ser duradeiro».

«Os cerramentos exteriores do edificio procuran obter a máis eficaz iluminación natural, segundo a súa orientación, co menor vano, a fin de economizar enerxía. O Leste e ó Oeste un desenvolvido alfeizar de aceiro inoxidable pulido espello, reflexa a luz recibida ó teito e desde aquí ó fondo do recinto interior. Na fachada Sur unha forma inversa evita a penetración solar directa a partir da primavera. Na zona da rotonda unha superficie de vidro reflectante a 20 cm. da fachada protexe, coa cámara de aire perfectamente ventilada que se produce, das penetracións das radiacións infravermellas. Un ventanal interior, corrido, completa o illamento das zonas transparentes. Tódalas fachadas están antepechadas por muro de H.A. de 20 cm. de espesor para impedir coa súa considerable masa a transmisión acústica. Estes muros illanse termicamente con planchas de poliestireno extrusionado de 3 cm. de espesor. Protexendo estes muros, tódalas fachadas revístense con placas de granito rosa afastadas entre si 2 cm. e do muro, 6 cm. actuando como unha pel que impide que o muro sexa afectado polos axentes exteriores, o que, analogamente, tamén ocorre co vidro da zona da rotonda.

Tódolos muros, peares e carpinterías foron tratados cuidadosamente para evita-la transformación de pontes térmicas. Por iso, tódolos peares exteriores revístense tamén con 3 cm. poliestireno extrusionado e chapa de aceiro inoxidable 18/8/2 de 2 mm. de espesor».

Máis adiante, na Memoria Constructiva:


«Todo o edificio está deseñado cun cerramento de formigón de 20 cm. ó que vai adosado o illamento térmico de 30 mm.; cubrindo este conxunto por unha pel afastada do mesmo uns 6 cm. para que circule o aire. Esta pel segundo as necesidades funcionais e estéticas materialízase en pastas de granito ou en vidro».

Pastas de granito aserradas polo plano medio do seu espesor e lados do contorno perfectamente escuadrados, de 38 cm. de ancho e altura variable, segundo detalles de fachadas, ancoradas a muros de formigón...».

A pretensión de subdividir cada pasta e así obter de unha, dúas, foi inviable. O encarecemento do aserrado fíxoa prohibitiva. Tampouco, —segundo as xestións que se fixeron— se atoparon discos de serra dun radio suficiente para efectua-lo corte duns 40 cm. de profundidade. Así que tiveron que desistir deste emprego ó que me levaba, sobre todo, a consideración de que o granito e a pedra en xeral, é un recurso limitado, que a natureza lle leva varios millóns de anos en recompoñer.

Polo tanto, «a pasta» é un material económico —polas razóns xa apuntadas— de bela textura e preciosas cores, pero o seu espesor mínimo oscila polos 10 cm., aínda que os que a extraen preferen que sexa de 12 cm. ou máis. Pretendela de menor espesor é antieconómico, porque a porcentaxe de rotura na súa obtención sería moi elevada.

A solución de compromiso dada ás ancoraxes no Proxecto que obrigadamente había de se entregar no prazo máximo de tres meses, non era, obviamente, satisfactoria e, por outra banda, agora soportarían dobre peso.



Excuso dicir que a produción comercializada de ancoraxes disponibles, de fabricación alemá ou outra calquera, é para soportar aplacados duns 4 cm. ou pouco máis e, polo tanto, non era posible contar con eles. Ademais, as súas precarias e complicadas solucións de regulación ofrécenme desconfianza e o seu precio está entre caro e prohibitivo.

Nestas circunstancias, non existía máis remedio que inventa-lo propio sistema para ancorar «pastas». Como o meu desexo era exaltar ó máximo as súas características, as ancoraxes non debía verse. Querían engastalas no aire. Esa foi a miña pretensión. Se o acadai ou non, iso apreciáranos demais.

O sistema componse de varíñas, pletina e flexes distanciadores, todo o conxunto galvanizado e posteriormente, en obra, revestido de alquitrán. As varíñas que penetran nos aplacados son de aceiro inoxidable AISI 304. A súa colocación co emprego duns medios auxiliares que proxectei, pero que por máis que insistín non aplicaron, é moi doado e de gran precisión, por suposto, moito maior cós sistemas que eu coñezo do mercado. O incumprimento da miña proposta non tivo ningunha consecuencia pola capacidade absorción de erros propios do sistema, ó tratarse neste caso, de elementos pesados (pastas) e necesitar importantes seccións de materiais e brocas. É excusado dicir que este sistema de ancoraxe pode producirse, facendo as pertinentes reducións, para calquera espesor menor de aplacado. A súa produción podería industrializarse perfectamente porque necesita menos elementos e ademais máis simples cós convencionais.

O principal achádego que me permitiu face-lo apantallado —como preiro chamarlle— de pastas, dado o seu importante espesor e, en consecuencia, completa-lo sistema, foi dispor, primeiramente, a ancoraxe por columnas de pastas impares e, posteriormente, colocar por simple encaixe as pastas das columnas pares.



Esta disposición permitirá no futuro comproba-lo estado das ancoraxes erguendo simplemente as columnas pares de pastas.

Se as pastas son económicas porque a súa produción require pouca man de obra a pesar de obterse, actualmente, por procedementos cáseque artesanais e que, polo tanto, podería ser menor se se industrializase. Se tal como actualmente se producen, as pastas máis económicas teñen un espesor de 10-12 cm. Se este espesor permiti resistir en perfectas condicións as maiores presións de vento sen necesidade de trasdosea-las pastas situadas verticalmente de solo a teito, nas fachadas —logo, teñen función mecánica, querido amigo e compañeiro Baldellou— e se esta capacidade mecánica permite distanciar ancoraxes —co consecuente abaratamento— sen risco a que se produzan deformacións permanentes por pandeo e quizais outros factores, como ocorreu na admirable obra de Alvar Aalto, Finlandia Concert Hall, en Helsinki, inconclusa a súa morte, e que agora teñen que refacer totalmente o seu aplacado de mármore de Carrara. Se o magnífico comportamento do granito ó paso do tempo é insuperable e a súa textura e cores extraordinariamente bela. E se, ademais, as súas potencialidades formais lle permiten adoptar superficies con lonxitudes óptimas para a edificación (paneis, solo-teito —xa usados— paneis entre vanos, etc.) conformando así elementos con enormes vantaxes sobre os que se poden producir na prefabricación corrente con formigón, con cerámica e con metais (aluminio, aceiro, de todo tipo), etc. ¿Que razón estimable que non sexa resultado de prexuízos estéticos pode impedi-la súa axeitada utilización arquitectónica?








Esta pregunta que formulei con todo o aprecio e afecto, gustaríame que ma contestasen tanto o xa devandito amigo, M. A. Baldellou, como o noso compañeiro Xoaquín Fernández Madrid, do que lin o seu interesante artigo no Boletín Académico n.º 12, en días pasados.

E, por suposto, calquera outro compañeiro que se dignase facelo e que de antemán agradezo.



Vigo, 26 de Xullo de 1990.






Esquema circulatorio dos Xuíces.



DETALLES DEL SISTEMA DE ANCLAJE
TODOS LOS CONJUNTOS SERAN GALVANIZADOS Y PROTEGIDOS CON PINTURA ASFALTICA








Planta baixa.

- A Xulgado de menores
- B Xulgado do Contencioso-Administrativo
- C Xulgado de 1.ª Instancia n.º 1 Decanato
- D Xulgado de 1.ª Instancia n.º 1 de Rexistro Civil

1. Sala de vistas
2. Despacho Xuíz
3. Despacho Secretario
4. Secretarías
5. Archivo
6. Probas
7. Saa de espera
8. Axente
9. Estanco
10. Xerocopias
11. Correos
12. Caixa Postal
13. Rexistro
14. Sala de bodas
15. Sala de Xuntas de Xuíces
16. Información
17. Buzón Correos
18. Caixaero automático
19. Teléfonos públicos
20. Detector de metais. Control de accesos
21. Departamento de cacheos




Corte lonxitudinal.



SECCION LONGITUDINAL

- A Xulgado de 1.ª Instancia n.º 3
- B Xulgado de 1.ª Instancia n.º 5
- C Xulgado de reserva
- D Xulgado de reserva
- E Xulgado de 1.ª Instancia n.º 6
- F Xulgado de 1.ª Instancia n.º 4


1. Sala de vistas
2. Despacho Xuíz
3. Despacho Secretario
4. Secretarías
5. Archivo
6. Probas
7. Sala de espera
8. Axente
9. Despachos dobles de Fiscais
10. Central de incendios e detección
11. Centro de datos
12. Teléfono Télex





Planta tipo.



Detalle constructivo da fachada da rotunda.




Detalle das fachadas leste/oeste e sul.







Saa de vistas.





CADEIRA X.A.C. (Xulgados A Coruña)

Arquitecto: Xosé Bar Bóo

OBRADOIRO



119

MEMORIA EXPLICATIVA

Segundo unha opinión moi xeralizada, a cadeira é un dos elementos domésticos peor deseñados. Non en vano é o seu uso o que máis inquedaanza desperta cada a súa **principal función** é procura-lo benestar do meirande número de usuarios.

Os incesantes movementos para restablece-la correcta circulación sanguínea e o equilibrio xeral do corpo sobre a cadeira, son debidos á insuficiente e mala distribución de superficies axeitadas para recibi-la súa carga o máis homoxeneamente repartida, nos niveis precisos, o cal, ademais de desequilibrios, produce concentración de presións nas tuberosidades isquiáticas e na cara anteroinferior das coxas.

Cómpre destacar que, no aspecto dimensional, as cadeiras do mercado actual seguen normas arbitrarias, sen ningunha xustificación antropométrica, que repiten os fabricados antecedentes, ou nalgún caso, pretenden servir ó ilusorio «home medio». Esta rutina fai que bastante máis do 50% dos adultos non dispoñan de cadeiras axeitadas.

Entre ese folgadoísimo 50% atópase outro folgado 95% de mulleres, simplemente, porque a súa altura poplítea, é notablemente inferior á dos homes: con un coxín baixo os seus pés resólvese «galantemente» o problema...

Por outra banda, pretendidos valores escultóricos fan que cadeiras totalmente insoportables para o seu uso se difundan no mercado.

Como se fose necesario transforma-la cadeira nun artefacto torturante para poder sacar partido escultórico dela, isto ademais de implicar inautenticidade é, simplemente, unha estupidez, ben vulgar, pero estupidez.

A cadeira que se deseñou e que pretende dar satisfacción a estas e outras cuestións aquí non formuladas ten as seguintes características:

FUNCIONAIS

Son confortables, porque o moldeado orgánico do asento e do respaldo proporciona extensas superficies de apoio e axeitada inclinación do torso e, un apoiapés, acomoda a altura poplítea salvando as súas grandes variacións. Os seus datos antropométricos satisfacen ó 95% da poboación adulta. Son ademais doadamente trasladables pola súa forma rica en potenciais asideiros e seguras pola súa axeitada estrutura e seccións resistentes.

ESTÉTICAS


As anteriores características conceptualmente contrapostas ás máis comúns da produción de asentos desde hai varias décadas otorgan a este deseño, obviamente, orixinalidade formal. A superficie de asento é un cadrado, a do respaldo, un rectángulo armónico, ambas máis os apoiabrazos, escuetamente salientables. Estes últimos son prescindibles sen detrimento do aspecto xeral da cadeira. A estrutura principal é simple e clara. Os moldeados permiten diversifica-lo seu aspecto: desde a igualación coa madeira a contrastes de color, branca, amarela, vermella, azul, verde ou negra, satinados ou brillantes, e, tamén, metacrilato, a súa transparencia permite a visión da cuidada estrutura.

MEMORIA TÉCNICA

A estrutura da cadeira está composta por un entramado principal, constituído por pezas de madeira clara (faia, freixo, carballo claro) de 4 cms. de sección máis un cilindro Ø6 cms., rematado por semiesferas e outro entramado secundario, metálico (zincado e, posteriormente, lacado en cores simples no caso de que se empreguen moldeados de metacrilato) formado por 3 varíñas de aceiro Ø10 mm., dous flexes de 2 x 30 mm. e outros dous de 1 x 20 mm.

As pezas moldeadas de asento e respaldo son de madeira laminada (7 capas) de 10 mm. de espesor, con rematados de madeira natural ou ben lacadas en color branca marfín, negro ou cores simples, ou tamén, de metacrilato.




Os tacos de apoio ó piso son de nylon de Ø lonxitude 20 mm. con saliente de 10 mm.




DESEÑOS DE MÓBEIS DE DIFERENTES ÉPOCAS


Fotografías: X. Bar Bóo
Arquitecto: Xosé Bar Bóo

120



1938





PREMIOS COAG DE ARQUITECTURA 1989

122

En Santiago de Compostela, sendo as 10,30 horas do 22 de xuño de 1990, reúnese o Xurado do IV Premio COAG de Arquitectura, constituído con data 4 de maio de 1990, para resolver a convocatoria publicada en Circular do COAG 10/90 de 6 de marzo.

Preside a sesión o Ilmo. Sr. Decano D. Xosé Manuel Rey Pichel, e está presentes os Vocais:

- D. Estanislao Pérez Pita,
- D. Ramón Vázquez Molezún, ambos designados pola Xunta de Goberno do COAG,
- D. Xoaquín Fernández Madrid, representante suplente da Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña, e
- D. Alberte Unsaín González de Suso, Presidente da Comisión de Cultura do COAG.

Actúa como Secretario, con voa e sen voto, D. Manuel Villar Álvarez, que o é do COAG.

Procédese seguidamente ó exame dos traballos presentados, segundo anexo á acta da sesión constitutiva do Xurado.

Sendo as 15,00 horas, ACORDAN

Conceder por unanimidade na súa cuarta edición, na categoría de obra nova, a D. Iago Seara Morales e D. Alfredo Freixedo Alemparte, por tres vivendas unifamiliares en A Derrasa, Santa Marta de Moreiras, Ourense; salientando a sinxela forma e a limpeza dos volumes, a axeitada implantación na paisaxe e o esforzo de síntese.

Conceder un accésit a D. Santiago Catalán Tobía pola súa obra de intervención no entorno e fachadas da igrexa de Santa María de Meira, en Lugo, salientando o bo deseño do mobiliario urbano.



De todo o que, coma Secretario, certifico e sinan comigo os membros do Xurado:

José Manuel Rey Pichel, Estanislao Pérez Pita, Ramón Vázquez Molezún, Xoaquín Fernández Madrid, Alberto Unsaín González de Suso, Manuel Villar Álvarez.

ACCÉSIT:

INTERVENCIÓN NO ENTORNO E FACHADAS DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE MEIRA (Lugo)

Arquitecto: Santiago Catalán Tobía



1.º PREMIO: CASAS PARA A FAMILIA DOMÍNGUEZ

Arquitectura:
Iago Seara Morales (arquitecto)
Alfredo Freixedo Alemparte (arquitecto)
Arquitectura do territorio e paisaxismo:
Iago Seara Morales (arquitecto)
María Medina (paisaxista)

As casas deseñáronse para a familia Domínguez e construíronse en «A Derrasa» (Ourense) cun intento de arquitectura racional e de recuperación da tipoloxía de pazos.

Pretenden unha revalorización do territorio construído preexistente por medio da manipulación directa (xardineiría) a intencionada ubicación das tres vivendas e a súa propia arquitectura.

A ubicación das tres vivendas desenvólvese desprazándoseas lixeiramente sobre o seu eixo transversal (eixo norte-sur: entrada da casa-patio) ata acadar unha colocación conxunta escalonada.

Deste xeito as fachadas laterais, a oriente, sitúanse sen obstruírse as vistas que se disfrutan desde as ventás-porta do salón: unha igrexa románica e un castro que se sitúan nas elevacións que encerran e enmarcan a planicie de A Derrasa.

O volume contudente das vivendas reforzou a horizontalidade para que se asentasen sen traumatismos paisaxísticos.

A base do deseño destas tres casas complétase coa investigación dunha plástica actual exenta de ornatos super-









ficiais e feita a base de volumes horizontais e sinxelos mencionados construídos con materiais vernáculos novos ou históricos.




O espazo común da horta-xardín é compartido polas tres familias así que, buscando conquiar a privacidade de cada núcleo habitacional, o deseño das tres vivendas ten forma de U con un patio interior. O patio só se comunica co exterior nunha das súas caras (a orientada cara o sur) e pódese pechar ou abrir a discreción por medio dunha porta-celosía semitransparente. Esta porta-celosía permite introducir a vontade a zona sur do xardín dentro do salón. O resultado é que a casa, oca entrada principal orientada cara o norte, unha vez abertas as portas, se converta en transparente no seu eixo N-S (entrada N. patio S.). Deste xeito contrastase co hermetismo de grosos muros de pedra do resto da edificación.


Cómpre salientalo feito de que o resultado final, xa non só nos edificios senón na súa arquitectura interior, decoración, axardinamento e tódalas construcións anexas só foron posibles gracias a actitude aberta, de diálogo, que a familia Domínguez mantivo en todo momento e que resultou sumamente enriquecedora.



OBRADOIRO







CENTRAL TELEFÓNICA DE RIOTINTO (ampliação)

Arquitecto: José Gigante
Colaborador: M. Fernando Santos
Data: 1986-89
Localidade: Gondomar, Portugal
Fotografia: Sérgio Antão

O corpo de ampliação é simultaneamente autónomo e comprometido com o edifício existente.

Autónomo na concepção da sua própria estrutura, na escolha dos materiais que lhe dão forma.

Comprometido na relação que estabelece com a rua, na assimilação da escala do volume existente. E também na libertação da sua fachada lateral, onde se abrem as janelas que iluminam a sala principal.

O betão é o material que molda a caixa.

Na sua plasticidade é também mensurável. Afirmando a sua massa, compenetrado nas regras que a si próprio, impõe, deixa-se dimensionar pelas juntas, onde se lêem tempos de fabrico.

Na ligação com a fachada lateral existente, a caixa abre-se, deixa a cobertura repousar em apoios pontuais e apropria-se do espaço intercalar, a partir do qual o sentido da composição ganha legibilidade.




Aqui se movimentam as paredes brancas, não estruturais, desligadas da cobertura, desenhando o contorno do espaço de recepção e exibindo a sua flexibilidade própria. O painel metálico, onde deliberadamente se concentra o conjunto das portas de entrada, articula os seus planos.




Assim se aponta a continuidade que vai dar forma ao corpo de ligação à central existente. Corpo de união, onde ao mesmo tempo se desenha o afastamento possível.



E, finalmente, o tijolo.


Unificando a base do conjunto no muro da rua, ou desenhando o acesso, antecipando a chegada ao corpo de ampliação. Superfícies onde se revê a textura das fachadas do edifício existente, elementos exteriores aos quais, excepcionalmente, a caixa de betão decide confiar um dos seus apoios pontuais.

Desenhar um objecto no qual se procura tornar explícito o lugar relativo que a cada elemento cabe no interior da ideia de construção que lhe dá forma. Dissociar deliberadamente as partes, para que o conjunto que as unifica se torne mais consciente das regras que o estruturam —este o exercício que o projecto propõe.











concepción de zona
reservada a vivienda
familia



lejos finados
Tái / 201 / 1987



CAPELA FÚNEBRE. CEMITERIO DE S. CLEMENTE

OBRADOIRO

Arquitecto: João Álvaro Rocha

Data: 1987-89

Localidade: Taipas, Guimarães. Portugal

Fotógrafo: Sérgio Antão

131

Um monumento» fúnebre, que se pretende afirmativo e de valor simbólico.

Obra pequena, trabalhada em materiais nobres, que tenta reinterpretar conteúdos nun sentido transcendente —de obra de arte.

Desenha-se um cubo que se abre, que mostra a sua geometria.

Essa geometria estrutura a composição —torna-a evidente.

O mais é simples: fica tudo no centro —a luz, a água, e o fogo.


«As imagens da arte perduram como espaços abertos da realidade.

Marcadas pelo tempo, por vezes envilecidas pelo hábito ou esquecidas nos recessos obscuros da memória, renascem permanentemente com a sua força original para que o nosso destino particular se converta em destino humano, para que os conteúdos do passado se acrescentem à nossa vontade de continuar a sua obra, a obra de todos» (1).


(1) Jorge Luís Borges

«Borges Oral»




Textos de cinco conferências realizadas na Universidade de Belgrano em Maio e Junho de 1978.




João Álvaro Rocha
Taipas, Guimarães
1987-89











PLANTA




CORTES



CORTE AA



CORTE BB





HOTEL

Arquitectos: César Jiménez
Antonio Dávila
Luis Meijide

Data: 1990

Localidade: Sanxenxo. Pontevedra

Fotografías: Somministradas polos autores


Proxéctase un hotel de 3 estrelas, que nesta primeira fase consta de 30 habitacións (individuais e dobres) máis dúas de servizo cos seus correspondentes servizos, que máis adiante se definirán.

A necesidade de acomete-la proxectación e a construción por fases, obríganos a realizar, en primeiro lugar, un estudo global do edificio, para despois «cortalo» segundo os deseños da propiedade. Tentando que esta fase posúa a imaxe de obra rematada, aínda que non o sexa.


A imaxe buscada está na liña das construcións verniegas, con vencillos marítimos. Existe unha clara liña racionalista axudada pola irregularidade da parcela, no deseño de fachadas, apoiando un escalonado invertido de planta, que van de menos a máis, a medida que se vai ascendendo. Acádase así un espacio máis ledto na planta primeira, quedando unha ampla zona aterrada.

O hotel desenvólvese arredor dun patio central de grandes dimensións, ó que dá o corredor de acceso e distribución ás habitacións, as que son todas exteriores (agás as situadas tra-los núcleos de comunicación verticais, condicionadas pola obrigatoria aparición do patio na medianeira do edificio).


A cuberta resólvese cunha terraza plana, que servirá ademais para uso ó aire libre de actividades de ocio.




1.ª FASE




Visión nocturna do hotel.



2.ª FASE




PLANTA SOTANO




PLANTA BAIXA




PLANTA PISO





*Diferentes visións
da terraza invernadeiro.*



Fotografías: Do autor e da Revista Cota 0

José Ramón Alonso Pereira. Arquitecto

140

Poucos meses antes da aprobación en referendo da Constitución española, apareceu no BOE do 27 de setembro de 1978 un Decreto Lei polo que se creaba o Consello do Goberno de Asturias, do que se nomeou presidente o 10 de novembro seguinte, recaendo o cargo en Rafael Fernández e designándose de contado a que poderíamos chamar Xunta Constituínte, aberta a tódolos partidos do arco parlamentario.

Empeza aquí a preautonomía de Asturias, e con ela abrimos unha longa década que vén case coincidir cos anos oitenta, e da que imos emprender de seguida a súa crónica arquitectónica. E aínda entendendo a década no seu conxunto como unha unidade, para maior claridade distinguiremos dentro dela catro etapas intermedias, correspondentes cada unha ós distintos momentos da historia política do Principado, na medida en que se modifica no seu transcurso o xogo mesmo da Arquitectura.

PRIMEIRA ETAPA 1978 - 1981

Coa desaparición do réxime de Franco, a creación dun clima democrático e a situación preautonómica, ábrese para a arquitectura asturiana un período optimista e de progresivo ascenso ideolóxico, no que sen renunciar a ser un instrumento de denuncia, vai recuperando ós poucos a disciplinabilidade perdida nos últimos lustros do Desenrolo. Será, pois, unha etapa de empuxe ilusionado á calor do cambio propiciado pola Autonomía, por máis que con ela non viñesen as competencias políticas nin os recursos económicos.

No campo urbanístico as competencias continuaban repartidas entre unha Deputación Provincial aínda non extinguida e unha Comisión de Urbanismo dependente do MOPU. Desde os dous entes se rexía e administraba o oitenta por cento do territorio asturiano, dado que eran excepcionais os Concellos que contaban con algún tipo de planeamento aprobado. Ante esta situación polarizábase de contado a nova Administración, con A. Gutiérrez de Terán (t. 1967) como protagonista: primeiro como Director Rexional e máis tarde como Conselleiro. Xunta del cabe situar a R. Fernández Rañada (t. 1966) e a E. Balbín Behrman (t. 1965), excelentes urbanistas ambos, que van imprimir un cambio importante ó planeamento asturiano nos próximos anos, pero aínda é escasa a súa marxe de manobra.

E. Balbín voltaba daquela a Asturias despois de anos traballando en Madrid, onde fora un dos impulsores do Plan Especial de Protección do Patrimonio Arquitectónico. Neste ámbito aínda novidoso, a situación asturiana viña marcada pola impronta que acababa de deixa-la denominada «Plataforma para a defensa do Patrimonio Arquitectónico de Oviedo», ente cívico interdisciplinar que se constituiría en alternativa inmediata da obsoleta Comisión Provincial de Belas Artes.

Nesta dialéctica entre a realidade e a súa alternativa enmárcase tamén a arquitectura institucional destes anos, cuns encargos que seguirían realizándose desde Madrid, por máis que en moitos casos fosen profesionais asturianos os encargados de executalos. Por iso o interés arquitectónico neste período debe manterse aínda enfocado cara a edilicia privada, anque convén distinguir entre o que era en realidade o final dunha época e o que podía se-lo comezo doutra diferente.

Ó primeiro grupo corresponderían os traballos que para as grandes empresas promotoras-constructoras: Los Alamos, Sedes, etc., executarían bos estudos profesionais como os de M. Marín (t. 1957), N. Arganza (t. 1959), C. Fernández Cuevas (t. 1964), A. e A. Miranda (ts. 1964-66), J. Calzadilla e R. García Alonso (ts. 1966) ou A. Mayor e R. Palat (ts. 1968-69), os cales, sen grandes cuestionamentos nin teorizacións, pretenderán en todo momento garantir a continuidade do discurso profesional.

A carón deles destacará sen dúbida como a figura máis dotada J. Blanco Pérez (t. 1968), discípulo de Vázquez Molezún, quen nun labor tan reducido como selecto contará no seu haber tecido residencial como os edificios de vivendas xémeos do Polígono de Buenavista en Oviedo, ou edificios singulares como o Centro de Cálculo do Banco Herrero en Granda (1980-82), todos eles cun manexo expresivo e case escultórico dos volumes e aínda dos mesmos materiais constructivos.

Dentro desta mesma vía formal ou formalista, e como derivación particular dela, debe destacarse unha certa institucionalización da tecnoloxía como medio expresivo da nova situación arquitectónica. O impacto dela nas Escolas españolas da primeira metade dos setenta e a seducción que se puido derivar da obra dun Stirling, está latente en bastantes edificios asturianos do momento, exacerbándose a súa presenza en tres casos especialmente: o bloque de oficinas de Gil de Jaz n.º 10 en Oviedo (1977), de C. F. Cuevas (t. 1964); a pulcra nave industrial Ford en Llanes (1980), de A. Toribio (t. 1977); e a residencia de anciáns en Blimea (1978), do arquitecto madrileño I. Prieto Revenga (t. 1971), edificio abstracto destruído polos teóricos usuarios, que se negaron a usar esta arquitectura fráxil e sofisticada.

Diante de todas estas «arquitecturas da realidade», o futuro viría representado máis ben por toda unha serie de fermentos de renovación que se ían producindo en paralelo, dos que sería excelente catalizador a Tertulia Aberta de profesionais —á que fixen referencia noutro lugar— reunida semanalmente en Xixón entre 1979 e 1982, na que un amplo grupo de xoves arquitectos reflexionaban sobre si mesmos, sobre a arquitectura e sobre Asturias, nunha especie de ágora na cal estará o xerme de moitas das ideas e das arquitecturas dos anos posteriores.

Neste período inicial e á maneira de «irmáns máis vellos» poderíamos destacar a J. Aranda Iriarte (t. 1970), V. Díaz Faixat (t. 1973), J. Fombella e A. Rami (ts. 1975-71), pero, sobre todo, a N. Ruiz e F. Nanclares (ts. 1971) os que, tras unha etapa madrileña desenvolvida baixo o maxisterio de Fernández Alba, instaláranse en Oviedo en 1975, executando desde entón un grupo reducido pero selecto de obras que culminan no soberbio conxunto xixonés de Natahoyo (1979-81), no que a arquitectura limpa e ben executada chega a se facer cidade. Con sólido prestixio no noso ambiente cultural, a importancia de ambos transcenderá o ámbito rexional ó gañalo seu equipo un dos primeiros premios do concurso nacional de centros escolares (1979), no que resultaría asimismo laureado o tamén asturiano J. Murias (t. 1978).

4. V. Díaz Faixat (1979-80). Conxunto parroquial en Xixón, no que asoma a tentación neo-racionalista do momento.






6. F. Nanclares e N. Ruiz (1980-82).
Vivendas entre medianeiras en Campoamor, 16 (Oviedo), boa mostra dunha arquitectura que se entende como construción da cidade.

Este recoñecemento exterior repercutiu inequivocamente dentro do núcleo aludido, contribuíndo a reforzar os seus afáns o premio obtido en 1980 no concurso para o Centro Cívico de La Vaguada madrileña polo equipo de J. M. Caicoya, M. García García e J. R. Alonso Pereira (t. 1979 e 1977), premio que todo o grupo asentiu como propio.

Quedaría incompleta esta Crónica se omitísemos unha breve referencia a dos feitos de signo profesional, pero que non estiveron exentos de significado arquitectónico no seu momento. Foron estes a creación do Colexio de Arquitectos de Asturias en abril de 1981 e o proceso de reflexión sobre a profesión que culminaría no Congreso Nacional celebrado en Granada en novembro de 1981, pero que tivera en Asturias notable importancia nos dous anos anteriores.

5. J. Fombella e A. Rami (1980-82).
Vivenda unifamiliar en La Carrera (Siero), de análogo neo-racionalismo espotáneo.



3. J. Aranda Iriarte (1978). Torres estrelas no Natahoyo (Xixón) de formas abertas e deliberadamente irraciona-listas.

7. F. Nanclares, N. Ruiz e J. R. Alonso (1980-82). Instituto de Burela (Lugo), resultado do Concurso Nacional de Centros Escolares (1979).



142 SEGUNDA ETAPA
1982 - 1983

Aprobada polas Cortes Xerais en decembro de 1981 a autonomía efectiva do Principado de Asturias —a primeira autonomía da entón chamada «vía lenta», de competencias reducidas e medios económicos aínda máis reducidos—, Rafael Fernández vai ser ratificado no cargo de Presidente na marxe do ano e medio que vai ata a celebración das eleccións. Esta segunda etapa é, pois, unha etapa transitoria que en gran medida se pode considerar vinculada ó período anterior a efectos arquitectónicos, pero que indudablemente ten os seus caracteres propios no campo urbanístico onde o Principado vai asumir a totalidade das competencias.

O cambio de persoas é mínimo, pero xa se percibe a nova orientación marcada por Terán, onde tanto este como Rañada ou Balbín empezan a leva-las rendas do urbanismo asturiano desde a Consellería ou desde os encargos iniciais de planeamento en Xixón e Avilés, respectivamente. Arredor deles xuntárase pouco a pouco unha pléiade de xoves profesionais que irá extendendo o novo modo de facer a tódolos Concellos e Mancomunidades nos que se irá reagrupando territorialmente o mapa asturiano.

Na orde arquitectónica quizais o carácter máis claro sexa o de «meseta»: mantéñense as cotas acadadas na etapa precedente, pero un pouco á espera; coa ilusión, aínda que sen o empuxe dos primeiros días. En canto á actividade edilicia, maniféstase unha evidente recesión nos encargos privados que aínda non se ve compensada polo encargo público, por outra parte procedente na súa práctica totalidade aínda de Madrid.


Cabería destacar nesta etapa a atención prestada desde a Administración ó hábitat rural a través, tanto da normativa urbanística que leva ó campo normas de decoro arquitectónico tradicionalmente propias das cidades, como da indagación na tipoloxía da vivenda a través dun Concurso de Proxectos (1982) con alto número de premios e escaso número de realización prácticas. Foi este un dos dous únicos concursos celebrados en Asturias no período, sendo o outro o da Casa da Cultura de Avilés (1982), gañado polos madrileños J. L. Arana e M.^a Aroca (ts. 1966) e no que o equipo Caicoya-García-Alonso obtivo un digno segundo premio, revalidado novamente na concesión ós dous primeiros do Premio Asturias de Arquitectura 1983 pola Casa-Cuartel da Garda Civil en Piedras Blancas (1980-82), edificio este que no seu afán de sobriedade conceptual e no seu control da forma arquitectónica poderá considerarse como a obra paradigmática do período.


Un período —repito— de «meseta», pero aínda ilusionado. Así, cando en xullo de 1983 se escribe a «Arquitectura asturiana dos séculos XIX e XX» poderá rematarse a referencia á actualidade apuntando como Asturias viña a situarse nese momento «nunhas posicións de avanzada que había moito tempo que non coñecía».



8. J. A. Pérez Lastra e N. Tellado (1982). Serie tipolóxica premiada no Concurso para a mellora do Hábitat Rural, xerada por un núcleo servinte e tres muros de carga.

9. J. M. Caicoya e M. García (1980-82). Casa-Cuartel da Garda Civil en Piedras Blancas, obra paradigmática da recuperación disciplinar en Asturias nos primeiros anos oitenta.





12. P. F. Guerrero e R. Riestra (1987). Instalación comercial en Xixón que exemplifica a aproximación dos profesionais da arquitectura cara o deseño, tan enfatizado nestes anos.

10. J. A. Pérez Lastra (1986-87). Instalacións deportivas en La Morgal (Llanera), excelente exemplo da arquitectura institucional do momento, foi Premio Asturias en 1988.



11. L. Aldecoa, A. Toribio, J. R. Alonso e A. Menéndez (1985-87). Edificio de vivendas en Oviedo, interesante gradación desde a escala da cidade ata o deseño elemental.

TERCEIRA ETAPA 1983 - 1987

Tralas eleccións da primavera de 1983, o PSOE asume o goberno do Principado por maioría absoluta, co xove avogado xixonés Pedro de Silva á súa fronte. Coas transferencias de competencias xa producidas e en plena sintonía co Goberno de Madrid, a promoción pública vai marca-la tónica dun período de reconversión industrial e suspensión xeneralizada de licencias de edificación por motivos urbanísticos, e onde a iniciativa privada aparece desdebuxada ou a remolque da Administración.

Este período —núcleo medular da década— será, pois un período de arquitectura institucional e supón o desprezo das potencialidades implícitas nos períodos anteriores, afrontado desde a visión optimista xeneralizada que xa mencionamos.

No campo urbanístico poténcianse e consolídanse os impulsos anteriores, chegándose a incidir na revisión do planeamento ovetense encargando a mesma a unha comisión técnica dependente directamente da Alcaldía. O resultado un tanto neutro do Plan de Oviedo (1985) contrastará co brillantísimo do Plan Xeral de Xixón do equipo de Rañada, Premio Asturias en 1985, accésit nos Nacionais de Urbanismo dese mesmo ano, e que mereceu ser publicado nas principais revistas do momento. Xunta deles, dun modo menos espectacular, estarían as propostas de Balbín e os seus discípulos que, na súa maneira complexa de entender a cidade e as relacións desta co medio rural e semi-rural, marcarían unha interesante aportación asturiana ó campo do urbanismo e darían, en definitiva, o selo propio ó planeamento de toda a década.

Completamente á marxe de planeamentos especiais ou de protección patrimonial, a Consellería de Cultura comezará a recibir e a exercitalas súas primeiras competencias en materia de Patrimonio Histórico-Artístico, mantendo case sen cambios a estrutura administrativa anterior e cun presuposto ridículo polo raquíto, mal aproveitado por unha torpe política de obras menores que repartiu a miseria presupostaria entre case un centenar de arquitecturas monumentais, cunha media de tres millóns de pesetas por intervención. Os desastrosos resultados desta política foron reiteradamente denunciados por distintas forzas profesionais e culturais, sendo sistemáticamente ignorados pola Administración que só nos últimos tempos parece querer reconducilo proceso.






15. M. Sánchez e F. Gordillo (1987). *Rehabilitación de arquitectura indiana para novo Centro de Saúde de Luarca, coidadosa ata o escrúpulo co detalle e co deseño elemental.*



13. A. Toribio e A. Menéndez (1986-87). *Instalación de hostelería en Llanes, bo exemplo de moderna urbanidade no medio rural.*



14. J. R. Fernández Molina e J. González Moriyón (1985-87). *Instalación hotelera en Ponga (Picos de Europa), reforma integral dunha antiga casona rural, incorporándolle a profesionalidade e o deseño contemporáneos.*

Máis positivo sen dúbida sería o labor efectuado por N. Tellado (t. 1978) desde a Dirección de Deportes da mesma Consellería, que ía substituíndo os encargos a veteranos profesionais do deporte por encargos a xoves profesionais da arquitectura, os que a través de estruturas dignas e económicas ían cualificando puntualmente sectores urbanos máis ou menos marxinais. Así L. Vicente e B. Bordiú (ts. 1983) en Oviedo; F. Díaz Miranda (t. 1984) en Riosa; E. e M. Hernández Sande (t. 1981) en Navia; F. Gordillo e M. Sánchez (t. 1980) en Luarca; J. Baldó (t. 1979) en Villaviciosa; J. M. Caicoya (t. 1979) en Belmonte; A. Toribio e J. R. Alonso (ts. 1977) en Llanes, etc. Conxunto todo el de obras cunha calidade que quedará ben recoñecida coa concesión do Premio Asturias de Arquitectura ás instalacións deportivas de La Morgal - Llanera (1985-87) de J. A. Pérez Lastra (t. 1979), excelente exemplo da arquitectura asturiana contemporánea.

No campo da vivenda pública —moito menos brillante que o anterior— a tónica do período virá marcada pola elaboración e posta en práctica dun tímido plan cuatrienal de vivenda 1984-87, que tivo como maior mérito o notable grao de cumprimento práctico, moi superior ó discretísimo nivel arquitectónico alcanzado.

Iso contrasta claramente coa énfase no deseño que vén se-la característica xeral máis difundida da década dos oitenta e que, obviamente, tamén caracteriza á arquitectura asturiana do momento. Sen embargo este deseño aparece máis ou menos ausente na edificación «maior», relegándoo polo xeral ós ámbitos «menores» da decoración, o interiorismo, o amoblamento e, mesmo, a tipografía, non sempre cultivados polos profesionais arquitectos. Entre estes últimos, refinados artífices do detalle, debe destacarse a J. R. Fernández Molina (t. 1978), o máis culto e preocupado de todos; ó equipo Nanclares (t. 1971) cunha profesionalidade recentemente galardonada co Premio Asturias; a B. Díaz Prieto (t. 1980) de fecunda inventiva calquera que sexa a escala da súa actuación; a P. F. Guerrero e R. Riestra (ts. 1983 - 86), imaxinativos deseñadores de instalacións comerciais; a A. Toribio e A. Menéndez (ts. 1977 - 84), que estenden o deseño ó medio rural o mesmo que M. Sánchez e F. Gordillo (ts. 1980), coidadosos ata o escrúpulo co detalle e co deseño elemental; a M. García Pola e C. Marqués; ou, finalmente, a A. Diego Llaca (t. 1982), exquisito autista. Xunta deles debemos mencionar a Chús Quirós, ou ó equipo nucleado arredor de Bureau-70 e a Begoña Muñoz, deseñadora de «Cota Cero», revista do Colexio de Arquitectos citada pola prensa nacional como exemplo «da beleza do correcto».

Precisamente a creación en 1985 desta revista será o mellor paradigma da actitude que caracterizaría neste período a arquitectura asturiana. Como dicía de si mesma: «'Cota Cero' pretende ser un feito cultural de carácter plural, e está aberta ás distintas modalidades de entendemento da Arquitectura na súa unidade e na súa diversidade: edificación e edilicia, planeamento e deseño urbano, interiorismo e design, teoría e crítica de arquitectura e das artes aplicadas, etc...».

CUARTA ETAPA 1987 - 1990

Celebradas eleccións municipais e autonómicas na primavera de 1987, De Silva e o partido socialista repiten mandato, aínda que con resultados algo máis recortados que en 1983. A reconversión industrial e a crise económica xa se poden dar por finalizadas, e empeza unha última etapa continuista, si, pero de impulso económico maior, anque políticamente máis confusa. Por outra parte, a iniciativa privada pode darse por recuperada, e hai intentos evidentes de competir directa e mesmo victoriosamente coa Administración.

Con ser importantes estes factores, parece máis interesante destacar aquí outros dous aspectos contrastantes anque complementarios entre si. O primeiro é o incremento progresivo no sistema de concorrencia pública de profesionais como medio de adxudicación das arquitecturas importantes ou comprometidas para a cidade. E o segundo é o incremento progresivo do sistema de encargo directo a un profesional prestixioso, sempre foráneo, que avale co seu nome ou coa súa «marca» a idoneidade dunha operación arquitectónica importante ou comprometida para esa mesma cidade. As dúas son caras opostas dunha mesma moeda, e reflexan en España en xeral e en Asturias en particular o carácter mediático e propagandístico da arquitectura do presente.


Volvendo ó primeiro dos aspectos citados, merecen destacarse varios concursos públicos que nos últimos anos marcaron o panorama asturiano. Así en 1984 o concurso para a ordenación de Praza da Escandaleira e os seus arredores en Oviedo, tan ambicioso nos seus planteamento como exiguo nos seus premios, gañado polo equipo formado por M. García Pola, C. Marqués e J. Palacios (ts. 1982) cunha esmeradísima proposta, pronto descoidada polo Concello. Así, en 1985 o concurso para a ordenación do Parque de Inverno, tamén en Oviedo, no que foron vencedores J. Murias, A. García Juliana e R. García Conde (ts. 1978-83), que si lograron ver executada a súa idea. Así, en 1987 o concurso para a creación dunha cidade industrial no val do Nalón pola reconversión das antigas estruturas fabrís, gañado ex aequo por B. Díaz Prieto (t. 1980) e por R. F. Rañada e G. Zarracina (ts. 1966-75) con propostas que primaban o deseño e o planeamento respectivamente, tal como cabía esperar da traxectoria profesional dos seus autores. Así, en 1988 o concurso para a creación dun centro cívico-administrativo no Polígono de Buenavista de Oviedo, no que foron premiados E. e M. Hernández Sande (t. 1981) cunha intelixente proposta de ordenación de volumes moi ben desenvolvida en tódolos seus detalles. E, así, por último, en xuño de 1990, co concurso do Pavillón asturiano na Exposición Universal de Sevilla, gañado por uns arquitectos cataláns cunha proposta considerada por moitos como trivial.

Con respecto ós encargos exteriores ou «de prestixio», merecen recordarse a restauración do Palacio de Revillagigedo en Xixón, traballo realizado por E. Pérez Caveda (t. 1971). Ou a chamada Estación Jovellanos en Oviedo, que arquivando os resultados dun concurso previo, FEVE encargou a A. Vélez Catraín (t. 1968). Ou o Pavillón Municipal dos Deportes de Xixón, encomendado a S. Pérez Arroyo (t. 1973), quen contaría coa colaboración do arquitecto xixonés R. Palat (t. 1969). Ou, para rematar, e como mostra paradigmática, a concesión en 1989 do Premio Príncipe de Asturias das Artes a Oscar Niemeyer (n. 1903), competindo curiosamente na votación final con Félix Candela (n. 1910).


En todos estes casos, e por riba da innegable calidade das persoas e das súas obras, hai que suliña-la capacidade de comunicación que imprimen á mensaxe arquitectónica. O que parece indicar que, nesta situación de «individualismo» colectivo» na que nos movemos ó final do milenio, o que se prima hoxe en Asturias non é senón a «marca de arquitectura».

A Coruña, xuño 1990.


16. M. García Pola, C. Marqués e J. Palacios (1984). Primeiro premio no concurso para a Praza da Escandaleira de Oviedo, coidadísima proposta, lamentablemente non executada.



17. B. Díaz Prieto (1987). Primeiro premio no concurso da cidade industrial do Nalón, para reconversión dunhas antigas estruturas fabrís á nova industrialización, tecnolóxica e limpa (en execución).



18. E. e M. Hernández Sande (1988). Primeiro premio do concurso para centro cívico-administrativo en Oviedo, intelixente ordenación de volumes ben desenvolvida en detalle.



A PRAZA DA ESTACIÓN DE VIGO

Felipe Peña Pereda

146

No OBRADOIRO 16 publicábase un artigo firmado por Xaime Garrido, baixo o título «O patrimonio vigués á deriva». Por alusións ó arquitecto Felipe Peña Pereda, este fíxonos chegar o primeiro proxecto que enviou ó Concello de Vigo como proposta de Remodelación da Praza da Estación. O Consello de Redacción, considera o seu deber a publicación deste material, co fin de aportar información de primeira man nesta polémica que se está a producir polo deterioro do patrimonio vigués e a súa posible destrución ou remodelación.

INTRODUCCIÓN

O presente documento é un avance de proxecto da ordenación e acondicionamento da Praza da Estación de Vigo.

Os traballos comezan a mediados de xullo de 1987, tras uns primeiros contactos co Ministerio de Transportes, nos que se plantexa a necesidade de dar unha solución ó conxunto da Praza e arredor da vella estación ó non considerarse viables polo Ministerio mencionado as propostas existentes. Tralos primeiros estudos no lugar, faise unha proposta provisional de ordenación na que destaca en primeiro lugar o mantemento da vella estación. Dita proposta provisional é aceptada polo Ministerio a finais de xullo de 1987.

Mantéñense contactos co Concello, técnicos municipais, obténdose diversas informacións sobre a vella estación, a nova, a posible instalación doutra de autobuses, etc. Tamén se manteñen contactos coa empresa constructora que traballa na nova estación obtendo diversos datos do terreo e indícaselles a parte da vella estación que non debe ser demolida.

Os elementos da proposta provisional desenvólvense con todas estas informacións e a reflexión conseguinte a través da súa representación gráfica, sendo o resultado do presente documento.

A discusión e corrección deste documento por tódalas entidades e institucións implicadas dará lugar ó desenvolvemento do correspondente documento técnico de Proxecto.


A PRAZA DA ESTACIÓN

O tema de Proxecto empeza nun gran desnivel que interrompe a continuidade urbana da Praza por un inmenso lado diagonal. Polo seu lado norte, en cambio, concentra un fervedoiro de peatóns e coches, que por unha estreita sección se introducen nela para dirixirse á estación ou simplemente para aparcar.

O edificio da vella estación preside esta Praza mais agora convértese no seu centro dividíndoa en dúas partes de características ben distintas. O obxectivo do proxecto é dar forma a estes temas xa planteados polo lugar e que a entrada en funcionamento da nova estación permite xa claramente realizar.



A vella praza sen circulación nin aparcamento de vehículos convértese nun lugar urbano de paso, estación, xogo, etc. A nova praza, entre o vello edificio e a nova estación, recollería o movemento febril de coches, taxis e individuos apresurados que van, veñen, ou agardan arredor dela onde se sitúan os locais de servizos, comercios, etc. Moi próximas, tanxente a eles pero noutro ámbito, as actividades cívicas e culturais refúxianse no vello edificio e a vella explanada que agora é unha praza.

Converter o un no outro é doado cando estamos no centro dunha cidade e nun lugar cunha gran atracción funcional, ó dispoñer de tódolos elementos. Trátase simplemente de darlles forma, corrigir algúns «mecanismos» e pontenciar outros.



O LUGAR: DE VIGO A BENAVENTE POR PÓBOA DE SANABRIA

O camiño de saída cara Ourense e Castela comeza a ter unha decidida condición urbana na normativa de 1926, pero a súa orixe está na decisión (Real Orde) de 1803, que só se executa corenta anos máis tarde, de construír unha estrada de Benavente a Vigo por Póboa de Sanabria como consecuencia do gran incremento do movemento portuario deses anos, consecuencia á vez, da rápida industrialización ó terse mellorado os procedementos de extracción (a xábega) e conservación da pesca (a salgazón). A necesidade desta comunicación eficaz e a súa construción de maneira rotunda, prescindindo dos camiños históricos de saída, marcan o plano de Vigo (o de Coello e Madoz de 1956) cunha liña recta de varios kilómetros que ascende pola leira de Lavadores. Ó pé mesmo desta vía, sostida por un zócalo de cantería, que se realiza ó construí-la estación, encontramos a Praza da Estación.



A obra pública, como tantas veces ó longo da historia (pontes, calzadas, torres, etc.) a través de elementos cuantitativos e funcionais, alcanza altos grados de significación, constituíndose máis alá do seu uso práctico cotián en referencia colectiva e alcanza o carácter de monumento. A moderna cidade de Vigo xorde a fins do setecentos impoñéndose ás situacións administrativas de feito e abríndose a unha vertiginosa historia urbana que conduce á actual cidade en menos de século e medio.

147

O seu penúltimo episodio (antes da era dos Polígonos) é o ensanche que entre o Monte Castro e a primeira «nova poboación» do Arenal se agrupa arredor de García Barbón primeiro e logo consolídase en torno á saída cara Ourense (rúa Urzáiz). No centro dese ensanche, apresurado e excesivo en volume e conflitos, construído nos anos sesenta, está a Praza da Estación.

OS ELEMENTOS DO PROXECTO

O gran zócalo de cantería que soporta a vía (rúa Urzáiz) que vai da Porta do Sol a Castela, é o elemento que dá, coa súa presenza topográfica-monumental, un carácter singular ó conxunto. O seu tratamento pasa por non eludila súa presenza evitando que quede nese segundo plano ó ser un fondo, un final, no que está actualmente e estar mal iluminado e pouco soleado (orientación norte-nacente).

Establécese un acceso desde o sur da Praza, salvando un desnivel de doce metros, mediante unha escaleira de gran desenvolvemento, case unha rampa, que se adapta ó talude natural, con iso conséguese unha nova vía de acceso á estación de ferrocarril e un novo itinerario urbano que será o único que atravesa a Praza na súa dimensión máis longa (Afonso XIII e Lepanto a vía norte).

O acceso directo á Estación de maior movemento é o que chega desde Afonso XIII e Lepanto, incluíndo ademais o de vehículos lixeiros. Esta entrada ábrese o máis posible para facilita-la visión da nova estación e orienta-la chegada. Á parede medianeira na que rematan os edificios de Afonso XIII, adócese un edificio da mesma altura (baixo e dúas plantas) de comercios e servizos ó público que acompañan a acera de entrada ata a fachada da nova estación. Na acera oposta está o edificio de actividades cívicas e culturais instaladas na vella estación. O itinerario de vehículos lixeiros (coches e taxis) redúcese á súa sección mínima (tres vías) nesta zona, xa que as paradas e o aparcamento teñen lugar máis adiante, fronte á nova estación.

A pavimentación de todo o conxunto será continua, de xeito que non se perda o plano do solo por ningún accidente (beiriñas, adornos, árbores, etc.) e así aparecer coa suficiente rotundidade facendo fronte ó muro protexido por unha marquesiña de vídeo e luz sobre unha liña de bancos que miran cara a praza.

Desde a zona que cerra a parede medianeira cun edificio comercial avanza unha estrutura que soporta toda a información precisa para o uso do ferrocarril así como a hora, a temperatura, etc. Todo iso nun pórtico lixeiro e luminoso que anuncia a presenza da Estación a tódolos itinerarios de tráfico da cidade. Á tardiña, coas primeiras luces artificiais, o muro ilumínase cun lixeiro resplandor que procede da marquesiña e que ilumina toda a praza. Na vía norte, lixeiramente ensanchada no seu punto máis alto, aparecen uns bancos en un miradoiro, pero todo, a ría, a Guía, a península de Morrazo, a ponte de Rande, etc., todo estaba xa alí antes de pavimentalo, poñe-los bancos, face-lo acceso pola vía norte, etc.

Nunha cidade rematada, adulta, é difícil ir máis lonxe dos valores que xa contén, só hai que ilumina-las cousas para que as xentes as vexan, as recorran, as usen, as lembren.

A posibilidade de instala-la Estación de Autobuses interurbanos nas proximidades da do Ferrocarril, é unha extraordinaria ocasión de concentrar estes dous servizos nunha zona céntrica da cidade compartindo accesos e aparcamentos, zonas comerciais e un equipamento cívico cultural como son a Praza da vella estación. Tódolos razoamentos anteriormente expostos consideran esta posibilidade dando o acceso de peatóns e vehículos lixeiros en común coa estación do tren, considerando que a entrada e saída de autobuses se realiza directamente á Autopista ou á rúa Afonso XIII, quedando como un reducto comercial e social libre de tráfico pesado a Praza. O acceso de vehículos resólvese cun T que separa os accesos a unha ou outra estación do T, desde o que se accede ós aparcamentos e que dispón dunha vía de entrada exclusiva para taxis.

OBRADOIRO

APUNTAMENTOS VARIOS EN VERBO DAS ORIXES HISTÓRICAS DA FRANCMASONERÍA ESPECULATIVA OU MODERNA

Alberto Valín Fernández
Doutor en Historia pola Universidade de Zaragoza

148

A pesar das nada escasas opinións dalgúns escritores francmasons, tanto do século pasado como do actual, que, empuxados por un a tódalas luces esaxerado agarimo pola súa asociación, tentaron darlle lustre e sona retrotraendo as datas das súas orixes ós dourados tempos das distintas «arcadas» persoais de cada un deles, así fosen estas de liña-xe xudía, clásica ou oriental, os raigaños da masonería contemporánea ocúltanse no mundo gremial da construción da Idade Media. Así, deste xeito, nas orixinais historias deses escritores «confesionais», xorden vestidos co nada esquivio mandil ritual, sobranceiros personaxes da mitoloxía e da historia como: Adán, Noé, Moisés, Hiram, Xesús de Nazareth, Alexandre Magno, Xulio César, Confucio, etcétera.

Como é sabido, o gremio da construción foi, dende a súa aparición no Medioevo, unha das corporacións laborais do Antigo Réxime máis prestixiadas social e xurídicamente. Por esta razón do privilexio, os cofrades destas agrupacións manifestaron, tamén dende sempre, un grande celo por preservar ou exclusivizar, os seus coñecementos artesanais, o seu segredo e admirada «arte real». Os mestres destas cofradías chegaban a ter —segundo os casos e as nacións— dereito de portar espada, como se de verdadeiros fidalgos se tratase; privilexio de libre desprazamento, estando entón por enriba das taraceadas e ríxidas trabas aduaneiras tan típicas, por outra banda, no modo de produción feudal; e ademais, podían achegar tal prestixio e sona no seu país, e ata nos países veciños como foi o caso do Mestre Mateo, que a súa popularidade podía competir con afamados reis, bispos, señores, ou xoglares. Por algo, da súa cabeza e das súas mans —como tamén das dos seus subalternos: compañeiros ou oficiais, e aprendices ou peóns— saían os castelos, os pazos, as catedrais, as abadías e as igrexas.

Para o historiador as fontes documentais que veñen demostrar esta orixe profesional da francmasonería, ou libre-canteiría como podería dicirse en galego, amósasen para él a partir do século da grande crise xeral do Baixo Medioevo, o XIV. E trátase dos diversos estatutos gremiais da arte da construción, nos que a semellanza de certas normas e requisitos entre eles e os que teñen os estatutos modernos das loxias ou grandes loxias de hoxe é certamente palmaria. Por exemplo, nos estatutos do gremio de constructores da catedral de Estrasburgo, estudados por Grandidier e dados a coñecer en España pola abondosa publicística do doutor Ferrer Benimeli, pode dicirse que as semellanzas entre moitos dos seus artigos e os dos contidos dos regulamentos das loxias masónicas actuais —sobre todo as que pertencen á masonería **regular**— son cáseque iguais, imos velo segundo a cita feita por Ferrer do libro de Grandidier:

«...la escuadra, el nivel, el compás, se convirtieron en sus atributos y símbolos característicos. Resueltos a formar un cuerpo independiente de la masa de obreros, imaginaron entre ellos palabras de contraseña, y toques, para distinguirse. A esto llamaban la consigna verbal, el saludo, la contraseña manual. Los aprendices, los compañeros y los maestros eran recibidos con ceremonias particulares y secretas. El aprendiz elevado al grado de compañero prestaba juramento de no divulgar jamás de palabra o por escrito las palabras secretas del saludo (art. 55). El deber de cada maestro de las logias era conservar escrupulosamente los libros de la sociedad a fin de que nadie pudiera copiar de ellos los reglamentos (art. 28). Tenía el derecho de juzgar y castigar todos los maestros, compañeros y aprendices establecidos en su logia (arts. 22 y 23). El aprendiz que quería llegar a compañero era propuesto por un maestro que, como padrino, daba testimonio de su vida y de sus costumbres (art. 65). Prestaba juramento de obedecer a todos los reglamentos de la sociedad (arts. 56 y 57). El compañero estaba sometido al maestro hasta un tiempo fijado por los estatutos, que era de cinco a siete años (arts. 43 y 45). Entonces podía ser admitido a la maestría (arts. 7 y 15). Todos aquellos que no cumplían los deberes de su religión, que llevaban una vida libertina o poco cristiana o que eran reconocidos infieles a sus esposas, no podía ser admitidos en la sociedad o eran expulsados de ella, con prohibición a todo hermano maestro o compañero, de tener ningún trato con



The Arms of the Operative or Stone Masons

Escudo de armas do gremio da masonería operativa ou canteiría inglesa. Desta corporación artesanal procede historicamente a masonería especulativa ou moderna.



Xilografía alemá do século XVI, representando o traballo dos canteiros na súa loxia.




Señais lapidarias dos canteiros, ademais de amosaren unha sorte de selo de honra personal do canteiro —recibido no día da súa recepción como compañeiro, ou herdado do seu pai— a marca certificada os sillares escudados por él cara ó cobro do seu salario semanal, e demostraba a propiedade das súas ferramentas.



Selo do século XV da grande cofradía dos mestres, oficiais e aprendices canteiros de Estrasburgo.



Medallón de arquitrabe do fermoso e enigmático claustro plateresco do Convento das Dueñas (s. XVI), representando a Deus como o Grande Mestre de Obras ou Arquitecto do Universo.



Quizais procedente do influxo da canteiría monacal, algúns monxes galos adicados a ilustración de Biblias, puxéronlle na man dereita a Deus un compás de canteiro, convertindo, dese xeito teolóxicamente tan pouco ortodoxo, ó Deus cristián no Grande Arquitecto do Mundo. Miniatura dunha Biblia francesa do século XIII, con clara influencia estilística bizantina.



Outra representación similar de outra Biblia gala da mesma época. Enriba dela lese a seguinte lenda: «Eiquí crea Deus os ceos, a terra, o sol, a lúa e todo-os elementos».

ellos (arts. 16 y 17). Ningún compañeiro podía salir de la logia o hablar sin permiso del maestro (arts. 52 y 54). Cada logia tenía una caja: allí se ponía el dinero que los maestros y compañeros daban en su recepción. Este dinero era empleado para las necesidades de los hermanos pobres o enfermos (arts. 23 y 24).*

Máis tarde, e a medida que o **boom** constructivo da época das grandes catedrais vaia decaendo, as cofradías dos mestres canteiros irá perdendo forza e prestixio, véndose relegadas en certa maneira pola aparición das primeiras academias e, con elas, o xurdimento dun novo e poderoso personaxe no mundo da edificación: o arquitecto. Entón, aquela esotérica idiosincrasia de simbólicas ensinanzas, segredos toques de recoñecemento, alegóricas deontoloxías, máxicas cosmogonías —onde os masóns operativos chegaban a representarem ó mesmo Deus como un grande e sublime mestre canteiro constructor do universo—, e linguaxes especiais e crípticas como o noso peculiar **verbo dos arginas** ou **arxinas**, vaise ir perdendo co paso dos anos e das xeracións, empuxados pola voráxine dos novos costumes productivos do nacente modo de produción capitalista.

Nembargantes, esta calada e resignada postura de deixación ante a total decadencia do que fora o importante gremio da cantería, non se dará da mesma maneira e co mesmo grao de obsolescencia en tódolos países, dándose outros ademais rasgos particularísimos, como foron os casos coñecidos, e constatados documentalmente, de Escocia e Inglaterra, casos estes cen por cen orixinais amén de trascendentes, e no que, ó longo do século XVII, imos apreciar cómo a meirande parte das súas loxias vanse encher paulatina e progresivamente de xente completamente allea ó gremio: serán ós chamados **accepted-masons**, unha especie de membros honorarios que tiñan que pagar dobre cuota pola súa recepción, e que obviamente se sentían atraídos pola curiosidade de poder achegarse ó coñecemento da arte da xeometría e poder participar do esoterismo tan típico das cousas daquel gremio. Este aceptado intrusismo de médicos, maxistrados, ricos mercaderes, e ata aristócratas, foi copando, como dicimos, pouco a pouco as loxias dos vellos constructores, chegando xa ó final desa centuria por seren, en moitos deses obradoiros, os únicos membros. Así non é de extrañar que no ano 1717, catro loxias dese tipo, é dicir, loxias xa cen por cen especulativas, decidiran federarse creando o que será ata hoxe a Gran Loxia de Inglaterra (na actualidade co nome de Gran de Loxia Unida de Inglaterra), nacente entón dende ese momento para a historia universal o que se coñece hoxe como masonería.

* FERRER BENIMELI, J. A. **Masonerías, Iglesia e Ilustración**. I. Madrid, Fundación Universitaria Española, 1983, p. 21.

IGLESIA PARROQUIAL EN SANTA CRUZ (LA CORUÑA)

Miguel Fisac

Página 28

El programa, no completado aún, de la iglesia de San Cruz, comprende un complejo parroquial con todos sus servicios.

En una primera etapa se han realizado la iglesia, guardería infantil y dispensario médico.

El solar es una pequeña planicie con maravillosas vistas a la Bahía de La Coruña y en él se ha situado como pieza esencial el templo, remarcado con una alta torre-campanil. La guardería infantil y el dispensario médico están totalmente independientes pero formando un solo conjunto arquitectónico que forma contrapunto volumétrico con la iglesia.

La construcción está totalmente realizada en hormigón armado ejecutado «in situ» a excepción del techo, también de hormigón armado pero prefabricado en piezas realizadas a pie de obra. Tanto el exterior como el interior de la iglesia y demás espacios habitables se mantienen en su propia calidad y la textura de su encofrado de madera que ha sido realizado con gran esmero por don Julio Mañanas González, albañil local.

La iglesia tiene forma de abanico, en planta, algo desfigurada por las superficies curvas convexas, por el interior, para conseguir efectos dispersivos del sonido.

El presbiterio queda claramente compartimentado en un núcleo formado por el ambón y la sede, para la liturgia de la Palabra; y otro por el altar, para la liturgia del Sacramento.


Una amplia plataforma en el antepresbiterio está concebida para poderse en ella realizar los sacramentos de vivos.

Directamente enlazada con el presbiterio se sitúa la capilla del Santísimo Sacramento que tiene también acceso directo por la nave.

Un gran crucifijo en bronce obra del escultor Pablo Serrano, así como una imagen de la Virgen, obra de José Luis Sánchez presiden el presbiterio.

Un amplio atrio, el recinto para los sacramentos de muertos: bautismo y confesión, así como la sacristía; se sitúan en la parte posterior del templo.

Todo el conjunto está concebido plásticamente como sucesión de recintos engendrados por muros curvos verticales concatenándose en una fluida disposición dinámica.



UNIVERSIDAD LABORAL DE LA CORUÑA

Xan Casabela López

Página 34

¡Os..., si parece una obra de Noguera!

exclamó, sorprendido, aquel alumno de 5.º curso de la Escuela de Arquitectura de La Coruña, cuando fue a visitar a su amigo que vivía en la Universidad Laboral.

Efectivamente, si no fuese por un lamentable estado de conservación, parecería una obra recién construida, con esa formalización tan en boga para algunos arquitectos. Rápidamente se nos levanta la pregunta, ¿será que esta arquitectura era muy avanzada para su tiempo, o hoy, ya faltos de ideas, se tiene nostalgia «formal» de lo que se hacía hace 25 ó 30 años?

Cualquiera que sea la respuesta, este complejo arquitectónico, sorprende por su frescura conceptual, su rigor compositivo y lo avanzado de sus propuestas funcionales. Pero, sin embargo, sorprende por su deficiente conservación, que se mantiene gracias a grandes gastos de mantenimiento y reposición, si lo comparamos con lo que se gasta por igual motivo en la Universidad Laboral de Gijón, construida unos años antes (1955-56). Surge aquí otro problema que es el de cuánto debe durar un edificio para equipamiento.

J. López Zanón opina que los edificios escolares, en particular, debían ser baratos de construcción (esta Universidad lo es, porque apenas costó en su momento unas 1.750 ptas./m²) y al cabo de 20 ó 30 años, demolerlos para hacer equipamientos nuevos (en su lugar).

Quizás esta opinión, que llevó a la práctica en la construcción de cuantos edificios escolares realizó en aquella época, esté muy influida por el arquitecto americano Kump, especialista en edificios de este tipo en Norteamérica y que había colaborado con Zanón y Laorga en las viviendas de la base americana de Torrejón; L. Moya, tenía, supongo yo, y a juzgar por el planteamiento de la Universidad de Gijón, un concepto deste tipo de edificios completamente opuesto y más acorde con la académica opinión de monumento en cuanto a referencia intemporal en la ciudad; A. de la Sota, opinaba, cuando se planteó la necesidad de restauración del Polideportivo de Pontevedra, que en cualquier edificio moderno, es necesario distinguir entre la parte estructural y la de cerramiento; la primera deberá ser estable y duradera, mientras que la segunda podrá ser de materiales más perecederos y deberá reponerse siempre que sea necesario, sin que eso suponga grandes gastos y desde luego sin modificar sustancialmente la imagen original, como demostró en la reciente restauración del Gobierno Civil de Tarragona.

Entrando en la historia de la Universidad Laboral de La Coruña, la primera de tipo marítimo de las realizadas hasta ese momento, hay que decir que surge de un Concurso convocado al efecto en 1960, desarrollo a su vez de una ley de mayo de 1959, y que se remite a otra de 1956, en la que se decide crear las UU.LL. siguiendo ejemplos similares del extranjero, particularmente la Universidad del Trabajo de Charleroi (Bélgica). La partenencia se debe enteramente al Ministerio de Trabajo del que era titular Girón de Velasco.

La idea base de la concepción de la UU.LL., es que son centros docentes dirigidos a perfeccionar a los alumnos en el plano técnico profesional, y dirigidas fundamentalmente a los hijos de los trabajadores. Casi todos los edificios se construyeron mediante proyectos seleccionados en concursos.

El equipo, formado en 1955, por López Zanón y Laorga, ganó varios de estos concursos, siendo posteriormente construidos la de Cáceres (1967), Huesca, etc. (ver fotos).

El proyecto de La Coruña, se realiza en 1961 comenzándose las obras en ese mismo año. La primera fase del complejo se finaliza en 1963, siendo inaugurada por los «jefes veraneantes» en 1964 (ver foto aérea). En 1967, se fue ampliando con más pabellones y talleres con proyecto de los mismos arquitectos. Finalmente en 1973, se realizaron la piscina, polideportivo y club de alumnos por el arquitecto coruñés Miguel Silva (foto).

La obra de La Coruña, la realizaban simultáneamente los autores con otra de programas similares, pero situadas en geografías bien distintas. ¡Y qué diferentes resultados cosecharon en cada caso! Evidentemente buscaron referencias locales en cada Universidad; en la de La Coruña, la construcción de mampostería era bien conocida por López Zanón, pues él es natural de Ferrol, y conoce bien la utilización que de este material se hace en las construcciones populares, recordándose particularmente, según sus propias palabras, de las perfectas mamposterías de la zona de Nabela, cerca de Lugo. Las razones de la utilización de estos materiales «regionales», tan lejanas de las preocupaciones estéticas de los arquitectos del «régimen» como Moya, quizás tengamos que buscarlas en el impulso y divulgación que por estos años tuvo la obra de Alvar Aalto (fuera llamado por esos señores a dar conferencias en Barcelona y Madrid), y en el caso de Zanón y Laorga en la influencia Wrightiana que pudieran tener a través del arquitecto americano Kump. Pero, como era también muy propio de esos años, los arquitectos no renunciaron a la utilización de la más moderna tecnología a su alcance, con arriesgadas estructuras de vigas metálicas, soberbios aleros de hormigón armado, amplias superficies de mallas espaciales, o modernas cubiertas de cobre. Es necesario señalar aquí, que no hay ningún seguidismo de la arquitectura popular, antes al contrario, se aprovecha de ésta solamente aquello que aún puede ser actual y se corrige con la nueva tecnología aquello que era mejorable como los aleros, por ejemplo, de tan poca tradición en Galicia, pero de tan buen resultado en zonas de lluvia.


La planta del complejo se realiza siguiendo una retícula, lo que le permite absorber fácilmente las diferentes fases de ampliación. La retícula se irá llenando de pabellones aislados volumétricamente pero conectados por porches. De esa forma, cada pabellón se va conformando de acuerdo a resolver óptimamente las prestaciones de iluminación, ventilación, aislamiento, circulación, funcionamiento, etc., para lo que están destinados. La mayoría de los pabellones están destinados para aulas, pero también existen otros para servicios, gimnasio, rectorado, capilla, talleres y residencias.

Estas UU.LL. de J. López Zanón y L. Laorga, así como otras de J. Cano Lasso y otros, me hacen pensar en las contradictorias actitudes que pudieron existir en los años de la dictadura de Franco, y ponen de manifiesto la carencia de criterios unitarios para las obras promovidas desde el Régimen. Al lado de las obras institucionales ancladas en un estático, reaccionario, glorioso e imperial, concepto de la existencia (UU.LL. de Gijón, Sevilla, Córdoba, Alcalá), vemos otras, como la de Valencia, Huesca, La Coruña, Orense, etc., que las podríamos considerar como el germen de una nueva manera de entender la vida, más dinámica, menos grandilocuente y más humana, prefiriendo antes la renovación constante que el estatismo intemporal.

Esas diferenciaciones son aún, lamentablemente, palpables dentro de esta sociedad «democrática», quizás porque corresponden más a

la naturaleza humana que al régimen político imperante; por eso pensamos que es pertinente su reivindicación, como actitud, ante la creación arquitectónica.

La Coruña, junio 1990



PROYECTO DE CENTRO DE FORMACION PROFESIONAL Y PERFECCIONAMIENTO DE MODALIDAD MARITIMA, EN LA CORUÑA

Página 36

MEMORIA 1960

Esta Universidad Laboral, primera de tipo marítimo, tiene por objeto la enseñanza de profesiones y técnicas relacionadas con la actividad pesquera y marinera.

El elemento estudiantil, cifrado en mil alumnos, se compondría en principio, de 800 externos y 300 internos para equilibrarse por mitades en una segunda fase.

Se han articulado las funciones fundamentales de enseñanza, trabajo, y residencia con las de rectorado, administración y servicio de comidas para 1.000 plazas.

El conjunto se ha concebido en desarrollo horizontal, con predominio de planta baja, con cubiertas de grandes dimensiones jugando con los volúmenes y caídas de faldones, todo plegado a la topografía, quedando enlazados los pabellones por galerías cubiertas, despegadas del suelo lo que le da aislamiento y ligereza.

Destacan en altura los dormitorios de estudiantes en pabellones de tres plantas, situados en la parte más alta del terreno.

FE DE MEMORIA DE 1961

Se ha tenido muy en cuenta las condiciones climatológicas de la región, tanto en la composición general, como en la elección de materiales y soluciones constructivas. La humedad y fuerte régimen de lluvias, así como el bajo nivel de iluminación, y la ausencia de temperaturas extremas son los datos más importantes para considerar.

